

Arquitectura e oficios en Galicia. Perspectivas de futuro



Título:

Arquitectura e oficios en Galicia
Perspectivas de futuro

Coordinación:

Luz Paz Agras

Autoras/es:

Luz Paz Agras
Fernando Agrasar Quiroga
David Peón Pose

Estudiante colaboradora MUA – ETSAC:

Noelia Vázquez Abelenda

Imaxe de portada e separadores:

Portada: Rehabilitación de casa
no Murazón, Codesido -Vilalba (Lugo).
Arquitectas: Luz Paz Agras, Marta Marcos
Maroño, 2024-25.
2. Chalé para Daniel Vázquez, Vigo.
Arquitecto: Xosé Bar Bóo, 1963.
3. Centro de Formación Profesional.
Fundación Laboral de la Construcción,
Santiago de Compostela.
Arquitectos: Víctor López Cotelo,
Ángel Panero, 2017.
4. Pavimento na Praza do Obradoiro,
Santiago de Compostela.

© das imaxes de portada e separadores:

Luz Paz Agras

Este documento

pode consultarse tamén

no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

I.S.B.N.:

978-84-09-70488-0

Depósito legal:

C 370-2025

Arquitectura e oficios en Galicia.

Perspectivas de futuro

Luz Paz Agras (coord.)
Fernando Agrasar Quiroga
David Peón Pose

07	1. Introducción Obxectivos do informe Metodoloxía Ámbito de estudo
15	2. Os oficios da construción: derivas contemporáneas A construción como patrimonio A rehabilitación como proceso O accesorio e o necesario Os oficios como xesto de identidade A poética dos oficios Bibliografía
23	3. Oficios artesanais e arquitectura galega Os grandes debates industria-artesanía Retos actuais A formación: a clave da pervivencia dos oficios artesanais Oficios e xénero a pé de obra Na procura de referentes Bibliografía
59	4. Oficios e economía Introdución Obxectivos do informe e delimitación das actividades económicas a analizar Actividades económicas analizadas Parte I. Relevancia dos oficios artesanais na economía galega Contexto xeral A industria manufactureira e o sector da construción na economía galega Tecido empresarial artesanal galego Parte II. Os oficios artesanais Obradoiros de artesanía rexistrados Contribución dos oficios artesanais á economía galega Bibliografía

87 **5. Conclusións**

97 **6. Liñas de actuación**

Anexo:

Conversas con...

Ángel Panero Pardo

Arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio
da Cidade de Santiago de Compostela

Daniel Lorenzo Santos

Director da Fundación Catedral de Santiago

Alejandro García Hermida

Director executivo da


Fundación Culturas Constructivas Tradicionales

David Alvariño Pérez

Director do CIFP de Cantería de Galicia
(Escola de Canteiros de Poio)

Cristina Molares Gómez

Artesá vidreira (Vidrieras Cosmo, Vigo)



Introducción

Introdución

O presente informe, “Arquitectura e oficios en Galicia. Perspectivas de futuro” redáctase a petición do CES-Galicia. Consello Económico e Social da Xunta de Galicia, por encargo formalizado á Universidade da Coruña, actuando como Investigadora Principal a Profesora Doutora Luz Paz Agras, membro do CISPAC - Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais.

Obxectivos do informe

Logo da redacción do informe “Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea”, para o CES-Galicia, por parte de investigadas/es da UDC, na súa maior parte membros do CISPAC, no que se abordou a situación deste sistema produtivo en termos globais, incorporando tódolos oficios artesanais recollidos na Orde do 12 de abril do 2017, que recoñece 88 actividades artesanais, procédese a aplicar unha lupa, facendo un zoom sobre aqueles que están vencellados ao mundo da arquitectura. Este conxunto ten uns límites difuso, tendo que ser ampliado e matizado, xa que a delimitación das actividades artesanais na construción require da determinación de criterios que conlevaran, necesariamente a día de hoxe, certa flexibilidade.

O informe parte da certeza da existencia dunha crise profunda dos oficios artesanais na arquitectura en Galicia, en gran medida, pola observación directa dos autores deste traballo vencellados ao mundo da arquitectura. Esta crise conleva a perda dun patrimonio construído que precisa destas actividades para pervivir; dun coñecemento valioso, forxado ao longo de séculos, que debería de continuar evolucionando coas innovacións actuais na arquitectura contemporánea e que, constitúe, en si mesmo, un patrimonio inmaterial de gran valía que alimenta e define a identidade cultural dun lugar; pero tamén da perda de oportunidades laborais para unha poboación nova que podería ver estes oficios como saídas profesionais cunhas necesarias boas condicións laborais pero tamén como as dedicacións vocacionais que son.

A Ley 9/2022, de 14 de junio, de Calidad de la Arquitectura¹, recolle no seu Artigo 2, apartado c), como un dos fins desta lexislación: “Impulsar a investigación, a innovación, a dixitalización, a industrialización e a creatividade, así como fomentar o coñecemento das técnicas tradicionais y locais”.

Este estudo, cun enfoque transdisciplinar, comeza cun achegamento á consideración das características e valores específicos destes oficios en relación á arquitectura galega, establecendo un marco teórico para o trazado da situación actual, para logo achegarse a unha diversidade de aspectos que afectan de cheo a estas actividades

¹ BOE. Ley 9/2022, de 14 de junio, de Calidad de la Arquitectura, BOE, 142, 15 de xuño de 2022.

na actualidade, como o tema clave da formación ou os aspectos específicos que os atañen desde unha perspectiva de xénero. Finalmente, dedícase un apartado específico ao estudo do balance económico.

O enfoque do traballo parte da base de entender que estes oficios constitúen, hoxe en día, un legado patrimonial inmaterial moi relevante na conformación da identidade da cultura galega, pondo en valor a súa vertente tradicional, pero, á vez, trata de evitarse unha aproximación nostálgica en favor dunha lectura da tradición como a progresión e evolución desas técnicas cara a contemporaneidade. Isto implica a consideración da preservación dos valores tradicionais e a incorporación das innovacións propias de cada momento, así como o entendemento da valía destes oficios na intervención sobre o patrimonio existente², pero reivindicando tamén o seu rol fundamental nos proxectos arquitectónicos de nova construción como recursos a non perder.

Metodoloxía

Para a elaboración deste informe cóntase cun equipo de profesionais que permite abordar o estudo desde distintos ángulos. Este está formado por investigadoras/es da UDC, membros do CISPAC:

Dra. Luz Paz Agras. Coordinación

[1. Introducción / 2. Oficios artesanais e arquitectura galega / 5. Conclusións / 6. Liñas de actuación / Anexo: Conversas con...]

Profesora Titular do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición da Universidade da Coruña.

Investigadora do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais. CISPAC.

Dr. Fernando Agrasar Quiroga

[2. Os oficios na construción: derivas contemporáneas]

Profesor Titular do Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición da Universidade da Coruña.

Investigador do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais. CISPAC.

Dr. David Peón Pose

[4. Oficios e economía]

Profesor Titular do Departamento de Empresa da Universidade da Coruña.

Investigador do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais. CISPAC.

Noelia Vázquez Abelenda

Bolseira. Alumna do Mestrado Universitario en Arquitectura da Universidade da Coruña.

² Subdirección General del Instituto del Patrimonio Cultural de España, *Plan Nacional de Arquitectura Tradicional* (Madrid: Secretaría General Técnica - Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2015).

Comparte, este informe, moitas das dificultades expresadas no previo, realizado sobre os sistemas artesanais en Galicia, citado anteriormente, en canto á inexistencia de datos sistematizados para levar a cabo unha análise precisa da situación actual. Ademais da crise ocasionada pola pandemia da COVID-19, que conlevou profundos cambios de dinámicas que afectaron aos sistemas produtivos, no caso da construción, hai que sumar outras crises recentes, como a provocada polo estalido da burbulla inmobiliaria, no ano 2008, ou o caos provocado no suministro e nos prezos dos materiais, xa iniciada antes e, reforzada e xustificada polo comezo da guerra da Ucraína, en febreiro do ano 2022. Todas estas circunstancias afectaron de forma moi significativa ao mundo da construción e tódolos seus oficios.

Os datos usados de base neste estudo parten dos recollidos para o sistema artesanal en xeral, que teñen a súa validez en moitos aspectos, porque todos comparten problemáticas semellantes, pero na busca de maior especificidade, recórrese aos estudos feitos polo *Observatorio da Construción*³, da *Fundación Laboral de la Construcción*, a nivel de comunidade e estatal. Datos que a Fundación ten publicados, na súa maior parte, e sobre os que nos facilitaron o seu acceso para este informe, pero tamén coa aportación dalgúns máis precisos aos que non hai acceso en aberto. Belén Fernández, Ana Fernández e Puy Jiménez foron de gran axuda nesta pesquisa. A dificultade de interpretación desta documentación, no caso dos oficios tradicionais, ven dada pola falla dunha clasificación específica destes como actividades, xa que forman parte de epígrafes, definidos segundo a CNAE, máis xenéricos.

O estudo dunha ampla bibliografía sobre o tema é outro dos puntos de apoio deste traballo, ademais da propia experiencia dos autores no mundo da arquitectura, tanto a nivel académico como profesional. Neste caso, esta circunstancia foi clave na determinación dos aspectos máis relevantes a considerar no informe.

Outra das bases de traballo para valorar o estado actual destas actividades, constitúena as conversas tidas con protagonistas directas/os que, a través da súa ampla experiencia, foron aportando distintas perspectivas para o entendemento da situación. As súas aportacións van aparecendo ao longo do informe, en ocasións de forma explícita e, noutras, como axuda na estrutura da análise e nas argumentacións, e foron recollidas integramente no Anexo final, como *Conversas con...* A colaboración xenerosa destas/es profesionais – Ángel Panero Pardo, Daniel Lorenzo Santos, Alejandro García Hermida, David Alvaríño Pérez e Cristina Molares Gómez (citadas/os por orde cronolóxica das conversas) - na redacción deste informe, foi determinante.

Outras consideracións relevantes no texto elaborado, doutras/os protagonistas, foron rexistradas de entrevistas publicadas ou da asistencia a conferencias nas que relataron as súas experiencias.

A partir das bases citadas, finalízase cunhas conclusións finais que recollen os puntos máis relevantes da análise e co apunte cara unhas liñas de actuación que,

3 *Observatorio de la Construcción*. Fundación Laboral de la Construcción. <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/informes/> (Consulta: 01/10/2024).

a raíz do estudado, sen dúbida, contribuirán na posta en valor dun sector sumido nunha forte crise.

Ámbito de estudo

A delimitación do ámbito de estudo para este informe, baséase en varios criterios. En primeiro lugar, pola a definición xenérica de actividade artesanal recollida pola actual Lei 8/2023, do 14 de decembro, de artesanía de Galicia, no seu Artigo 3, punto 1:

“Toda actividade económica que supoña o deseño, a creación, a produción, a transformación, a restauración ou a reparación de bens de valor artístico ou tradicional e de bens de consumo, así como a prestación de servizos derivada daquelas, sempre e cando se realicen ou obteñan mediante procesos en que a intervención persoal e o coñecemento técnico da persoa ou persoas que participan nelas constitúan o factor determinante para a obtención do produto final.

O produto ou servizo final debe ter un carácter individualizado e diferenciado que non se acomode a unha produción industrial ou de servizos totalmente mecanizada, en series ou na cal a intervención do factor humano non sexa primordial.

A actividade artesanal pode levar implícito o emprego de ferramentas dixitais ou analóxicas, de maquinaria auxiliar e doutros activos, sempre e cando o seu uso forme parte dalgún dos procesos de elaboración dos produtos ou servizos e non substitúa por completo a intervención persoal para a obtención do produto ou servizo final”.

Establece, así mesmo, no Artigo 4, de modo xenérico, diversas modalidades de actividades artesás, deixando aberta a posibilidade de ampliar este listado, mentres que no Artigo 5, sobre a “Relación de actividades artesás de Galicia”, no seu punto 1, fixa como criterio xenérico que estas actividades estarán “clasificadas conforme á Clasificación Nacional de Actividades Económicas”. Así mesmo, no punto 3 que “A Relación de actividades artesás inscribírase no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, segundo o disposto no artigo 12 desta lei”.

Estas actividades recóllense na Orde do 12 de abril de 2017, que revisa as recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía. Neste rexistro, recoñécense 88 actividades artesanais. Pola súa parte, no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, con data 13/08/2024, figuran inscritas 878 persoas artesás. Estas bases son as que se usan para a redacción do informe previo, de “Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea”, citado anteriormente.

No caso dos oficios artesáns vencellados á arquitectura, aínda estando moitos recollidos, en termos xenéricos, como actividades na Orde do 12 de abril do 2017, moitas/os das/os artesás/áns non forman parte do Rexistro Xeral. Por outra banda, as actividades recollidas pola CNAE, a Clasificación Nacional de Actividades

Económicas, non inclúen a determinación dos oficios artesáns de maneira específica, polo que forman parte de epígrafes maiores nos que non é posible independizar con exactitude as participacións específicas destes.

Existen delimitacións non oficiais, que tamén serviron de base neste estudo para tratar de abordar o sistema do xeito máis preciso posible. Estas parten da bibliografía sobre o tema, a través dun barrido de artigos sobre estas temáticas e libros como o seminal do ano 1983, de Xaquín Lourenzo Fernández, *Os Oficios*⁴; a guía elaborada baixo a edición de Felipe-Senén López Gómez, *Guía da Artesanía de Galicia*⁵ no ano 1995; a clasificación de oficios construtivos por materiais, elaborada pola *Fundación Culturas Constructivas Tradicionales* para o inventario da *Red de Maestros de la Construcción Tradicional*⁶ -da que se falará no corpo do informe-; ou a proposta por *Les compagnons du devoir et du Tour de France*⁷, tamén segundo materiais, estudada neste traballo como unha referencia de interese.

Atendendo a todas estas fontes, trázase a delimitación do tema de estudo do informe.

4 Xaquín Lourenzo Fernández, *Os Oficios* (Vigo: Galaxia, 1983).

5 Felipe-Senén López Gómez, *Guía da Artesanía de Galicia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995)

6 “Clasificación”, *Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional. Fundación Culturas Constructivas Tradicionales*. <https://redmaestros.com/> (Consulta: 15/11/2024).

7 *Les compagnons du devoir et du Tour de France*. <https://compagnons-du-devoir.com/> (Consulta: 10/10/2024).

2



Os oficios da construción: derivas contemporáneas

Os oficios da construción: derivas contemporáneas

Fernando Agrasar

Os oficios de construción tradicionais non foron totalmente substituídos polos procesos industriais. A pesar dos profundos cambios na edificación, sobre todo coa aparición de novos materiais a partir dos primeiros anos do século pasado, os procesos de construción mantiveron un bo número de medios e procesos manuais. Aínda hoxe, en construcións con estruturas convencionais porticadas de formigón armado e cun alto grao de prefabricación, toda unha serie de oficios seguen aplicando procesos manuais: encofradores, albaneis, carpinteiros, pintores, escaiolistas... O que resulta moi escaso nos nosos días é a elaboración de elementos artesanais para a realización de diferentes elementos da construción, por dúas razóns fundamentais: o seu elevado prezo debido ao tempo e a especialización necesarios para a súa creación e a ampla dispoñibilidade de elementos prefabricados adaptables a diferentes situacións, o que dificulta o seu encaixe nos intereses da industria da construción.

O proceso de profundo cambio nos oficios de construción, coma en todos os demais, comezou coa Revolución Industrial, aínda que a mecanización efectiva da construción avanzou lentamente, freada polas dispoñibilidades materiais, a razoable efectividade dos métodos tradicionais e os asumibles custos da man de obra, durante moito tempo. Nos nosos días conviven, con certa harmonía, sofisticadas tecnoloxías, materiais de última xeración e sistemas construtivos avanzados, con procesos artesanais. Os oficios de construción tradicionais experimentaron unha serie de derivas que os sitúan nunha encrucillada na que conflúen os intereses de recuperación e valorización patrimonial, o crecente interese pola reutilización de vellas edificacións, mesmo cun débil valor histórico-artístico, a conciencia dos valores da memoria, a urxencia de sostibilidade medioambiental e o valor de identidade dos oficios que, ademais do seu profundo vínculo co lugar e a súa cultura, ofrecen todo un rico tesouro de valores sensíbles e evocadores.

En Galicia existen varios exemplos felices de convivencia entre procesos tecnificados de construción e a utilización de materiais e oficios tradicionais. Esta hibridación entre modernidade e tradición alcanzaron en numerosas obras do arquitecto Xosé Bar Bóo momentos verdadeiramente exemplares, nas que a cultura, a identidade e a modernidade tiveron a oportunidade dun diálogo fluído e feraz.

A construción como patrimonio

Nunha consideración xa superada do concepto de patrimonio, entendemos que a peza monumental non é un obxecto independente do seu contexto. O pensador e crítico de arte británico John Ruskin (1819-1900) sinalou, en diferentes

publicacións, que o conxunto do tecido urbano, no que se encaixan as grandes pezas monumentais, son un monumento en si mesmo, dándose o paradoxo que a maior parte das súas construcións non foron edificadas con ese obxectivo. François Choay, no seu imprescindible texto *Alegoría del Patrimonio*¹, referíndose a esta idea, sinala que “Ruskin fai un descubrimento que a nosa época non terminou de redescubrir”. A concepción do obxecto “monumento” coma parte dun amplo conxunto edificado, engade á construción excepcional do edificio singular todos os procesos habituais de construción da casería común e dos espazos públicos da cidade. Eses procesos habituais son os que prevalecen no tempo, impulsados a través dos séculos pola cultura do lugar e a dispoñibilidade material que permaneceu, durante moito tempo, invariable. Os oficios e os seus coñecementos, ferramentas e habilidades, chegaron a nós e son parte esencial do patrimonio. Os oficios de construción posibilitan a comprensión dos procesos construtivos da cidade e as transformacións do territorio, son parte esencial do patrimonio e xogan un papel esencial na súa conservación e protección.

Claude Lévi-Strauss na súa obra *Antropología estructural*² refírese á capacidade da cidade e do territorio habitado para vincular aos seus habitantes ao lugar, pero tamén á memoria. É esta memoria a que soporta o patrimonio intanxible, do que forman parte as capacidades e coñecementos dos oficios: o saber facer. Pero o intanxible do coñecemento tradúcese materialmente nas ferramentas, a transformación do material en pezas construtivas que se ensamblan en arquitecturas que compoñen o tecido habitado. Esta cadea sitúa o papel patrimonial dos oficios nun lugar central. Ademais do coñecemento, das ferramentas, dos símbolos e das tradicións asociadas, musicais, poéticas, narrativas..., existen outros elementos patrimoniais inmateriais de gran valor. A linguaxe, os termos e expresións asociados aos oficios póñense en risco coa perda dos seus artesáns e da transmisión dos seus coñecementos ás novas xeracións.

A redución da área de acción dos oficios tradicionais a obras contemporáneas de valor excepcional, de forma puntual, negándoos en procesos normalizados de construción en convivencia con procesos e técnicas contemporáneos, debilita gravemente o seu valor patrimonial e condúceos a unha perda que non nos podemos permitir.

A rehabilitación como proceso

A conservación e posta en valor do patrimonio arquitectónico necesita explorar a súa natureza construtiva para reverter os danos e deter os procesos de deterioro. As características do territorio galego, fortemente humanizado, con continuas superposicións históricas e con situacións habituais de convivencia entre o urbano e o rural, aconsellan a estratexia secuencial da intervención transformadora e rehabilitadora. O cambio de uso ou a redefinición de programas sobre as edificacións existentes precisan a substitución do proxecto de intervención pechado por un proceso planificado no tempo, entendendo que a peza sobre a que se actúa forma parte dun tecido complexo e que a súa vida vai máis alá dos plans actuais para a mesma. A nosa intervención é só unha etapa na vida do edificio, da cidade e

1 FRANÇOISE CHOAY, “*Alegoría del Patrimonio*” (Barcelona: Gustavo Gili, 2007).

2 CLAUDE LÉVI-STRAUSS, “*Antropología estructural*”, (Barcelona: Paidós, 1995).

da paisaxe, que debe ser entendida coma un capítulo dentro dun proceso do que podemos estudar e comprender os seus antecedentes, pero que non podemos controlar ferreamente a súa evolución futura. A necesaria lentitude dos oficios tradicionais, fronte á velocidade tecnolóxica dos modernos medios de construción, favorece este modo de entender a intervención rehabilitadora.

Ignasi de Solà-Morales formula unha pregunta e ofrécenos unha clara resposta ao problema da nosa actitude ante o edificio do pasado:

“Como se expón entón a relación cos edificios existentes? Non se expón dende a seguridade dun proxecto previamente establecido, senón dende a neutralidade da formulación positiva; é dicir, dende a polivalencia, dende a multiplicidade de lóxicas internas que ofrece este coñecemento positivo das arquitecturas do pasado³”.

Esta “multiplicidade de lóxicas internas” é a que permite un diálogo entre oficios tradicionais e técnicas contemporáneas, enlazado dende o “coñecemento positivo das arquitecturas do pasado”. As irrenunciabes necesidades contemporáneas do habitar e o mantemento dos valores patrimoniais da edificación deben dialogar nun proceso, sempre aberto, no que os oficios xogan un papel imprescindible. Restaurando, substituíndo ou aportando novos elementos, a materialidade do elemento arquitectónico executado con técnicas artesás adquire unha significación nova e de maior intensidade ao convivir con elementos, superficies ou pezas estruturais contemporáneos.

O accesorio e o necesario

Entre as razóns polas que o público valora e demanda elementos elaborados artesanalmente atópase o prestixio social derivado do seu maior custo, con respecto ás pezas industriais, a sostibilidade do seu proceso de elaboración ou a significación cultural da súa factura. Na disxuntiva entre o industrial ou o artesanal é importante discernir entre o accesorio e o necesario.

John Ruskin reivindicou o valor estético do traballo artesán reflectido no obxecto. Esta idea, ademais de negar a percepción da beleza nas pezas resultado dun proceso mecánico, tivo un traslado social a través do que fora o seu discípulo, William Morris (1834-1896), asociado ao movemento Arts & Crafts e fundador de Morris & Co. Na súa novela de ciencia-ficción *News from Nowhere*⁴, Morris propón a eliminación da produción mecánica e a supresión das pontes ferroviarias, por outros de pedra, nos que os mestres canteiros puideran desenrolar o seu oficio, coma una expresión artística de autorrealización e felicidade a través do traballo. Estas ideas decimonónicas que, paradoxalmente, conforman os cimentos da modernidade, promoven a creatividade dos oficios tradicionais e reivindican a súa beleza. As vellas teorías victorianas de exaltación do artesanal, darán froito no tránsito entre os séculos XIX e XX en diferentes lugares de Europa e tamén en América do Norte, onde o escritor Oscar Wilde foi un eficaz divulgador das ideas do movemento Arts & Crafts, como podemos apreciar nas obras dun arquitecto da talla de Frank Lloyd Wright. Este prestixio do artesanal, con profundas raíces,

3 IGNASI SOLÀ-MORALES, “Teorías de la intervención arquitectónica”, *Quaderns d’Arquitectura i Urbanisme* 155 (dic. 1982).

4 WILLIAM MORRIS, *News from Nowhere and Other Writings* (Londres: Penguin Classics, 1994).

chegou ata nós. O problema suscitado por unha aproximación superficial do valor social do artesan á utilización irrelevante e anecdótica: a decoración insubstancial, a súa inclusión irreflexiva en procesos de rehabilitación, ou a morriña por un pasado imaxinado que dificilmente convivirá coas realidades presentes.

A materialidade das construcións do pasado, un pasado que cada vez se aproxima máis ao noso presente, é un dos seus valores esenciais. Os materiais de construción posúen valores significativos, que se asocian a técnicas e oficios tradicionais. Cores, texturas e formas só son posibles a través da participación de oficios tradicionais. Estes trazos aportan e recuperan valores de memoria aos nosos espazos habitados, o que constitúe o necesario, fronte a todo aquilo que é accesorio e que desprazan aos oficios cara o irrelevante.

Os oficios como xesto de identidade

Galicia é parte dunha ampla área cultural que se estende dende o norte de Portugal ata Escocia. A fachada atlántica do continente, con trazos culturais comúns e tamén con algunhas diferenzas rexionais, comparte clima, paisaxes e profundas pegadas culturais. As diferentes manifestacións artísticas “atlánticas” opóñense dialecticamente a “o mediterráneo”. Esta diferenza entre o *Mare Nostrum*⁵ e o *Mare Tenebrosum*⁶, motivada pola xeografía, o clima, a paisaxe, as formas de asentamento e as diferentes culturas que poboaron as súas beiras, son tan profundas que nos nosos días é posible percibir en obras recentes, especialmente nas arquitectónicas, trazos tipicamente atlánticos ou mediterráneos. Sinalemos algunhas parellas de características opostas (mediterráneas / atlánticas): o liso / o rugoso; as cores vivas / a ausencia de cor; o edificio sobre o terreo / o edificio introducido no terreo; o patio / a xanela; a columna / o muro; o lixeiro / o pesado; o volume aberto / o volume compacto; a cuberta plana / o tellado inclinado...

A relación contextual da arquitectura co ámbito atlántico é de grande interese cultural e, sen dúbida, as respostas contemporáneas ao clima, ás formas patrimoniais ou ao sentido do habitar son un impulso creativo de gran valor. Pero o realmente importante para o recoñecemento, estudo e impulso da arquitectura atlántica é o seu valor medioambiental. Diferentes liñas de investigación arquitectónica contemporáneas, sensibilizadas cos retos da sustentabilidade do medio, impulsan respostas de dubidoso valor estético e, unha vez máis, de intención globalizadora. A arquitectura atlántica non só responde ás circunstancias do clima, á luz e á topografía, coas benéficas consecuencias enerxéticas que iso implica, tamén reclama materiais e técnicas locais, de clara trazabilidade e transporte razoable. Ademais disto, os beneficios sociais que implica, son evidentes: mantén os oficios tradicionais, colabora coa economía circular e reforza o sentido de comunidade, é dicir, de pertenza ao lugar.

Este entendemento da oposición cultural entre o mediterráneo e o atlántico, axúdanos a situar os oficios nun marco territorial e cultural moi amplo, cun enorme potencial de intercambios, enriquecemento de experiencias e valores identitarios compartidos.

5 Denominación romana do Mar Mediterráneo.

6 Denominación medieval do Océano Atlántico.

A poética dos oficios

No Nadal de 1961, o escritor Camilo José Cela decidiu dedicar por completo o Tomo XXIII, Núm. LXIX bis da revista que dirixía, *Papeles de Son Armadans*, a unha *Antología poética de los oficios de la construcción*. Nas súas 116 páxinas, recóllense textos poéticos do mesmo Camilo José Cela, Vicente Aleixandre, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Leopoldo Panero, Gerardo Diego ou José Agustín Goytisolo, entre outros. Todas esas manifestacións poéticas están dedicadas aos oficios da construción e lendo as súas páxinas é posible percibir o tesouro cultural que supoñen o traballo coas mans de aqueles que toman a terra, a natureza, e a transforman en espazos habitados. Esas tarefas, cargadas de tradición e coñecemento compartido son un tesouro patrimonial, son imprescindibles para manter vivos os nosos vellos edificios e son parte da nosa identidade. Ademais diso, posúen, en si mesmos, beleza e memoria, son un bálsamo medioambiental e conéctannos coa natureza. Os oficios tradicionais non se opoñen nin loitan contra a tecnoloxía e a prefabricación contemporánea, conviven con ela e domésticana, fana amable e póñena en valor. Os oficios tradicionais son a poética da identidade cultural.

Para pechar este texto que encabeza o informe sobre os oficios da construción en Galicia citarei unha nota explicativa que Celso Emilio Ferreiro incluíu na súa poesía “Gabanza dos Canteiros” publicada no mencionado número de *Papeles de Son Armadans*, a súa breve lectura permite entender o vasto tesouro patrimonial que debemos protexer e impulsar:

“Determinadas palabras que aquí empleo pertenecen a la jerga gremial de los canteros gallegos, llamada *Verba dos arxinas*. Las formas usadas en este poema tienen el siguiente significado: *xaría*, mano; *arxinas*, canteros; *muria*, obra; *guichi a guichi*, poco a poco; *mariñada*, bien hecho, terminado; *mureada*, trabajada; *acha*, noche; *arias*, piedras; *quintos*, cinceles; *alcamotes*, martillos; *caicoas*, iglesias; *arias xidas*, perpiaños; *xarnas*, muros; *xarelas*, paredes maestras; *arias guiches*, piedras menudas; *arias de mariñar o rufo*, piedras lares; *xeba*, madre; *aguirra*, arriba; *andalez*, agua; *baibeles*, espejos; *oretadores guiches*, ríos; *oretadeiros gransanos*, mares; *gadomos*, brazos; *samarúas*, camaradas; *xarufas*, hermosas; *aniscar a usca do raula*, salir la luna; *Caicóo*, Dios”.

Bibliografía

- CHOAY, Françoise. *Alegoría del Patrimonio*. Barcelona: Gustavo Gili, 2007.
- FERREIRO, Celso Emilio. “Gabanza dos canteiros”. *Papeles de Son Armadans* tomo XXIII núm. LXIX bis (1961).
- LÉVI-STRAUSS, Claude. *Antropología estructural*. Barcelona: Paidós, 1995.
- MORRIS, William. *News from Nowhere and Other Writings*. Londres: Penguin Classics, 1994.
- SOLÀ-MORALES, Ignasi. “Teorías de la intervención arquitectónica”. *Quaderns d'Arquitectura i Urbanisme* 155 (dic. 1982).

3



Oficios artesanais e arquitectura galega



Artesanía e valores. Luz Paz Agras, “Artesanía e valores”: *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea* (Santiago de Compostela: CES-Galicia, 2024): 14-45.

Oficios artesanais e arquitectura galega

Luz Paz Agravas

A arquitectura galega contemporánea goza dun bo recoñecemento a nivel nacional e internacional, e así se reflicte a través de premios, publicacións, etc. Moitas destas obras son intervencións no construído. Hoxe en día, é difícil establecer unha clara diferenciación entre obra nova e rehabilitación, en gran medida, polo gran aumento en cantidade destas últimas pero, tamén, pola propia relevancia destas intervencións a nivel de proxecto arquitectónico. Non obstante, é habitual asimilar oficios artesanais a obras de rehabilitación ou restauración, mentres que a obra de nova planta se identifica con procesos industrializados. Existen razóns que explican estes compartimentos estancos, como a ligazón do artesanal co tradicional e o industrial co moderno. Por unha parte, a primacía do Movemento Moderno e os seus ecos durante o século XX, medrando conceptualmente ao amparo da idea da industria como progreso, deixou nun segundo plano as singularidades da cultura local, identificadas, entre outros, por Kenneth Frampton no seu ensaio *Cara un Rexionalismo Crítico*¹. Por outra banda, a crise do sistema artesanal, en xeral, e do pertencente ao ámbito da construción, en particular, dificulta a execución destas solucións, encarecéndoas ou, simplemente, imposibilitándoas fronte a unha maior facilidade de acceso a solucións tipo estandarizadas. É preciso romper con esta percepción porque implica entender o artesanal como un sistema do pasado, útil unicamente para a reposición do antigo e relegado a esta función, cercenando, por tanto, presente e o futuro deste sistema produtivo.

O sistema artesanal galego² atesoura valores patrimoniais, culturais, ambientais, económicos, sociais, etc. ao redor de conceptos intrínsecos a este sistema produtivo como: *Facer ben, orgullo, lentitude, feito á man* (handmade), *rendibilidade dos oficios, tradición, valor patrimonial, memoria, identidade, saber como* (know how), *técnicas tradicionais, innovación, deseño aplicado, novos materiais, novas técnicas, liñas de investigación, obxectos de arte, arte e vida, creatividade, experimentación, interacción entre disciplinas, sustentabilidade, economía circular, reciclaxe, materias primas locais, simbiose co medio produtivo, ...*³

-
- 1 Kenneth Frampton, "Prospects for a Critical Regionalism": *Perspecta: The Yale Architectural Journal*, vol. 20 (1983): 147-162.
 - 2 Xaquín Lorenzo Fernández. *Os oficios* (Vigo: Galaxia, 1983).
 - 3 Luz Paz Agravas, "Artesanía e valores": Luz Paz Agravas (coord.), *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea* (Santiago de Compostela: CES-Galicia, 2024): 14-45.

Desde mediados do século XIX, a partir da primacía do sistema produtivo industrial sobre o artesanal, ata a actualidade, son moitos os debates que se viñeron xerando en Europa, con argumentos en favor e en contra de cada un destes modos produtivos. Hoxe en día, este debate complexízase coa irrupción das novas tecnoloxías, a posibilidade dos *makers* para deseñar e producir un mesmo, etc.

Os autores Arts&Crafts británicos, no século XIX, protagonizarán o punto de partida dunha dura crítica contra a industria, precisamente no país máis industrializado do mundo neses tempos, na que, fronte á fascinación polos progresos técnicos, a priorización da máxima rendabilidade sobre os dereitos sociais, o traballo escravista da infancia, as malas condicións hixienistas, etc. van creando un corpo crítico. Figuras como John Ruskin ou William Morris, desde unha perspectiva moralista, o primeiro, e política, o segundo, rexeitarán a industrialización en favor dunha volta á estrutura produtiva dos antigos talleres medievais, por considerar que así se acadaría unha sociedade máis xusta.


Este debate precipitará en Colonia (Alemania), no ano 1914, durante a celebración da exposición do Deutsche Werkbund, na que os arquitectos Hermann Muthesius e Henri van de Velde, confrontarán as súas posicións ante un gran auditorio de arquitectos. O primeiro, en favor da produción en serie e a estandarización, e o segundo, situando nun primeiro termo a liberdade do artista e considerando que, neses intreos, só estaría garantida a través dunha produción artesanal, do feito á man, en menor cantidade e máis controlada. Esta discusión terá unha gran repercusión no devir da arquitectura a nivel internacional. Na Bauhaus, a escola máis relevante da Modernidade, as súas ensinanzas comezan orientadas cara a produción artesanal, organizando as súas ensinanzas nunha estrutura de talleres, para achegarse logo ao deseño de prototipos para a industria.

En Galicia, tamén se replican estas discusións, acordes a un novo contexto temporal e cultural. Durante a celebración do *IV Seminario de Deseño Industrial en Galicia*, coincidente coa inauguración da sede de Cervo de Sargadelos, no ano 1970, o Laboratorio de Formas, liderado por Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane, promove unhas xornadas nas que renace a discusión sobre os sistemas produtivos, a necesidade dun enfoque moderno internacional en diálogo cun achegamento ás formas e tradición locais, etc. O edificio da propia fábrica de Sargadelos, en Cervo, obra do arquitecto Andrés Fernández-Albalat Lois, é un bo exemplo destas ideas⁴. Tamén, nestas sesións, se defendeu, en voz do arquitecto Manuel Gallego Jorreto, representando a sección galega do Colexio de Arquitectos, a creación dun museo etnográfico para a preservación da tradición e o atesouramento dunha base de estudo sólida para a construción da modernidade, sendo o actual Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela. Nestes debates, participaron arquitectos galegos (e unha arquitecta, Pascuala Campos) que protagonizarán, en gran medida, a construción da Galicia actual.

4 Luz Paz Agras, “La plaza circular de Sargadelos. El espacio de confluencias para el Laboratorio de Formas”: *VII Congreso Pioneros de la Arquitectura Moderna. El espacio entre interior y exterior*, coord. Teresa Couceiro Núñez (Madrid: Fundación Alejandro de la Sota, 2022): 278-290.

Von der Werkbund-Ausstellung

(Zeichnungen von Karl Arnold)



van de Velde schuf den individuellen Stuhl —

Muthesius die Stuhl-Type —

und Schreinermeister Hoefer den Stuhl zum
Sohn.

Caricatura de Karl Arnold. Debate Muthesius – Van de Velde, Colonia, 1914.
Fonte: Gillian Naylor, *The Bauhaus Reassessed. Sources and Design Theory*, 1985: 42.



Praza de Sargadelos, sede orixinal do Laboratorio de Formas. Arquitecto Andrés Fernández-Albalat Lois. Cervo, 1970. Fonte: Luz Paz Agras

Hoxe en día, en Galicia, existe un tecido industrial que se reivindica como altamente tecnolóxico e cun mercado internacional, que vive un momento de auge⁵ fronte ao sistema artesanal que se atopa nunha situación crítica que o pon en serio risco de desaparición. Quizais os debates do século XX, de confrontación entre sistemas, non teñan sentido, senón unha aposta polo encaixe de convivencia e colaboración que, en gran medida xa existe, pero que precisa dunha consideración explícita e dunha diferenciación clara en canto a dinámicas específicas en cada caso para garantir a pervivencia de ambos sistemas.

Retos actuais

A identificación das singularidades dos oficios artesanais na construción, permite sinalar algúns aspectos que é preciso considerar hoxe en día, fronte a outros sistemas construtivos ou mesmo, de xeito específico, dentro do conxunto da amplitude do mundo artesán.

AS DINÁMICAS DAS MICROEMPRESAS

A consideración dos oficios artesanais como microempresas, menores de 10 empregados e, en moitos casos, unipersoais, aboca a unhas problemáticas particulares, que non poden entrar no mesmo saco que as doutras fórmulas de maior dimensión. Hai que ter en conta que, dado que non existe, a día de hoxe, unha definición clara dos oficios artesanais da construción como actividades económicas, a maior parte destes traballadores non forman parte do Rexistro Oficial de Artesáns da Xunta de Galicia e, en moitos casos, non contan cun epígrafe da CNAE que defina de forma específica a súa dedicación. Non obstante, estas tarefas forman parte do conxunto de oficios artesanais, se atendemos á definición que deles fai a actual Lei da Artesanía⁶. A súa singularidade, polo tanto, fronte a empresas de maior dimensión debe de ser tida en conta.

O estudo levado a cabo polo Observatorio Fundación Laboral da Construción e a Universidade de Zaragoza no ano 2021, titulado: “Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción”⁷, no que se consulta a empresas de distintos campos e dimensións sobre diversos temas, pon de manifesto as grandes diverxencias de intereses, opinións, recoñecemento de problemáticas, etc. segundo o tamaño da empresa.

O AXUSTE ENTRE OFICIOS E NOVAS TECNOLOXÍAS

As técnicas artesanais están en continua evolución. Desde a súa orixe ata hoxe en día, van perfeccionándose, incorporando novos materiais, novas técnicas, adaptándose

5 Antón Baamonde, *Galicia, distrito industrial. Conversas con Daniel Hermosilla* (Vigo: Editorial Galaxia S.A., 2024).

6 Lei 8/2023, do 14 de decembro, da artesanía de Galicia. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231219/AnuncioC3B0-151223-0001_es.html (Consulta: 01/11/2024).

7 José Alberto Andrés Lacasta, Javier García Bernal, M^a Nieves García Casarejos, Jorge Rosell Martínez, Vicente Salas Fumas, *Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción*, Fundación Laboral de la Construcción e Universidade de Zaragoza (2021). Observatorio de la Construcción. <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/informes/detalle/estudio-sobre-las-necesidades-formativas-en-el-sector-de-la-construccion> (Consulta: 10/11/2024).

a novas demandas, etc. Na actualidade, as innovacións técnicas na construción, tamén afectan de cheo a estes oficios. Por unha parte, a incorporación de máquinas e tecnoloxía conleva unha crise na tradición pura artesá do “feito á man”. Nalgúns casos, os límites para determinar cando a mecanización pon en risco a base artesá, son difusos. A definición de Felipe-Senén López, sobre a artesanía, recollida na Guía da Artesanía de Galicia, do ano 1995, pon o acento no control total do proceso de produción, fronte á necesidade purista do uso da man. “Se a revolución industrial, para a cal a principal característica foi a división, especialización e mecanización do traballo, cambiou os mecanismos de produción e substituíu os artesanais anteriores, poderemos entender que as actividades ou oficios artesanais son aqueles nos que a persoa que os exerce coñece, desde o principio ao fin, todos os pasos da produción e é en todo momento o seu responsable e autor...”⁸.

Os oficios da construción contan, hoxe en día, con tecnoloxías que, nalgúns casos, xogan a favor do artesanal pero noutros, xeran roces difíciles de salvar. Como exemplo en positivo, pódense citar as tecnoloxías de representación que se apoian nun levantamento gráfico por nube de puntos, facilitan a execución, fana máis precisa ou rentabilizan os procesos.

O caso da construción de modelos BIM (Building Information Modeling) nos proxectos de arquitectura, xeran controversia no mundo da rehabilitación, xa que están pensados, de base, para unha construción estandarizada e seriada, definida desde os inicios con gran precisión, a partir de solucións coñecidas. As técnicas artesanais, habitualmente, non responden a esa precisión desde o papel, xa que son froito de procesos manuais, coa necesidade da toma de decisións durante a construción, en función do estado no que se atopen as pezas orixinais, etc. Este modelo é o adoptado, cada vez máis, polas administracións, polo que a consideración singular dos oficios artesanais nestas representacións faise imprescindible para non ter que renunciar á súa definición desde o proxecto.

OS REQUERIMENTOS DA SUSTENTABILIDADE

A garantía de actuacións que respondan a condicións de sustentabilidade é unha premisa na arquitectura contemporánea, sexa esta de nova construción ou de rehabilitación. No século XXI, xa non debería de ser un adxectivo engadido a ningunha intervención, senón parte necesaria da proposta. O feito de rehabilitar, que implica a reutilización do existente, parte dun principio sustentable por definición.

Así se entende, por exemplo, nos proxectos que a Unión Europea está a apoiar con axudas económicas de diversa índole. Nestes últimos anos, a aposta pola rehabilitación é unha das liñas que concentra maiores orzamentos. Convocatorias do Instituto de Transición Xusta, ITJ⁹, do Ministerio de Transición Xusta ou o Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos, PIREP¹⁰, anteriormente do Ministerio de

8 Felipe-Senén López Gómez (ed.), *Guía da Artesanía de Galicia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995).

9 Instituto de Transición Justa. ITJ. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. <https://www.transicionjusta.gob.es/es-es/Paginas/Home.aspx> (Consulta: 01/11/2024).

10 Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana, *Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos. PIREP*. https://www.mivau.gob.es/ministerio/proyectos-singulares/prtr/agenda_urbana_y_vivienda/pirep/convocatoria-de-2022-del-programa-de-ayudas-entidades-locales-para-la-rehabilitacion-de-edificios-publicos (Consulta: 01/11/2024).

Transportes e Mobilidade Sostible e, actualmente, do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, están a promover este tipo de intervencións por todo o Estado, tamén en Galicia. En ambos casos, a premisa da sustentabilidade é condición indispensable para concorrer a estas axudas.

En ningún destes programas se recolle de forma explícita o rol dos oficios artesanais como procesos de construción que se axustan a parámetros de sustentabilidade. De feito, a documentación que se pide e os procesos de avaliación, animan a solucións máis estandarizadas, xa probadas, con certificacións de calidade e con pouco marxe para implementar a flexibilidade necesaria nunha execución de obra con procesos artesanais.

No caso do PIREP, unhas axudas moi competitivas, pola gran cantidade de solicitudes que presentan, os criterios de valoración apóianse, en gran medida, na base teórica da New Bauhaus da Unión Europea, que pretende “crear un novo estilo de vida que combine a sustentabilidade co bo deseño, que precise menos carbono e que sexa inclusivo e asequible para todos”¹¹. Consideran, por tanto, criterios máis conceptuais, de proxecto, nos que se poden facer valer solucións que aposten por un achegamento ao local, ao coñecemento, os materiais, as técnicas, etc. pero cun peso escaso nas deliberacións fronte a outros criterios máis enxeñeriles.

Coinciden, non obstante, en todas estas axudas, a obrigatoriedade do cumprimento do Principio DNSH, *Principio de non causar dano significativo ao medioambiente*¹². Este principio, baséase en varias normativas e regulamentos europeos que valoran porcentualmente a contribución de diferentes actuacións a mitigar o dano que calquera intervención provoca no medio, establecendo que nunha rehabilitación, é preciso conseguir unha mellora mínima dun 30%, con respecto ao estado orixinal. A maior parte dos criterios que conducen a esta valoración, en canto a contribución aos obxectivos climáticos e obxectivos medioambientais, consisten en melloras tecnolóxicas, tanto en mecanismos que reduzan a demanda (baixo consumo) coma na produción de enerxía con fontes de limpas. O cumprimento ten que ser xustificado por produtos e técnicas que proveñen do mundo da industria. Os oficios artesanais quedan relegados a apartados nos que poden ser considerados, pero non de forma explícita.

A non valoración clara destes recursos nas convocatorias de axudas económicas, a escaseza ou inexistencia de certificacións técnicas de calidade dos produtos locais, e a penalización da flexibilidade na toma de decisións durante o proceso da obra, xoga en detrimento da aposta por estes oficios en obras públicas que, en moitas ocasións, actúan como referentes para outras edificacións.

A DIVULGACIÓN

Dar a coñecer os valores destes oficios e a necesidade da súa preservación é unha labor que pode contribuír á dignificación destes traballos, a incentivar a imperante necesidade de incorporación de xente nova á profesión e facer cómplice á sociedade na defensa da súa valía.

11 New European Bauhaus. <https://neweuropeanbauhaus.es/comision-europea/> (Consulta: 23/11/2024).

12 Instituto de Transición Justa. *Principio DNSH*. https://www.transicionjusta.gob.es/Documents/el_instituto/Convenios_transicion_justa/common/Infra_municipales_PRTR/DNSH%20v3.pdf (Consulta: 15/11/2024).

A labor que a Fundación Culturas Constructivas Tradicionales¹³, de recente constitución (2017) e con sede en Madrid, está levando a cabo, é exemplar pola gran cantidade de actividades e o tecido de rede que pretende acadar. Estas consisten en premios como o das Artes da Construción, o Rafael Manzano de Nova Arquitectura Tradicional ou a medalla Richard H. Driehaus á Conservación do Patrimonio; a promoción da formación, a través de talleres de construción tradicional, escolas de verán sobre arquitectura tradicional ou as moi demandadas bolsas de aprendices para traballar en talleres artesanais premiados pola Fundación¹⁴, as Bolsas Donald Gray; o recoñecido concurso de arquitectura Richard H. Driehaus; a participación en congresos, seminarios e xornadas; a organización de exposicións; a publicación dunha revista académica, etc. A experiencia máis exitosa ata o momento é a creación dun inventario nacional de artesanais, a Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional¹⁵, recoñecida no *Libro verde para a xestión sostible do patrimonio cultural*¹⁶ do Ministerio de Cultura. Definido como un “directorio nacional de boas prácticas nos ámbitos da construción tradicional e a súa restauración que inclúe información dun gran número de mestres en activo no estado español”, esta base de datos, organizada segundo provincias ou segundo categorías, é a sección online máis consultada e compe co servizo de visibilizar o traballo de calidade das/os artesanais/ás, á vez que actúa como base de consulta para as/os interesadas/os en calquera destes oficios. Ten rexistrados, en Galicia, a día de hoxe, 37 artesanais/ás e a Escola de Canteiros de Poio como centro de formación.

A Fundación Laboral da Construción. Galicia, e o Consorcio de Santiago tamén están a elaborar un rexistro de artesanais/ans galegos no Curso Superior de Xestores de Obra¹⁷. A idea é xerar unha base de datos de utilidade para axentes da construción, clientes, etc. e visibilizar a oferta para estes traballos.

Neste mesmo senso, unha iniciativa da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Andalucía ten aberta, desde o 30 de xullo do 2024, unha enquisa online para artesanais/ans e entidades para crear un *Inventario de oficios en peligro de extinción*¹⁸, o que é moi indicativo da situación actual de crise do sector.

¹³ Fundación Culturas Constructivas Tradicionales. <https://culturasconstructivas.org/fundacion/> (Consulta: 15/10/2024).

¹⁴ Ver: “Conversa con Alejandro García Hermida, Director executivo da Fundación Culturas Constructivas Tradicionales”. *Anexo: Conversas con...*

¹⁵ Fundación Culturas Constructivas Tradicionales, *Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional*. <https://redmaestros.com/> (Consulta: 15/10/2024).

¹⁶ Ministerio de Cultura. *Libro Verde para a xestión sostible do patrimonio cultural*. https://libreria.cultura.gob.es/libro/libro-verde-para-la-gestion-sostenible-del-patrimonio-cultural_10469/ (Consulta: 15/10/2024).

¹⁷ Ver: “Ángel Panero Pardo, arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela”. *Anexo: Conversas con...*

¹⁸ Servicio Andaluz de Empleo. *Inventario de oficios en peligro de extinción*. CRN. Consejería de Empleo, Empresa y Trabajo Autónomo. <https://crnandalucia.com/inventario-oficios-peligro-extincion/> (Consulta: 15/11/2024).

A formación: a clave da pervivencia dos oficios artesanais

Existe unanimidade entre tódolos sectores consultados do mundo da construción en que unha das causas máis relevantes da problemática actual dos oficios artesanais, se non, “a” causa, radica na crise da formación¹⁹. Desde a época medieval, os gremios atesouraban un coñecemento perfeccionado ao longo dos séculos²⁰ e que se transmitía só dentro de cada un, nun ambiente de protección e segredismo. Aínda que hoxe en día, hai artesáns que seguen a pensar deste xeito, manténdose recelosos nesa transmisión de coñecemento, estes métodos víronse substituídos por sistemas formativos máis abertos e de carácter formativo e divulgativo.

Do informe sobre os sistemas artesanais en xeral²¹, despréndese que os propios artesáns consideran que os estudos non están adaptados ás novas necesidades da artesanía, opinando así un 83,1% dos que responderon á enquisa. A pesar de que o nivel de estudos é moi variado, tanto en Universidade (35%), como en Escolas de Artes e Oficios (case un 30%), a gran maioría considérase autodidacta (61,9%). Como aprendices en talleres, o xeito tradicional de formarse, só o fixo un 30%. Outro dato significativo, indica que o relevo xeracional familiar se reduce a un 7,3%, fronte a un 83,3% que exerce estes oficios por interese persoal. Por outra banda, a estimación de merma dos talleres galegos, atendendo ao envellecemento da poboación activa e o escaso relevo xeracional que se está a producir nestes oficios, pode ser ata dun 50% nos próximos 10-15 anos, se non se atalla.

O corte de transmisión do traballo e dos coñecementos entre xeracións (tanto por relevo familiar como polas figuras de aprendices de taller) revela que, na actualidade, este sistema se está a perder e que, polo tanto, recae unha gran responsabilidade sobre o sistema de formación educativo, tanto na súa labor formativa como de atesouramento das técnicas tradicionais e a implementación das necesarias innovacións que permitan continuar esa tradición viva.

Esta situación, xenérica sobre a gran diversidade de traballos artesanais, radicalízase no caso dos oficios vencellados á arquitectura. As sucesivas crises que afectan ao mundo da construción nos últimos anos (a explosión da burbulla inmobiliaria no 2008, a subida de prezos a partir da guerra de Ucraína, etc.), a falla de man de obra na maior parte dos seus ámbitos por envellecemento da poboación e mala prensa destes traballos, etc. son aspectos que se veñen sumar ás problemáticas compartidas do sistema produtivo artesán en global. Nesta crise, a merma de traballadores nos oficios vai parella á perda do coñecemento forxado ao longo dos séculos ao romperse a liña de transmisión directa destes saberes.

A paradoxa desta situación é que existe unha alta demanda destes profesionais pero a xubilación das/os artesás/áns deixa un baleiro que non se cubre, sumando

.....
¹⁹ Ver: *Anexo: Conversas con...*

²⁰ Ana Goy Diz, *Artistas, talleres e gremios en Galicia (1600-1650)* (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade, 1998).

²¹ Luz Paz Agravas (coord.). “Anexo 1: Resumo resultados enquisa”: *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea*: 181-199.



Lauda sepulcral. Carpinteiros de ribeira. Museo das laudas. Igrexa de Santa María a Nova, Noia. Fonte: Luz Paz Agras.

á problemática dunha demanda non atendida, a perda dun patrimonio material e inmaterial irrecuperable e, no ámbito social, a renuncia a unha enorme potencialidade de emprego de calidade. Un dos motivos máis claros e facilmente identificables é a falla de información sobre as posibilidades de formación e a propia crise nestes sistemas que converten estas profesións en inaccesibles ou pouco apetecibles para unha poboación nova, no intre de decidir a que dedicar a súa vida laboral.

A FORMACIÓN REGRADA

En Galicia, existen centros, dentro do sistema oficial de ensinanza, nos que se imparte formación para os oficios artesáns, como as Escolas de Artes e Superiores de Deseño (EASD), as antigas Escolas de Artes e Oficios. Non obstante, no caso dos vencellados á construción, non xogan, a día de hoxe, un papel central nesta formación. Dentro das opcións dos ciclos formativos que ofrecen, dos que saen, nalgúns casos, profesionais que enfocan o seu traballo cara o mundo da arquitectura, teñen un contacto moi escaso coa práctica profesional²².

A Formación Profesional (FP) conta con mecanismos, especialmente a FP Dual, para que os seus ciclos combinen formación teórica e práctica, a través da colaboración con talleres e empresas. Sen embargo, as limitacións que as ensinanzas académicas implican con respecto á base formativa do profesorado que debe impartir estas materias, impide a contratación de profesionais destes oficios, os reduce a figuras cunha presenza limitada ou, incluso, restrinxido a algúns tipos de ensinanzas, de forma excepcional. É esta a problemática que se traslada desde a dirección do recién creado Centro Integrado de Formación Profesional da Cantería de Galicia, a partir da homologación dos estudos da antiga Escola de Canteiros de Poio²³. Este curso, 2024-25, é o primeiro que conta coa oficialidade da formación de canteiras/os, en Galicia²⁴, coa creación do Ciclo de Grao Medio de Pedra Natural de Alta Especialización, de tres anos de duración, formado a partir da combinación de módulos do Ciclo de Pedra Natural, impartido no IES Ribeira do Louro de Porriño, e módulos artísticos de ensinanzas de réxime especial.

O grao oficial é dobre, obtendo as titulacións de Ciclo Medio de Pedra Natural e, á vez, Técnica/o de Artes Escultóricas. O que, sen dúbida, se presenta como unha decisión da Xunta de Galicia que debe de xogar a favor desta formación, converte o cadro de profesorado en persoal académico do ámbito da Obra Civil, desvinculado do exercicio da profesión, e relega aos antigos mestres de taller (persoal herdado do cadro de docentes contratado pola Deputación de Pontevedra, que era a titular do centro) a figuras menores, contratados ao amparo dunha normativa que regula o

22 José Carlos Barreiro Roca, “Artesanía e formación”: Luz Paz Agras (coord.), *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea*: 49-69.

23 Ver: “Conversa con David Alvario Pérez, Director do CIFP de Cantería de Galicia (Escola de Canteiros de Poio)”. *Anexo: Conversas con...*

24 CIFT de Cantería de Galicia. <https://centros.edu.xunta.gal/centroescoladecanteiros/>. (Consulta: 01/11/2024).

acceso á docencia de profesionais expertos do sector produtivo²⁵ cando concorren unha serie de circunstancias, como necesidades de formación. Por outra banda, existe regulación específica para o acceso ao corpo de profesorado de novas especialidades²⁶, como transición a este tipo de ensinanza pero, no caso da cantería, esta non está recoñecida entre as dez reguladas nesta normativa, polo que non é de aplicación. Tampouco o sería polo nivel de formación ao que se refire, xa que se crea para ciclos de formación superiores, mentres que este, é de grao medio.

Orisco, expresado pola dirección do centro, é que se perda a alta calidade de formación que na Escola de Canteiros de Poio se veu impartindo e que é amplamente recoñecida a nivel nacional e internacional. É o único centro galego recoñecido na Rede de Centros de Formación da Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional²⁷. A posibilidade de reforzar a relación entre a ensinanza académica e a práctica, sería unha garantía de continuidade desta calidade formativa, contando co coñecemento de profesionais de alto nivel na nosa comunidade.

AS ESCOLAS-TALLER

O modelo das antigas escolas-taller, hoxe en desuso, é ben valorado polos profesionais consultados, pola ensinanza eminentemente práctica que levaban a cabo, cuns complementos académicos. Por exemplo, o arquitecto Ángel Panero²⁸, que exerceu de profesorado nunha delas, fala dun modelo a recuperar, propoñendo invertir o termo por Taller-escola e profesionalizando a formación. É dicir, estes cursos estaban destinados a persoas con problemas para lograr a inserción social. Sen menoscar a necesidade de programas deste tipo, desvincular o modelo de ensinanza exclusivamente a esta poboación, pode abrir o camiño á formación de xente nova que se achega aos oficios vocacionalmente e que pode asentar sobre isto un proxecto de vida.

O PAPEL DA UNIVERSIDADE

A Universidade, sen ser a encargada da formación dos oficios, xoga un papel importante na ensinanza das/os técnicas/os, que precisan de coñecementos especializados para poder levar a cabo traballos que incorporan estas profesións, tanto a nivel de proxecto como de execución de obra. Estas ensinanzas deberían de ser específicas para especialistas en restauración, como para a figura do/a

25 Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional. BOE 174, 22 de xullo do 2023. BOE-A_2023-16889. (Consulta: 01/15/2024).

26 Real Decreto 276/2007, de 23 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de ingreso, accesos y adquisición de nuevas especialidades en los cuerpos docentes a que se refiere la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, y se regula el régimen transitorio de ingreso a que se refiere la disposición transitoria decimoséptima de la citada ley. BOE 53, 2 de marzo de 2007. BOE-A-2007-4372. (Consulta: 01/15/2024).

27 Fundación Culturas Constructivas Tradicionales, Red de Centros de Formación, <https://redmaestros.com/red-centros-formacion/> (Consulta: 15/11/2024).

28 Ver: “Ángel Panero Pardo, arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela”. Anexo: Conversas con...

arquitecto restaurador/a²⁹, pero tamén, a un nivel axeitado, para tódolos/os técnicos que realizan traballos vencellados á arquitectura. Neste senso, os oficios artesanais teñen pouca presenza nos plans de estudos de carreiras universitarias como Arquitectura, especialmente nos graos.

Nos estudos de posgrao e mestrado de especialización, incorpóranse con distintas intensidades en estudos de especialización en rehabilitación, reducindo a súa función á intervención no patrimonio arquitectónico. Por exemplo, no Mestrado en Rehabilitación Arquitectónica da Universidade da Coruña³⁰, con acordos para facer prácticas en distintos estudos de arquitectura ou entidades que levan a cabo obras de rehabilitación ou no, hoxe desaparecido, Mestrado de Renovación Urbana e Rehabilitación, da Universidade de Santiago, no que as prácticas se facían na Oficina Técnica do Consorcio. Algúns artesáns ven, na universidade, un espazo propio para a especialización, en continuidade cunha base formativa máis xenérica. Por exemplo, a vidreira Cristina Molares³¹, así o apunta.

No ámbito da investigación, as universidades teñen unha responsabilidade, tanto na recollida dos valores tradicionais coma no incentivo para a innovación. Os traballos de documentación de técnicas tradicionais destes oficios xoga un papel importante na preservación dun patrimonio valioso. Estes traballos, con exemplos moi relevantes, en xeral, responden a iniciativas puntuais que precisan dun enfoque máis global e dun investimento específico nestas liñas de traballo para garantir a súa viabilidade. Neste mesmo senso, o sistema universitario debería de liderar a investigación para a experimentación en liñas de innovación técnica, de materiais, etc. que aproximen estes oficios aos parámetros da sustentabilidade contemporánea, que faciliten a posibilidade de certificacións de calidade, etc.

PATRIMONIO E OFICIOS ARTESÁNS

Non tería sentido identificar exclusivamente os oficios artesanais coa intervención no Patrimonio arquitectónico. Estas técnicas, como patrimonio inmaterial en si mesmas, constitúen un legado de coñecemento para a arquitectura contemporánea galega, sexa esta obra nova ou intervención no construído. Na súa posta en valor e como fonte de coñecemento, non obstante, a intervención sobre o patrimonio arquitectónico ofrece un importante campo de traballo e de formación. Varias iniciativas orixinadas na cidade de Santiago, á luz do seu recoñecido valor patrimonial, ligando patrimonio e oficios artesanais, amosan posibilidades de formación alternativas que, aínda que nestes casos foron implantadas só parcialmente ou non chegaron a facerse realidade, son de interese a considerar.

29 Camilla Mileto, Fernando Vegas López-Manzanares, “El arquitecto restaurador en España”: Ana Galán Pérez, Diana Pardo San Gil (coord.), *Las Profesiones del Patrimonio Cultural. Competencias, formación y transferencia del conocimiento: reflexiones y retos en el Año Europeo del Patrimonio Cultural 2018* (Madrid: Grupo Español del IIC y Asociación de Conservadores Restauradores de España, 2018).

30 Universidade da Coruña. *Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica*. Universidade da Coruña. <https://www.udc.es/es/mura/> (Consulta: 15/11/2024).

31 Ver: “Conversa con Cristina Molares Gómez, artesá vidreira (Vidrieras Cosmo, Vigo)”. *Anexo: Conversas con...*

Arredor do ano 2008, o Consorcio de Santiago e a Fundación Laboral da Construción iniciaron o camiño para a posta en marcha dun centro de formación de oficios de cantería, madeira, ferro, etc. moi vencellado á práctica, a través dunha docencia impartida en gran medida polos propios artesáns e cun contacto directo co mundo laboral³². A identificación de Santiago como cidade cun alto valor patrimonial coa preservación e formación nos oficios artesáns era unha estratexia de base. Daquela iniciativa, hoxe en día, cóntase co Centro de Formación, xestionado pola Fundación Laboral da Construción, cunha actividade formativa, en relación a estas profesións, moito menor da esperada nun inicio. Na actualidade, impártese o Curso Superior de Xestores de Obra, o CEGOR³³, promovido pola Fundación Laboral da Construción e o Consorcio de Santiago, dirixido por Ángel Panero. Pensado, nun inicio, para construtores e albaneis que quixesen acometer obras de rehabilitación, a día de hoxe, o alumnado está formado, fundamentalmente, por arquitectas/os. Cunha ensinanza moi práctica, está pensado como “unha dirección de obra colectiva”. Outra das iniciativas que se orixinan en Santiago, parte do impulso da Fundación Catedral de Santiago³⁴. Daniel Lozano Santos, o seu Director, explica como, dacordo coa Fundación Laboral da Construción nun momento e tamén contando co Consorcio de Santiago, noutro, quixeron iniciar un programa de formación ligado á execución das propias obras de restauración da Catedral. A idea era incorporar aos equipos traballadoras/es mediante un contrato mixto que permitise traballar e formarse á vez. O obxectivo sería o de contar con xente que, coñecedora da especificidade do traballo de intervención nun patrimonio arquitectónico da valía da Catedral, e participando de distintos oficios, completase unha formación naquel que máis lle interesase, para logo, non só poder quedar como parte do equipo de mantemento e intervención na propia Catedral, senón, poder ser contratada/o por outras empresas ou iniciar a súa propia andadura como artesá/án. Desta maneira, o prestixio e a valiosa experiencia de traballo e formación neste ben, podería contaxiarse a outras obras, tanto de rehabilitación coma de nova construción. Lamentablemente, estas iniciativas non chegaron a poñerse en marcha, por diversos motivos, entre eles, a pouca adecuación dos modelos de contratos en vixencia.

Estas estratexias, de aprender desde a propia práctica da restauración do Patrimonio, con complementos formativos académicos, é á metodoloxía máis reivindicada por tódolos profesionais consultados. Tamén por parte das/os artesás/áns. Chago, o mestre forxador de Compostela, comezaba a súa intervención nunha conferencia organizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a raíz do premio que lle foi outorgado por esta entidade, agradecendo ao ex-alcalde, presente na sala, o arquitecto Xerardo Estévez, a formación recibida na Escola-taller de San Domingos de Bonaval de Santiago de Compostela, promovida por este arquitecto e por Peridis, (onde tivo como profesor ao ferreiro Antonio Campos) e facendo referencia, na súa intervención, ás clases recibidas sobre a historia da cidade nas

32 Ver: “Ángel Panero Pardo, arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela”. *Anexo: Conversas con...*

33 Fundación Laboral de la Construcción. *Curso de Especialización en Gestión de Obras de rehabilitación. CEGOR*. <https://microsites.fundacionlaboral.org/cegor?pag=2&idioma=0> (Consulta: 15/10/2024).

34 Ver: “Conversa con Daniel Lorenzo Santos, Director da Fundación Catedral de Santiago”. *Anexo: Conversas con...*

que “nos foron metendo no respecto á calidade de vida e a categoría dunha cidade como Compostela, que os propios cidadáns non vemos..., a fermosura da cidade que temos”³⁵.

A través do propio proceso de restauración, é como moitos artesáns recoñecen que se formaron, tanto pola oportunidade de ter acceso a ver a constitución da composición dunha peza orixinal, coma a partir de analizar o efecto que anteriores restauracións provocaron sobre ela. Ver o comportamento, ao longo dos anos, que certos materiais tiveron ou detectar maneiras de intervir que deterioran as pezas orixinais, ... son procesos aos que só se ten acceso a través da experiencia directa.

Oficios e xénero a pé de obra

A presenza feminina nos oficios a pé de obra, en xeral, é minoritaria. No caso dos artesanais, é tan baixa, que se converte en anecdótica. A pesar de que no mundo artesan galego, a día de hoxe, nun balance xeral, o número de mulleres e homes está bastante equilibrado, existen *oficios de mulleres* e *oficios de homes*. É este o caso dos vencellados ao mundo da construción³⁶. Para avaliar de forma obxectiva esta situación, non contamos con datos estatísticos específicos sobre tódolos oficios tradicionais en Galicia con distinción por xéneros, pero valémonos de información a nivel estatal para trazar un mapa da práctica inexistencia de traballadoras neste sector, contando con algunha transposición específica á situación galega.

Na enquisa levada a cabo, no ano 2021, polo Observatorio Fundación Laboral da Construción e a Universidade de Zaragoza, sobre necesidades formativas no sector da construción, preguntados os empresarios sobre as tendencias tecnolóxicas e sociais que se incorporarán á empresa a medio prazo, dados 34 items, a “Incorporación de máis mulleres ao sector”, ocupa o posto doceavo³⁷, sendo unha pretensión maior das grandes empresas que das pequenas ou micro³⁸ (nas que están as artesanais).

Esta intención, a medio prazo, sitúase na metade superior da gráfica pero nun posto non moi relevante tendo en conta que, no momento da realización da enquisa, os datos apuntaban a que só un 8% do sector da construción estaba ocupado por mulleres³⁹ e considerando que a lei contempla que é obrigatorio realizar un Plan de Igualdade en tódalas empresas nas que haxa máis de 50 traballadoras/es, o que supón un imperativo legal e explica que sexan maioritariamente estas empresas

35 Conferencia de Santiago Martínez Otero: *Chago. O Ferreiro de Compostela*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Delegación de Santiago. 4 de outubro do 2024.

36 Elvira Santiago Gómez, Carmen Rodríguez Rodríguez, “Artesanía e xénero”: Luz Paz Agrad (coord.), *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea* (Santiago de Compostela: CES-Galicia, 2024): 73-85.

37 Andrés Lacasta et al., *Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción*: 82.

38 Andrés Lacasta et al., *Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción*: 83.

39 Andrés Lacasta et al., *Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción*: 175.

Mujeres ocupadas en Construcción por CC.AA. 2023

Fuente: Elaboración del Observatorio Industrial de la Construcción con datos de la Encuesta de Población Activa (INE). Media de los cuatro trimestres.



Mulleres ocupadas na construción, por comunidades autónomas. Fonte: Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*, Fundación Laboral de la Construcción, 2024: 33.

Mujeres ocupadas en la Construcción por CC.AA. 2023

Fuente: Elaboración del Observatorio Industrial de la Construcción con datos de la Encuesta de Población Activa (INE). Media de los cuatro trimestres.

CC.AA.	Nº mujeres	Variación interanual %	Error de muestreo relativo ¹² %
Andalucía	17.945	-10,3	5,4
Aragón	4.082	-17,2	10,1
Asturias	2.439	19,0	10,9
Canarias	3.683	33,1	11,5
Cantabria	2.192	48,0	9,1
Castilla - La Mancha	4.239	6,8	5,9
Castilla y León	6.559	15,9	7,2
Cataluña	15.466	-5,1	6,9
Ceuta	0	-100,0	35,6
Comunidad de Madrid	21.913	-7,9	8,2
Comunidad Valenciana	14.654	-15,7	7,1
Extremadura	1.797	39,3	10,7
Galicia	6.487	4,4	6,0
Islas Baleares	4.706	-26,8	10,0
La Rioja	1.063	-19,4	11,0
Melilla	54	317,1	51,2
Navarra	1.208	32,1	11,9
País Vasco	7.205	-7,9	11,1
Región de Murcia	4.754	71,9	12,0
TOTAL	120.444	-3,9	2,3

¹² Los errores de muestreo son relativos en porcentajes de los ocupados según sector económico, por comunidades autónomas, por lo que cabe aclarar que en el caso de las mujeres ocupadas puede ser más alto

Mulleres ocupadas na construción, por comunidades autónomas. Fonte: Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*, Fundación Laboral de la Construcción, 2024: 34.

as que metan este tema nas súas axendas⁴⁰. O dato positivo vén dado pola medra da afiliación de mulleres na construción, supoñendo un 5,1% entre o ano 2022 e 2023, fronte ao dos homes, dun 3,7%, e superando a medra na porcentaxe xeral de traballadoras no conxunto de sectores, que foi dun 3,5%⁴¹. Estes datos, desde a perspectiva da igualdade, sen embargo, son moi baixos. No ano 2023, estímase que o 46,5% da poboación ocupada en España, en tódolos sectores, era feminina, incrementándose nun 24,6% desde o ano 2009, é dicir, nun período de 14 anos, fronte ao crecemento da masculina, que ascendeu a un 9,1%. Non obstante, a presenza feminina no sector da construción redúcese a un 11,2%⁴², o que o converte nun sector que permanece radicalmente masculinizado.

En Galicia, en concreto, os datos aportados pola Enquisa de Poboación Activa (INE) e elaborados polo Observatorio Industrial da Construción, amosan unha situación en liña coa media nacional, dun 8,8%. As mulleres na construción supoñen un 8,5% do total, moi por debaixo do País Vasco (13,9%) ou Aragón (12,8%). A porcentaxe de mulleres galegas dedicadas á construción, no conxunto de traballadoras, ascende a un 5,4%, cunha gran diferenza con comunidades nas que a actividade económica deste sector, en xeral, é maior, como Madrid (18,2%), Andalucía (14,9%) ou Cataluña (12,8%)⁴³.

Datos diferenciadores tamén se observan nos propios sectores no mundo da construción aos que se dedica o xénero feminino. A maior parte das mulleres (6 de cada 10) pertencen aos sectores dos epígrafes “412. Construción de edificios” e “432. Instalacións eléctricas, de fontanería e outras instalacións en obras de construción”⁴⁴.

O nivel de formación académica, en xeral, é máis alto que o dos homes, tendo 6 de cada 10 mulleres educación superior⁴⁵. Atendendo aos datos elaborados pola Fundación Laboral da Construción, sobre o mapa formativo en España, no ano 2022, na distribución segundo os niveis educativos, obsérvase esta tendencia diferenciada por sexos. Sobre o estudo de 1.195.751 homes e 125.277 mulleres, o 54,1% dos homes teñen niveis de estudos menores, fronte ao 14,4% das mulleres, sendo o 100% dos ocupados sen estudos, homes. Estando bastante igualados en canto a unha formación media, nos niveis altos aparece de novo unha grande diferenza: un 20,3% dos homes fronte a un 62,3% das mulleres. Estes datos reflexan que as ocupacións femininas están vencelladas, en gran medida, a perfís técnicos que requiren formación regradada.

O perfil de muller traballadora da construción é dunha media de 43,6 anos, concentrándose, fundamentalmente, na franxa entre os 30 e os 54 anos. Menores de

40 Xunta de Galicia. *VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres, 2022-2027*. <https://igualdade.xunta.gal/es/programas/viii-plan-estrategico-de-igualdad-2022-2027-solo-gallego> (Consulta: 01/11/2024).

41 Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*, Fundación Laboral de la Construcción, 2024. <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/informes/detalle/mujeres-en-el-sector-de-la-construccion-2023> . (Consulta: 01/11/2024): 13.

42 Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 3.

43 Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 33-34.

44 Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 4.

45 Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 4.

Las 10 ocupaciones con más personas trabajadoras según sexo

2023

MUJERES		HOMBRES	
OCUPACIÓN	%	OCUPACIÓN	%
Otras empleadas administrativas sin tareas de atención al público	15,5%	Albañiles, canteros, tronzadores, labrantes y grabadores de piedras	26,0%
Empleadas administrativas con tareas de atención al público no clasificados bajo otros epígrafes	15,0%	Electricistas de la construcción y afines	9,8%
Empleadas contables y financieras	12,2%	Peones de la construcción y de la minería	9,6%
Asistentes administrativas y especializadas	7,5%	Pintores, empapeladores y afines	5,2%
Arquitectas, urbanistas e ingenieras geógrafas	4,8%	Fontaneros e instaladores de tuberías	4,7%
Arquitectas técnicas, topógrafas y diseñadoras	4,4%	Otros trabajadores de las obras estructurales de construcción	3,7%
Directoras de producción de explotaciones agropecuarias, forestales y pesqueras, y de industrias manufactureras, de minería, construcción y distribución	4,0%	Otros trabajadores de acabado en la construcción, instalaciones (excepto electricistas) y afines	3,4%
Ingenieras (excepto ingenieras agrónomas, de montes, eléctricos, electrónicos y TIC)	3,4%	Supervisores en ingeniería de minas, de industrias manufactureras y de la construcción	2,9%
Directoras y gerentes de otras empresas de servicios no clasificados bajo otros epígrafes	2,9%	Operadores de otras máquinas móviles	2,8%
Especialistas en finanzas	2,6%	Directores de producción de explotaciones agropecuarias, forestales y pesqueras, y de industrias manufactureras, de minería, construcción y distribución	2,7%
TOTAL	72,3%	TOTAL	70,8%

Fuente: Elaboración del Observatorio Industrial de la Construcción con datos de la Encuesta de Población Activa (INE). Media de los cuatro trimestres.

As 10 ocupacións con máis persoas traballadoras según sexo. Fonte: Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*, Fundación Laboral de la Construcción, 2024: 5.

30 anos, hai moi poucas⁴⁶, pero este dato forma parte do contexto de envellecemento da poboación en xeral e, en particular, tamén do sector da construción.

Un 84,3% destas mulleres son de nacionalidade española, só un 11,30% estranxeiras e un 4,4% de dobre nacionalidade. A incorporación de mulleres migrantes no sector da construción é menor que noutros ámbitos, aínda que crecente, xa que as cifras globais de emprego feminino en España, son: 80,7% nacionais, 14,0% estranxeiras e 5,3% de dobre nacionalidade⁴⁷.

A nivel de contratación, as mulleres supoñen o 41% dos contratos a tempo parcial na construción, aínda que maioritariamente contan con contratos indefinidos e a xornada completa⁴⁸.

Estas diverxencias van en paralelo á singularidade do tipo de perfíles nos que se concentra a presenza feminina no sector da construción, no que ocupan, fundamentalmente, postos de alta cualificación técnica e traballos administrativos⁴⁹.

⁴⁶ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 18.

⁴⁷ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 26.

⁴⁸ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 18.

⁴⁹ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 6.

A táboa elaborada polo Observatorio Industrial da Construción con datos da Enquisa de Poboación Activa (INE), establecendo unha media dos catro trimestres do ano 2023, reflicte as 10 ocupacións con máis persoas traballadoras.

Tal como pode observarse, ocupan os catro primeiros postos da dedicación das mulleres, as labores administrativas e de oficina -con tarefas de atención ao público ou non- empregadas contables e financeiras ou asistentes administrativas e especializadas, sumando o 49,7% do total. As técnicas – arquitectas, arquitectas técnicas, enxeñeiras, etc. – supoñen o 11,8%. No lado dos homes, os sete primeiros postos refírense a traballos de oficios na obra: albaneis, canteiros, tronzadores, labradores e gravadores de pedras, electricistas, peóns, pintores, empapeladores, traballos estruturais, acabados, etc., sumando o 62,4 % das dedicacións masculinas. En termos xerais, estímase que, do total de mulleres dedicadas ao sector da construción, só un 7,3% traballan a pé de obra e isto supón, no conxunto do total de traballadores, un 0,8% fronte ao 99,02% de homes⁵⁰.

Das ocupacións valoradas, a que incorpora algúns dos oficios artesáns (albaneis, canteiros, labradores, gravadores de pedras, pintores, etc.), son ocupacións masculinizadas practicamente na súa totalidade. A presenza feminina convértese, por tanto, nunha anécdota, aínda que se estima, segundo o estudo elaborado polo Observatorio Industrial da Construción a partir de datos da Enquisa de Poboación Activa (INE), que a medra, en termos porcentuais, en oficios, agrupados como “Albaneis, canteiros, tronzadores, labradores e gravadores de pedras” tivo un incremento feminino de máis do 100%⁵¹, supoñendo o 0,4% das mulleres do mundo da construción, fronte a un 26,0% dos homes. Así mesmo, as mulleres especialistas en finanzas, neste ámbito, incrementáronse nun 208,1% e as axentes inmobiliarias e outras axentes, nun 2847,1%⁵².

Preocupación do sector pola desigualdade de xénero

- Cando o sector da construción conta cun 8% de mulleres (2021), a preocupación pola incorporación de máis mulleres, é a 12ª pretensión na axendas das empresas (as de máis de 50 traballadoras/es teñen a obriga de facer un Plan de Igualdade).

Evidencias da problemática	Mulleres
- Traballadoras en (España 2023)	46,5%
- Traballadoras na construción (España 2023), do total de traballadoras/es neste sector	11,2%
- Traballadoras na construción (Galicia 2023), do total de traballadoras/es neste sector.	8,5%

⁵⁰ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 5.

⁵¹ Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 30.

⁵² Observatorio de la construcción, *Mujeres en el sector de la construcción 2023*: 30.

Diferencias de nivel de estudos	Mulleres	Homes
- Educación superior	62,3%	20,3%
- Estudos menores	14,4%	54,1%
- Traballadoras/es sen estudos	0%	100%
Diferencias de dedicación	Mulleres	Homes
- Traballos a pé de obra	7,3%	99,02%
- Albaneis, canteiros, tronzadores, labradores e gravadores de pedras	0,4%	26,0%

Dedicacións maioritarias por xénero	Mulleres	Homes
- Traballos de oficina: Labores administrativas e de oficina, empregadas contables e financeiras, asistentes administrativas e especializadas, do total de mulleres traballadoras na construción.	49,7%	
- raballos de execución de obra: Albaneis, canteiros, tronzadores, labradores e gravadores de pedras; electricistas, peóns, pintores, empapeladores, traballos estruturais, acabados, etc., do total de homes traballadores na construción.		62,4%

Evolución nos últimos anos	Mulleres	Homes
- Incorporación á construción (2022-2023)	5,1%	3,5%

Incorporación de mulleres a varios sectores nos últimos anos	Mulleres
- Alanelas, canteiras, tronzadoras, labradoras e gravadoras de pedra, con respecto ás que había.	+100%
- Finanzas, con respecto ás que había.	+208,1%
- Axentes inmobiliarias e outras axentes, con respecto ás que había.	2847,1%

Cadros resumo de datos. Elaboración propia.

Un estudo realizado en Sevilla no ano 2013⁵³, analizando as barreiras de xénero atribuíbles ao desenvolvemento profesional de mulleres técnicas na construción, centrándose no traballo a pé de obra, sistematizou unha serie de factores que podían influír en marcar diferencias entre xéneros. Todos eles, prexuízos facilmente rebatíbles, pero que teñen un peso importante, tanto na selección de persoal como na inclinación a dedicarse a oficios desta índole. Citando a Anker (1997), algúns destes estereotipos femininos que xogan en contra e que serían aplicables tamén a mulleres artesás, poderían ser: escasa disposición a avaliar ou supervisar o

53 M. Román Onsalo, A. Ríos Paniagua, J. Traverso Cortés, "Barreras de género en el desarrollo profesional de mujeres técnicas de la Construcción": *Revista de la construcción*, vol. 12, n. 1, 2013.



Laura Rodríguez Miranda. *Campo Lameiro, 1959. A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela*. Traballo de Miguel Souto Alonso. Xacobeo 21-22. https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-24947.pdf (Consulta: 01/11/2015).

traballo alleo (liderando un equipo de traballo, por exemplo), menor forza física, menor disposición a viaxar e trasladarse ou menor disposición para afrontar riscos e perigos. Non é preciso argumentar o infundado destas ideas pero o certo é que, nas opinións persoais que recollen, rezuman comportamentos machistas e discriminatorios dando por sentado algúns destes prexuízos e o feito de que as mulleres entrevistadas, senten que teñen que demostrar máis que os homes para exercer un traballo tradicionalmente masculinizado.

Os números evidencian esa clara masculinización do mundo da construción, cunha medra nos últimos anos pouco significativa, pero non desprezable, da presenza feminina. Nos oficios artesanais a pé de obra, a presenza feminina convértese en anecdótica, aínda que non por iso, non significativa.

En Galicia, a canteira Laura Rodríguez Miranda, unha muller do Carballiño, nacida en Campolameiro, é un dos exemplos máis coñecidos e recollidos na prensa. A valía do seu traballo, como o feito nas Catedrais de Santiago e Ourense, lévaa a formar parte do listado da *Red de Maestros de la Construcción Tradicional*⁵⁴ como exemplo de boas prácticas.

Na Catedral de Santiago fixo traballos de restauración entre o ano 2014 e o 2020, na torre sur e na súa cúpula, na segunda torre, no interior do ciborio, nas bóvedas

⁵⁴ Fundación Culturas Constructivas Tradicionales, *Laura Rodríguez, Red Española de la Construcción Tradicional*, <https://redmaestros.com/maestros-cat/laura-rodriguez/> (Consulta: 15/10/2024).



Cristina Molares Gómez traballando no seu taller. <https://anacosdecores.com/sobre-mi/> (Consulta: 01/11/2024).

do Pórtico da Gloria, etc⁵⁵. Ademais da vertente restauradora do seu traballo, tamén colaborou con artistas galegos de referencia como Acisclo Manzano e Xaime Quesada. Tamén leva a cabo labor docente, por exemplo, ensinando a profesionais da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia ou impartindo cursos no INEM.

Comezou a súa formación na Escola de Canteiros de Poio no ano 1981, na que se titularía como mestra canteira tras cinco anos de formación. Conta ela que, a pesares de vir de familia de canteiros, comezou a asistir á Escola de forma casual, acompañando á súa parella, que se estaba a formar alí⁵⁶. Sen dúbida, é indicativo este dato da asunción do oficio da cantería como masculino, distanciándose da posibilidade de ser visto como unha opción viable por iniciativa dunha muller.

Preguntada polo papel reducido das mulleres neste sector, Rodríguez Miranda busca argumentos e confirma a súa posición como pioneira, xunto a algunhas compañeiras: “Xa cando eu empecei, eramos algunhas mulleres. Dúas rapazas máis e eu fomos das primeiras pero despois xa foi entrando máis xente. Que continuaran no traballo, xa hai menos por diversas circunstancias pero si que hai mulleres traballando por aí. Da escola de canteiros si que saíu xente e tamén dalgún obradoiro. O problema que hai agora é que volvemos ter escaseza de xente, non sei por que. Cando foi da crise houbo moita xente que cambiou de traballo ou abandonou. Pero agora hai unha crise nos oficios en xeral, non hai man de obra, non hai xente especializada.

55 X.M.R., “Laura Rodríguez Miranda: “A miña firma quedou agochada nun dos capiteis da catedral de Santiago”. La Voz de Galicia, 27 de agosto do 2023. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/2023/08/27/mina-firma-queda-agochada-nun-dos-capiteis-da-catedral-santiago/0003_202308027C2994.htm (Consulta: 08/10/2024).

56 Carmen García Burgos, “Una mujer entre piedras sagradas”, La Voz de Galicia, 2 de outubro do 2016. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2016/10/02/mujer-piedras-sagradas/0003_20161002C7991.htm (Consulta: 8 de outubro do 2024).

Pasa na cantería pero tamén na carpintería, na olería... Hai moitos sectores que se queixan de que non encontran xente especializada nos oficios hoxe en día. Quizais tamén hai menos xente, en xeral. Pode ser tamén un tema xeracional”⁵⁷.

Outra muller pioneira é Cristina Molares⁵⁸, unha viguesa que deixa o seu traballo como deseñadora de interiores para tomar o relevo no taller do seu pai, cando este xe xubila, en Vidrieras Cosmo⁵⁹. É unha das poucas artesás galegas que continúa a labor do taller familiar como relevo xeracional (estímase que, hoxe en día, só un 7% das/os artesás/ás galegas/os o fan⁶⁰).

Forma parte, tamén, do prestixioso inventario da *Red de Maestros de la Construcción Tradicional*, é unha das poucas artesás vencelladas á construción que está no Rexistro galego de artesáns e na marca Artesanía de Galicia e forma parte da a Asociación para a Restauración-Conservación de Vidreiras en España, ARCOVE. Cristina Molares leva a cabo a súa labor como vidreira tanto en obra nova coma en restauracións e elaborando pezas de xoiería e decoración, coa marca Anacos de Cores⁶¹, a partir da reciclaxe dos sobrantes de vidro. A artesá reivindica o valor patrimonial das vidreiras lamentando o descoñecemento xeral deste traballo e loita para evitar a desaparición do oficio.

Preguntada sobre o feito de ser unha das poucas mulleres vidreiras a nivel galego, confesa que algunhas das dúbidas que lle xurdiron a raíz de tomar a decisión de optar por este oficio teñen que ver co feito de ser muller. Comenta que as compartiu co seu pai: “Como muller, pensas que vou ter algún problema á hora de, por exemplo, ir instalar unha vidreira?”, aínda que, logo da experiencia, confirma que non hai ningún impedimento racional para non exercer esta profesión sendo muller. De feito, con respecto a un dos grandes prexuízos atribuíbles á ter menos forza, comenta que pode que nalgún momento se precise axuda, e esta pode ser perfectamente doutra muller. Non é algo exclusivo do xénero feminino, en todo caso. Achaca esas dúbidas iniciais, sobre todo, á falla de referentes mulleres na profesión. A nivel nacional, hai máis, sobre todo formadas en Conservación e Restauración e que logo se especializaron como vidreiras no estranxeiro.

Tanto a canteira Laura Rodríguez como a vidreira Cristina Molares, ambas as dúas criadas en familias artesás, non pensaron nun primeiro momento tomar o relevo dos oficios paternos por falla de referentes. A labor de divulgación, necesaria en moitos aspectos, parece unha estratexia especialmente efectiva para incentivar a incorporación, tan necesaria, de mulleres a estes oficios. A reducida presenza nos recoñecementos é tamén unha evidencia desta desigualdade. Comenta o director executivo da Fundación Culturas Constructivas Tradiconales, Alejandro García

⁵⁷ Carolina Aldara, “A cantería como forma de vida”, La Región. Ourense, 15 de outubro do 2019. <https://www.laregion.es/articulo/ourense/canteria-como-forma-vida/20191013145241899521.html> (Consulta: 8 de outubro do 2024).

⁵⁸ Ver: “Conversa con Cristina Molares Gómez, artesá vidreira (Vidrieras Cosmo, Vigo)”. *Anexo: Conversas con...*

⁵⁹ Vidrieras Cosmo. <https://vidrierascosmo.com/inicio/> (Consulta: 01/11/2024).

⁶⁰ Luz Paz Atras (coord.). “Anexo 1: Resumo resultados enquisa”.

⁶¹ Anacos de Cores. <https://anacosdecores.com/> (Consulta: 01/11/2024).

Hermida⁶², en referencia aos recoñecementos que concede esta entidade, que con catro premios anuais desde o ano 2017, só se premiou a unhas tres artesás, non por falla de intención de reflexar o valor do traballo de ámbolos xéneros, senón por falla de presenza feminina en moitos dos oficios.

Tamén o director da Fundación Catedral de Santiago, Daniel Lorenzo Santos⁶³, evidencia a través da experiencia destes últimos anos cos traballos de restauración levados a cabo, que hai oficios moi masculinizados, como a carpintería de madeira, mentres que noutros, como na cantería observa, que cada vez máis, hai unha maior igualdade de xénero. O director da Escola de Canteiros de Poio, David Alvariño Pérez⁶⁴, tamén ten unha visión positiva, aínda que moi insuficiente en cifras, da incorporación de rapazas á formación, sobre todo, pola súa valía. Cabe sinalar, non obstante, que a maioría tende a vencellarse á formación máis artística e non tanto á construtiva. O arquitecto Ángel Panero, da Oficina Técnica do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela⁶⁵, recoñece a baixísima presenza de mulleres nos oficios artesáns da construción e aposta por romper os prexuízos sobre a non idoneidade destes para ambos xéneros, considerando que as melloras xerais nestas profesións, incentivarían tamén a incorporación de máis mulleres para reducir esta brecha de xénero.

A prensa faise eco dalgunhas iniciativas singulares para atraer mulleres a traballos tradicionalmente de homes, como a publicada en xullo do 2024, en Alacante. A través dun anuncio, buscan “albanelas” (término non recollido na RAE nin na RAG, pero recomendado pola Fundación de Español Urxente (Fundeu))⁶⁶, pintoras e fontaneiras para a rehabilitación de 124 apartamentos en Almoradí⁶⁷. No ano 2022, a Fundació Ared e o Grup Efebé promoveron un programa de inserción laboral dirixido a 15 mulleres en risco de exclusión social “para romper estigmas no sector laboral da construción”, dentro do Programa Incorpora da Fundación La Caixa⁶⁸. Son medidas tamén anecdóticas que non fan máis que poñer de manifesto a necesidade de abordar o tema dun xeito global, sobre a grave crise dos oficios, e en particular, poñendo o foco de maneira específica sobre as desigualdades de xénero.

62 Ver: “Conversa con Alejandro García Hermida, Director executivo da Fundación Culturas Constructivas Tradicionales”. *Anexo: Conversas con...*

63 Ver: “Conversa con Daniel Lorenzo Santos, Director da Fundación Catedral de Santiago”. *Anexo: Conversas con...*

64 Ver: “Conversa con David Alvariño Pérez, Director do CIFP de Cantería de Galicia (Escola de Canteiros de Poio)”. *Anexo: Conversas con...*

65 Ver: “Ángel Panero Pardo, arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela”. *Anexo: Conversas con...*

66 Fundeu. RAE, “Albañila, femenino adecuado” <https://www.fundeu.es/recomendacion/albanila-femenino-adecuado/#:~:text=Tanto%20la%20alba%C3%B1il%20como%20la,desempe%C3%B1a%20profesionalmente%20trabajos%20de%20alba%C3%B1iler%C3%A1-Da> (Consulta: 15/10/2024).

67 Burgos, Rafa, “Se buscan ‘albañilas’, pintoras y fontaneras para formar cuadrilla”, El País. Comunidad Valenciana, 26 xullo 2024. <https://elpais.com/espana/comunidad-valenciana/2024-07-26/se-buscan-albanilas-para-formar-cuadrilla.html> . (Consulta: 23/09/2024).

68 CincoDías, “Las mujeres reivindican su presencia a pie de obra”, CincoDías, 28 de marzo do 2022. https://cincodias.elpais.com/cincodias/2022/03/27/companias/1648392640_383539.html. Consulta: 23/09/2024.

Na procura de referentes

A situación de crise dos oficios artesanais na construción non é un problema exclusivo de Galicia, senón de todo o Estado e de moitos outros lugares nos que está a acontecer este proceso. Existen, sen embargo, exemplos exitosos aos que mirar, non como receitas directamente aplicables pero si como experiencias para a reflexión sobre posibles liñas de implementación no noso contexto.

A FORMACIÓN: *Les compagnons du Devoir et du Tour de France*⁶⁹.

A Asociación obreira dos *Compagnons du Devoir et du Tour de France* (AOCDTF) é unha asociación, recoñecida como de utilidade pública, fundada no ano 1941, formada por artesás/áns co obxectivo de “realizarse en e a través do seu oficio, nun espírito de apertura e de compartir”. A súa labor como entidade formadora levouna a ser homologada para ingresar na Conferencia das grandes escolas, no ano 2014. Desde o ano 2010, este “gremio de obreiros” (tradución do francés de *compagnonnage*) está inscrito no rexistro do patrimonio cultural inmaterial da UNESCO.

Os oficios, sobre os que hai boa información online, clasifícanse en cinco categorías: Edificación & deseño, Tecnoloxías da industria, Oficios do gusto, Materiais flexibles e outros.

Unha das iniciativas que levan a cabo de maior interese é a formación a través do *Tour de France*. Esta aprendizaxe, a través da viaxe, durante un ano, de aprendices entre 15 e 25 anos de idade, que son formados en talleres en alternancia como empregados, cun complemento de clases xerais, técnicas e culturais en casas dos Compagnons, distribuídas por Francia, e nas que conviven compartindo esta experiencia. Dependendo do nivel de estudos cos que se accede, poden acadarse distintas titulacións. Ademais deste programa estrela, organizan outro tipo de formación para xente máis maior en formación continua, para reciclaxe profesional, etc.

En números, esta entidade ensina 36 oficios, forma a máis de 11.000 mozas/os cada ano, dos que uns 2.600 o fan a través do *Tour de France*, conta con 1464 asalariados, unha rede de 28.000 empresas e 209 lugares de acollida en Francia e no estranxeiro, sendo 64 casas Compagnon.

TRADICIÓN E INNOVACIÓN: Vivenda social do IBAVI (Institut Balera de l'Habitatge)

O Instituto Balear de vivenda (Institut Balear de l'Habitatge. IBAVI) ocúpase da promoción de vivenda protexida nas illas e na xestión dun parque inmobiliario público dunhas 1.800 vivendas en réxime de aluguer. Estes últimos anos está a apostar por promover a investigación en novos modelos residenciais, con novos materiais e técnicas construtivas.

Un destes proxectos innovadores é o *Life Reusing Posidonia*, promovido polo IBAVI e a Dirección Xeral de Enerxía e Cambio Climático da comunidade e financiado polo programa Europeo LIFE+, na categoría de Gobernanza Ambiental. Trátase dun

⁶⁹ Les compagnons du devoir et du Tour de France. <https://compagnons-du-devoir.com/> (Consulta: 10/10/2024).



Compagnons du Tour de France. <https://zwcad.fr/interview-les-compagnons-du-tour-de-france-sequipent-avec-zwcad/> (Consulta: 15/11/2024).



Life Reusing Posidonia. <https://arqa.com/arquitectura/life-reusing-posidonia.html>
(Consulta: 15/11/2024).

proxecto piloto mediante o que, entre os anos 2013 e 2018, se levaron a cabo ensaios de solucións baixas en carbono na edificación.

“O proxecto foi capaz de vincular moi eficazmente patrimonio, arquitectura e cambio climático. De feito, a arquitectura tradicional foi a inspiración constante do proxecto, non como forma, senón como maneira de traballar [...]”⁷⁰. Na construción do proxecto piloto, en Sant Ferran, Formentera, aunando varias estratexias, chegouse a acadar unha redución de emisións do 60,71%, equivalentes a 746 toneladas de CO₂ e unha redución do 75% do gasto enerxético durante a vida útil do edificio. Este proxecto resultou finalista nos Premios Mies van der Rohe, a nivel europeo, no ano 2019.

Entre outras actuacións, este programa traslada á arquitectura contemporánea estratexias aprendidas na tradicional, como o uso de restos de posidonia seca, unha planta mariña, endémica no Mediterráneo, da que as Illas Baleares contan cunha extensión de 55.795 hectáreas. Era usada como illamento nas vivendas, comprobándose hoxe en día, nalgún exemplo do século XIV, que a vida útil é, cando menos, de 600 anos.

Este programa foi sucedido por outros con este carácter experimental e, a estas estratexias, únense outras como o uso de materiais de baixo impacto ambiental, como a terra compactada, a madeira natural nas carpinterías ou paneis estruturais de CLT, nunha combinación de técnicas máis industrializadas e artesanais. Neste senso, hai unha clara aposta polo rescate de materiais e sistemas construtivos tradicionais, como a citada posidonia como illamento, ou a pedra do marés con función estrutural, o que leva a solucións formais próximas ao vernáculo, con edificacións masivas de muros de pedra⁷¹.

A día de hoxe, estas propostas experimentais son vistas como proxectos pioneiros de liñas de traballo que foron creando unha maneira de facer identificable coas illas, plenamente contemporánea e, á vez, próxima ao vernáculo, que ten o seu eco en prestixiosas publicacións e recoñecementos a nivel internacional. Por outra parte, conseguiron servir de referentes para outros proxectos que fan que se estea a recuperar un tecido produtivo tradicional que estaba en perigo de extinción que traballa con materiais locais e que ve nas técnicas tradicionais un punto de partida para a innovación e a contemporaneidade.

AS SINERXIAS CO SISTEMA: Vorarlberg

O caso Vorarlberg é ben coñecido no mundo da arquitectura por ser unha experiencia de referencia de activación sinérxica de todo un sistema cultural, social, económico e produtivo, nesta rexión austríaca, a partir do impulso da produción madeireira. Sendo esta unha zona con grandes extensións de monte arborado e con tradición na construción con madeira, a modernidade internacional de mediados do século XX, relegou este material á imaxe de pobreza das construcións populares dos

⁷⁰ IBAVI, “Escalando los aprendizajes adquiridos: la construcción de vivienda social sostenible en las Islas Baleares”. <https://www.caib.es/webgoib/institut-balear-habitatge-ibavi-> (Consulta: 10/11/2024).

⁷¹ El Croquis, “Vivienda de protección pública, un modelo alternativo. Una conversación con Cris Ballester Parets y Carles Oliver Barceló”. *EL CROQUIS* 219 (Madrid: elcroquiseditorial, 2023): 28.



Capela Salgenreute, Krumbach (Austria). Arquitecto: Bernardo Bader, 2016. <https://www.bernardobader.com/en/projekt/kapelle-salgenreute-2> (Consulta: 15/11/2024).

Alpes, en favor dunha construción con formigón e aceiro. Nos anos 60, arquitectos da rexión, como Leopold Kaufmann, Rudolf Wäger ou Hans Purin, apostaron pola reinterpretación deste material local desde a perspectiva da modernidade, a través de proxectos que fuxían das formas tradicionais e apostaban por construcións modulares, pero incorporando o coñecemento artesán da rexión⁷².

Este impulso puxo en primeiro termo o aproveitamento dos recursos naturais existentes e rescatou dun estado ao borde da extinción á rede de artesáns da madeira, aproveitando e consolidando este coñecemento e evitando a ruptura da transmisión deste. Especialmente, na rexión de Bregenzerwald (o Bosque de Bregenz), moitos arquitectos proviñan de familias vencelladas á construción con madeira e algúns dos seus primeiros clientes eran, precisamente, artesáns deste ámbito. Esta feliz coincidencia -buscada-, impulsou a reivindicación deste oficio como identidade do lugar e das súas xentes: “O traballo é: único; o lugar é: este; e o tempo é: agora”⁷³.

Artesanía e industria foron da man desde un primeiro momento xerando unha nova cultura arquitectónica híbrida na que ambos sistemas produtivos participan. Estas colaboracións levaron á dignificación do sistema produtivo, logrando a identificación da madeira como un material apto para equipamentos e edificios representativos. Isto foi posible, grazas á construción de escolas, edificios de concellos, estacións de autobuses, etc, é dicir, equipamentos públicos que serviron de mostra e incentivo para outras iniciativas privadas. Tamén coa atracción de arquitectos recoñecidos internacionalmente, como o Pritzker Peter Zumthor, autor, xunto cos artesáns de Bregenz Forest, do edificio de exposicións WerkraumHaus, en Andelsbuch. A promoción da investigación e a divulgación nestes ámbitos xogou e xoga un papel crucial na evolución destes procesos, garantindo que a produción siga ligada a conceptos de sustentabilidade real, coa creación do Instituto de Arquitectura de Vorarlberg, o *vai*⁷⁴.

Estas iniciativas conseguiron atraer arquitectas/os a traballar á rexión, moitos deles orixinarios deste lugar pero formados fóra. Na actualidade, arquitectos recoñecidos a nivel internacional, como Bernardo Bader, son deudores destes procesos que comezaron hai máis de cincuenta anos, con obras como a Capela Salgenreute, construída no ano 2016 en Krumbach, coa participación de máis de cen habitantes e artesáns da zona.

A transformación desta percepción de interese cara a madeira como material contemporáneo apóiase na estratexia de ligala a proxectos arquitectónicos

72 Sandra Hofmeister, “From Lake Constance to the Montafon: Building culture in Vorarlberg”: Sandra Hofmeister (ed.), *Timber Structures in Vorarlberg, Architecture Craft Environment* (Munich: Detail, 2017): 9.

73 Florian Alcher, “In search of synthesis: Architecture and craft in Bregenz Forest”: Sandra Hofmeister (ed.), *Timber Structures in Vorarlberg, Architecture Craft Environment* (Munich: Detail, 2017): 17.

74 Vorarlberger Architektur Institut. <https://v-a-i.at/>. (Consulta: 10/11/2024).

contemporáneos, símbolos dunha produción sensible co medioambiente e a sustentabilidade, que a reivindicaban como identidade definitoria de Vorarlberg a través de aspectos que atíñen á paisaxe, ás características singulares de espazos confortables, con propiedades hápticas singulares como o olor, as cores, etc.⁷⁵.

Xa nos anos 80, Vorarlberg era un lugar de referencia e atractivo cultural no que a arquitectura se converteu nun factor económico de primeiro orde que incentivou un sistema produtivo industrial e artesanal, garantindo a salvagarda do coñecemento tradicional como patrimonio vivo, e xerando sinerxias que ataíñen a unha produción forestal racionalizada e á medra dunha cultura identitaria propia.

Bibliografía

Andrés Lacasta, José Alberto; García Bernal, Javier; García Casarejos, Ma Nieves; Rosell Martínez, Jorge; Salas Fumas, Vicente. *Estudio sobre las necesidades formativas en el sector de la construcción*. Fundación Laboral de la Construcción e Universidade de Zaragoza (2021). Observatorio de la Construcción. <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/informes/detalle/estudio-sobre-las-necesidades-formativas-en-el-sector-de-la-construccion> (Consulta: 10/11/2024).

Arqa. *Life Reusing Posidonia*. <https://arqa.com/arquitectura/life-reusing-posidonia.html> (Consulta: 15/11/2024).

Baamonde, Antón. *Galicia, distrito industrial. Conversas con Daniel Hermosilla*. Vigo: Editorial Galaxia S.A., 2024.

Bader, Bernardo. *Capela Salgenreute, Krumbach (Austria)*. <https://www.bernardobader.com/en/projekt/kapelle-salgenreute-2> (Consulta: 15/11/2024).

BOE. *Real Decreto 276/2007, de 23 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de ingreso, accesos y adquisición de nuevas especialidades en los cuerpos docentes a que se refiere la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, y se regula el régimen transitorio de ingreso a que se refiere la disposición transitoria decimoséptima de la citada ley*. BOE 53, 2 de marzo de 2007. BOE-A-2007-4372. (Consulta: 01/15/2024).

BOE. *Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional*. BOE 174, 22 de xullo do 2023. BOE-A_2023-16889. (Consulta: 01/15/2024).

CIFT de Cantería de Galicia. <https://centros.edu.xunta.gal/centroescoladecanteiros/>. (Consulta: 01/11/2024).

El Croquis. “Vivienda de protección pública, un modelo alternativo. Una conversación con Cris Ballester Parets y Carles Oliver Barceló”. *El CROQUIS* 219. Madrid: elcroquiseditorial, 2023): 6-37.

Frampton, Kenneth. “Prospects for a Critical Regionalism”: *Perspecta: The Yale Architectural Journal*, vol. 20 (1983): 147-162.

⁷⁵ Renate BreuB, “When romos smell: On the sensory and atmospheric qualities of timber construction and craft”: Sandra Hofmeister (ed.), *Timber Structures in Vorarlberg, Architecture Craft Environment* (Munich: Detail, 2017): 27-38.

- Fundación Culturas Constructivas Tradicionales. <https://culturasconstructivas.org/fundacion/> (Consulta: 15/10/2024).
- Fundación Culturas Constructivas Tradicionales. *Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional*. <https://redmaestros.com/> (Consulta: 15/10/2024).
- Fundación Laboral de la Construcción. *Curso de Especialización en Gestión de Obras de rehabilitación*. CEGOR. <https://microsites.fundacionlaboral.org/cegor?pag=2&idioma=0> (Consulta: 15/10/2024).
- Goy Diz, Ana. *Artistas, talleres e gremios en Galicia (1600-1650)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade, 1998.
- Hofmeister, Sandra (ed.). *Timber Structures in Vorarlberg, Architecture Craft Environment*. Munich: Detail, 2017.
- IBAVI. “Escalando los aprendizajes adquiridos: la construcción de vivienda social sostenible en las Islas Baleares”. <https://www.caib.es/webgoib/institut-balear-habitatge-ibavi-> (Consulta: 10/11/2024).
- Instituto de Transición Justa. *Principio DNSH*. https://www.transicionjusta.gob.es/Documents/el_instituto/Convenios_transicion_justa/common/Infra_municipales_PRTR/DNSH%20v3.pdf (Consulta: 15/11/2024).
- Les compagnons du devoir et du Tour de France*. <https://compagnons-du-devoir.com/> (Consulta: 10/10/2024)
- López Gómez, Felipe-Senén (ed.). *Guía da Artesanía de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995.
- Lorenzo Fernández, Xaquín. *Os oficios*. Vigo: Galaxia, 1983.
- Martínez Otero, Santiago. *Chago. O Ferreiro de Compostela*. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Delegación de Santiago. 4 de outubro do 2024 (conferencia).
- Mileto, Camilla; Vegas López-Manzanares, Fernando. “El arquitecto restaurador en España”: Galán Pérez, Ana; Pardo San Gil, Diana (coord.), *Las Profesiones del Patrimonio Cultural. Competencias, formación y transferencia del conocimiento: reflexiones y retos en el Año Europeo del Patrimonio Cultural 2018*. Madrid: Grupo Español del IIC y Asociación de Conservadores Restauradores de España, 2018.
- Ministerio de Cultura. *Libro Verde para a xestión sostible do patrimonio cultural*. https://libreria.cultura.gob.es/libro/libro-verde-para-la-gestion-sostenible-del-patrimonio-cultural_10469/ (Consulta: 15/10/2024).
- Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana. *Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos*. PIREP. https://www.mivau.gob.es/ministerio/proyectos-singulares/prtr/agenda_urbana_y_vivienda/pirep/convocatoria-de-2022-del-programa-de-ayudas-entidades-locales-para-la-rehabilitacion-de-edificios-publicos (Consulta: 01/11/2024).
- Naylor, Gillian. *The Bauhaus Reassessed. Sources and Design Theory*, 1985: 42.
- New European Bauhaus. <https://neweuropeanbauhaus.es/comision-europea/> (Consulta: 23/11/2024).
- Observatorio de la construcción. *Mujeres en el sector de la construcción 2023*, Fundación Laboral de la Construcción, 2024. <https://www.>

- observatoriodelaconstruccion.com/informes/detalle/mujeres-en-el-sector-de-la-construccion-2023 . (Consulta: 01/11/2024).
- Paz Agras, Luz (coord.), *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea*. Santiago de Compostela: CES-Galicia, 2024.
- Paz Agras, Luz. “La plaza circular de Sargadelos. El espacio de confluencias para el Laboratorio de Formas”: *VII Congreso Pioneros de la Arquitectura Moderna. El espacio entre interior y exterior*, coord. Teresa Couceiro Núñez. Madrid: Fundación Alejandro de la Sota, 2022: 278-290.
- Román Onsalo, M.; Ríos Paniagua, A.; Traverso Cortés, J. “Barreras de género en el desarrollo profesional de mujeres técnicas de la Construcción”: *Revista de la construcción*, vol. 12, n. 1, 2013.
- Servicio Andaluz de Empleo. *Inventario de oficios en peligro de extinción*. CRN. Consejería de Empleo, Empresa y Trabajo Autónomo. <https://crnandalucia.com/inventario-oficios-peligro-extincion/> (Consulta: 15/11/2024).
- Souto Alonso, Miguel. *Laura Rodríguez Miranda. Campo Lameiro, 1959. A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela*. Xacobeo 21-22. https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-24947.pdf (Consulta: 01/11/2015).
- Universidade da Coruña. *Mestrado Universitario en Rehabilitación Arquitectónica*. <https://www.udc.es/es/mura/> (Consulta: 15/11/2024).
- Vorarlberger Architektur Institut. <https://v-a-i.at/>. (Consulta: 10/11/2024).
- Xunta de Galicia. *Lei 8/2023, do 14 de decembro, da artesanía de Galicia*. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231219/AnuncioC3B0-151223-0001_es.html (Consulta: 01/11/2024).
- Xunta de Galicia. *VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres, 2022-2027*. <https://igualdade.xunta.gal/es/programas/viii-plan-estrategico-de-igualdad-2022-2027-solo-gallego> (Consulta: 01/11/2024).

4



Oficios e economía

Oficios e economía

A relevancia dos oficios artesanais no sector da construción

David Peón Pose

Introdución

Obxectivos do informe e delimitación das actividades económicas a analizar

Este capítulo do informe pretende analizar a importancia dos oficios artesanais no sector da construción e na economía galega, dentro das limitacións das fontes e o nivel de detalle dispoñible. A análise céntrase en aspectos económicos e financeiros, con indicadores clave que permiten examinar o impacto destes oficios: a estrutura e características das empresas e asociacións implicadas, o volume de produción e ingresos xerados, a contribución á creación de emprego, o valor engadido e a súa participación no PIB galego.

Con este propósito, unha cuestión esencial a abordar de inicio é a delimitación das actividades económicas que definen, a efectos deste informe, os oficios artesanais na construción. Baseámonos nas seguintes fontes. En primeiro lugar, a Lei 8/2023, do 14 de decembro, de Artesanía de Galicia (*Lei 8/2023*) actualiza a normativa reguladora da artesanía en Galicia. O Capítulo II “Ordenación e regulación do sector artesanal galego” establece a **Relación de actividades artesás**: “actividades económicas artesanais, clasificadas conforme a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) (... que) terá o contido, a estrutura e a sistemática que se determine regulamentariamente e será elaborada e modificada mediante orde da consellaría competente en materia de artesanía, por proposta da Comisión Galega de Artesanía (...) e inscribírase no **Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia**, segundo o disposto no artigo 12 desta lei.” (*Lei 8/2023, art. 5*). A última actualización desta relación foi na Orde de 12 de Abril de 2017 (*Orde 2017*), correspondendo coa listaxe de actividades dispoñible no buscador de obradoiros de artesanía rexistrados no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.¹

Parte destas actividades están referidas a oficios artesanais do sector da construción, mais non todas. Ademais, cabe a posibilidade de que oficios tradicionais relevantes na construción non estean considerados nesa listaxe. Por iso, contrástase esta listaxe coa información que facilitan dúas entidades con especial presenza na protección, fomento e difusión dos oficios artesanais. Por unha banda, o *Observatorio Industrial de la Construcción*,² en consulta realizada á *Fundación Laboral de la Construcción*,³

1 Dispoñible no enderezo web: <https://economia.xunta.gal/rexistro-de-talleres-de-artesanía>

2 Web do Observatorio: <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/>

3 Web da Fundación: <https://www.fundacionlaboral.org/>

identifica como principais oficios artesáns os seguintes – todos eles recoñecidos na Orde de 2017 de actividades artesáns:

- **Cantería e pedra.** Correspóndese cos oficios artesáns canteiro e tallista de pedra ou mármore na Orde de 2017.
 - **Pintor-decorador de vidro.** Incluiría os oficios artesáns vidreiro, vitralista e tallista de vidro.
 - **Pintor-decorador de xeso e estucador.** Identificado como “Pinturas e revestimentos decorativos, pintor-decorador(a), estucador” na Orde de 2017.
 - **Pintor-decorador de rótulos.** Relacionado cos oficios artesáns escaparatismo e rotulación.
 - **Estampador de cerámica.** Relacionado co oficio artesán de ceramista (decorador, muralista, esmaltista, modelador).
 - **Mosaiquista.** Correspóndese co oficio artesán de produtor de mosaicos. Ademais, a Fundación Laboral facilita as ocupacións máis contratadas en Galicia.⁴ Entre elas se atopan oficios relacionados na Orde de 2017, mais tamén outros non recoñecidos como artesanía. Entre os primeiros atopamos:
 - **Montadores de estruturas metálicas.** Corresponderíase con varios oficios relacionados co traballo con metais, que na Orde de 2017 son: fundidor, ferreiro, esmaltista, metalisteiro (traballos de diverso tipo en metais), cerralleiro decorativo ou artístico.
 - **Artesáns doutros oficios** non clasificados noutros epígrafes. Namentres, entre os principais oficios non recoñecidos na Lei de Artesanía de Galicia estarían:
 - Albanelería.
 - Outros traballadores das obras estruturais de construción non clasificados noutros epígrafes.
- Cabe salientar o feito de que as actividades relacionadas coa madeira non figuran entre as identificadas polo Observatorio. As recoñecidas na Orde de 2017 son:
- Carpinteiro, torneiro de madeira e tallista, dentro das actividades da Industria da madeira.
 - Ebanista, dourador e tapiceiro, dentro das actividades de Fabricación de mobles. Si inclúe estas actividades a segunda entidade consultada, a *Fundación Culturas Constructivas Tradicionales*,⁵ a cal emprega un enfoque máis amplo na definición de actividades que integran a construción, a arquitectura e o urbanismo tradicionais, listada na súa *Red de Maestros*.⁶ A listaxe completa de oficios tradicionais que ofrecen é a seguinte (en español):
 - **Albañilería:** Albañilería, Bóvedas encamonadas, Bóvedas tabicadas, Cubiertas planas, Cuevas, Hornos, Muros de caña y barro, Muros de mampostería, Muros de tapial y adobe, Otras bóvedas y arcos de ladrillo, Solados de piedra, cerámicos y otros.
 - **Cal y yeso:** Escayola, Esgrafiados, Estucos, Fabricación de cal, Fabricación de yeso, Mocárabes de yeso, Pavimentos de cal o yeso, Pintura a la cal, Pintura al fresco, Revocos y enlucidos, Yeserías.

4 Accesible no enderezo web: <https://www.observatoriodelaconstruccion.com/barometro/mercado-trabajo-ocupaciones>

5 Web da Fundación: <https://culturasconstructivas.org/>

6 Listaxe accesible en: <https://redmaestros.com/>

- **Cañas y fibras:** Chozas, Cubiertas vegetales, Elementos de mimbre y cañizo, Espartería, Obtención de caña y fibras vegetales-
- **Cerámica:** Azulejería y otros revestimientos cerámicos (puesta en obra), Decoración de azulejos, Fabricación de azulejos, Fabricación de ladrillos, Fabricación de otros elementos cerámicos, Fabricación de tejas, Tallado en ladrillo de barro cocido-
- **Extracción:** Extracción de arcilla, Extracción de arenisca, Extracción de caliza, Extracción de granito, Extracción de mármol, Extracción de metales.
- **Formación:** Centros de formación en oficios para la construcción tradicional y la restauración del patrimonio, Formación.
- **Madera:** Armaduras de cubierta, Artesonados, Aserraderos, Barreras de madera, Carpintería de ribera, Carpinterías de madera, Cubiertas de tablilla, Ebanistería, Entarimados y otros pavimentos de madera, Forjados de madera, Hórreos, paneras y cabazos, Mecanismos de molinos y norias, Mocárabes de madera, Muros entramados de madera, Retablos, altares y sillerías, Talla de madera, Taraceados, Tornería.
- **Metal:** Emplomados, Fundición, Fundición de campanas, Herrajes, Hojalatería, Lámparas, faroles y apliques, Orfebrería, Rejería.
- **Otros:** Barracas, Dorados, Fabricación de adobe, Fabricación de baldosa hidráulica, Mosaicos, Relojería.
- **Piedra:** Bóvedas y arcos de piedra, Cantería, Cubiertas de piedra, Empedrados, Labra en piedra, Piedra en seco.
- **Vidrio:** Talla de vidrio, Vidrieras.

Actividades económicas analizadas

Partindo da revisión facilitada no epígrafe anterior, procédese a delimitar as actividades económicas analizadas neste informe mediante referencia á Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Os CNAE regúlanse no Real decreto 475/2007, de 13 de abril, “*por el que se aprueba la Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009)*” (RD 475/2007). A clasificación estrutúrase en catro niveis:⁷

- Sección. Identificada cunha letra maiúscula (e.g., A, B, ...).
- División. Identificada cun número de dúas cifras (e.g., 01, 02, ...).
- Grupo. Identificada cun número de tres cifras (e.g., 01,5, 01,6, ...).
- Clase. Identificada cun número de catro cifras (e.g., 01,11, 01,12, ...).

Por simplificación, no texto deste informe empregaranse as identificacións de grupo e clase sen puntuación (e.g., grupo 141, clase 1413). A Táboa 1 a continuación ofrece a listaxe completa de grupos e clases CNAE que integran os oficios tradicionais obxecto de estudo neste informe.

⁷ Pódese acceder á estrutura da clasificación CNAE e unha explicación detallada de todas as actividades que integran cada nivel nas Notas explicativas do Instituto Nacional de Estadística (INE, 2022), accesible en www.ine.es/daco/daco42/clasificaciones/cnae09/notasex_cnae_09.pdf

Táboa 1. Relación de grupos e clases CNAE-2009 que recollen os oficios tradicionais a analizar.

Grupos Actividades		Clases Actividades	
16,1	Aserrado y cepillado de la madera	1610	Aserrado y cepillado de la madera
16,2	Fabricación de productos de madera, corcho, cestería y espartería	1623	Fabricación de otras estructuras de madera y piezas de carpintería y ebanistería para la construcción
		1629	Fabricación de otros productos de madera; artículos de corcho, cestería y espartería
23,1	Fabricación de vidrio y productos de vidrio	2312	Manipulado y transformación de vidrio plano
		2319	Fabricación y manipulado de otro vidrio
23,3	Fabricación de productos cerámicos para la construcción	2331	Fabricación de azulejos y baldosas de cerámica
23,4	Fabricación de otros productos cerámicos	2341	Fabricación de artículos cerámicos de uso doméstico y ornamental
23,7	Corte, tallado y acabado de la piedra	2370	Corte, tallado y acabado de la piedra
24,5	Fundición de metales	2451	Fundición de hierro
		2454	Fundición de otros metales no féreos
25,5	Forja, estampación y embutición de metales; metalurgia de polvos	2550	Forja, estampación y embutición de metales; metalurgia de polvos
25,6	Tratamiento y revestimiento de metales	2561	Tratamiento y revestimiento de metales
25,7	Fabricación de artículos de cuchillería y cubertería, herramientas y ferretería	2572	Fabricación de cerraduras y herrajes
31,0	Fabricación de muebles	3109	Fabricación de otros muebles
43,3	Acabado de edificios	4331	Revocamiento
		4332	Instalación de carpintería
		4333	Revestimiento de suelos y paredes
		4334	Pintura y acristalamiento
		4339	Otro acabado de edificios
43,9	Otras actividades de construcción especializ.	4391	Construcción de cubiertas
		4399	Otras actividades de construcción especializada n.c.o.p.
74,1	Actividades de diseño especializado	7410	Actividades de diseño especializado

Fonte: Elaboración propia.

Unha das limitacións principais á hora de analizar a contribución dos oficios artesanais á economía de Galicia é que calquera grupo CNAE dos aquí identificados incluíra máis actividades que a dos oficios artesanais que se pretenden analizar. Esta problemática limita a interpretación das estatísticas oficiais dispoñibles, xa que non permitirá asumir que toda a actividade rexistrada baixo un grupo CNAE específico se corresponde con oficios artesanais.

Feita esta aclaración, unha primeira análise das seccións e divisións nas que a CNAE 2009 divide os sectores económicos permite un primeiro achegamento á contribución dos oficios artesáns na economía. A Táboa 2 identifica as divisións CNAE con presenza de oficios artesáns.

Táboa 2. Códigos CNAE 2009 por seccións; sección C desglosada en divisións (2 díxitos).

Sección CNAE-2009	Divisións CNAE 2009
A.- Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	01, 02 & 03
B.- Industrias extractivas	05, 06, 07, 08 & 09
C.- Industria manufacturera	10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32 & 33 Incluído: 16.- Industria da madeira e da cortiza; cestería e espartaría 23.- Fabricación doutros produtos minerais non metálicos 24.- Metalurxia 25.- Fabricación de produtos metálicos 31.- Fabricación de mobles
D.- Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondic.	35
E.- Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	36, 37, 38 & 39
F.- Construcción	41, 42 & 43 Incluído: 43.- Actividades de construción especializada
G.- Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	45, 46 & 47
H.- Transporte e almacenamento	49, 50, 51, 52 & 53
I.- Hostalería	55 & 56
J.- Información e comunicacións	58, 59, 60, 61, 62 & 63
K.- Actividades financeiras e de seguros	64, 65 & 66
L.- Actividades inmobiliarias	68
M.- Actividades profesionais, científicas e técnicas	69, 70, 71, 72, 73, 74 & 75 Incluído: 74.- Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
N.- Actividades administrativas e servizos auxiliares	77, 78, 79, 80, 81 & 82
O.- Administración Pública e defensa; Seguridade Social	84
P.- Educación	85
Q.- Actividades sanitarias e de servizos sociais	86, 87 & 88
R.- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	90, 91, 92 & 93
S.- Outros servizos	94, 95 & 96
T.- Actividades dos fogares como empregadores de personal doméstico; ou como produtores de bens e servs. uso propio	97 & 98
U.- Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	99

Noutra cor: divisións que inclúen cando menos un grupo CNAE identificado na Táboa 1.

Fonte: Elaboración propia a partir de INE (2022).

A maior parte das divisións CNAE nas que se encadran os oficios artesáns corresponden á sección C da **Industria manufactureira**. Así, 5 das 7 divisións con presenza de oficios artesáns pertencen a esta industria: industria da madeira e cortiza, cestería e espartaría (16), fabricación doutros produtos minerais non metálicos (23), metalurxia (24), fabricación de produtos metálicos (25), e fabricación de mobles (31). Correspóndense cos oficios de carpintaría, tornaría e talla na división 16, vidreiro, vitralista e tallista de vidro no grupo 231, cerámica e decorador de cerámica nos grupos 233 e 234, canteiro e talla de pedra no grupo 237, fundición e fundidor de campás na división 24, ferreiro, follalateiro, esmaltista, metalisteiro e cerralleiro na división 25, e ebanista, dourador e tapiceiro na división 31. Ben é certo que a industria manufactureira conta coa maior representación de divisións CNAE, ata un total de 24, supoñendo as 5 divisións con presenza de oficios artesáns o 21%.

O **sector da construción** (sección F do CNAE) está dividido unicamente en 3 seccións, estando os oficios tradicionais presentes nunha delas: actividades de construción especializada (43). Inclúen actividades artesás recoñecidas na Lei de Artesanía, como a produción de mosaicos, pintor-decorador, estucador, pinturas e revestimentos decorativos, todas elas no grupo CNAE 433 Acabado de edificios. Integramos ademais nesta sección outros oficios artesáns non recoñecidos en dita *Lei 8/2023*; en particular, os relacionados con revocamento, instalación de carpintaría, revestimento de chans e paredes, pintura e acristalamento, e outro acabado de edificios. E, por último, entrarían a través do grupo CNAE 439 Outras actividades de construción especializada oficios artesáns de construción de cubertas e outros oficios de construción especializados.

Por último, habería unha presenza menor na Sección M de Actividades profesionais, a través dos oficios de escapatismo e rotulación, que a CNAE-2009 encadra no grupo 741 Actividades de deseño especializado. A efectos deste informe imos obviar este último grupo, entendendo que a contribución dos oficios tradicionais no sector de actividades profesionais, científicas e técnicas é residual.

Por tanto, a **aproximación metodolóxica que se propón neste estudo** para avaliar a relevancia dos oficios artesáns na economía galega será a seguinte. O informe se estrutura en dúas partes:

- **PARTE I: Relevancia dos Oficios Artesáns na Economía Galega.** Esta parte do informe empregará unicamente fontes secundarias de información. Proporcionaranse estatísticas oficiais sobre **o peso da industria manufactureira e do sector da construción** na economía galega, e dentro delas, o peso relativo que supoñen as divisións CNAE 16, 23, 24, 25, 31 e 43 asociadas a oficios tradicionais.
- **PARTE I: Os Oficios Artesáns.** Nesta parte do informe empregaranse como fonte primaria de información o acceso aos obradoiros de artesanía rexistrados no rexistro de talleres de artesanía que se corresponden con oficios artesáns. En base ás estimacións obtidas desta fonte e en combinación coa análise da Parte I, completárase a estimación da contribución económica dos oficios artesáns á economía galega.

PARTE I: Relevancia dos oficios artesáns na economía galega

Esta parte do Informe segue unha estrutura de contidos baseada nos informes de Lago et al. (2023) e Peón et al. (2020).

Contexto xeral

A Táboa 3 amosa o peso da industria manufactureira e do sector da construción nas economías da zona Euro e principais países do entorno. A **industria manufactureira** (sección C do CNAE-2009) representa en torno ao 16,5% do valor engadido bruto anual (VEB, superior aos 2 billóns de euros) e o 17,0% da remuneración de asalariados. Esta industria amosa ademais un certo carácter cíclico, tal e como evidencia a maior caída de actividade durante a pandemia en 2020 e a maior recuperación posterior. O **sector da construción** (sección F do CNAE-2009), pola súa banda, supón apenas o 5,5% do VEB (uns 720 mil millóns de euros) e unha porcentaxe similar da remuneración de asalariados. Ten, por tanto, un peso relativo nas economías da zona Euro tres veces inferior á industria manufactureira. Como aspecto positivo, nos últimos anos amosa unha tendencia máis robusta.

Táboa 3. Valor engadido bruto e remuneración de asalariados – selección de países da zona Euro.

	Valor engadido bruto					Remuneración de asalariados				
	2019	2020	2021	2022	2023	2019	2020	2021	2022	2023
Euro Area - 19 países										
Total	10.747,86	10.347,74	11.170,63	12.161,98	12.995,23	5.765,61	5.658,84	5.993,38	6.046,73	6.841,58
NACE Manufacturas	1.774,98	1.670,21	1.846,23	2.012,48	2.106,00	996,81	951,71	996,85	1.043,49	1.108,75
%	16,5%	16,1%	16,5%	16,5%	16,2%	17,3%	16,8%	16,6%	17,3%	16,2%
NACE Construción	547,41	541,31	589,60	643,77	716,90	307,81	306,84	334,34	360,99	385,50
%	5,1%	5,2%	5,3%	5,3%	5,5%	5,3%	5,4%	5,6%	6,0%	5,6%
Alemaña										
Total	3.130,57	3.086,38	3.276,38	3.509,63	3.767,91	1.853,44	1.848,58	1.913,78	2.019,75	2.155,52
NACE Manufacturas	680,21	637,98	684,03	714,82	768,96	438,87	417,53	424,88	439,22	466,46
%	21,7%	20,7%	20,9%	20,4%	20,4%	23,7%	22,6%	22,2%	21,7%	21,6%
NACE Construción	144,35	155,74	163,04	173,92	205,02	86,81	90,76	94,71	100,82	106,51
%	4,6%	5,0%	5,0%	5,0%	5,4%	4,7%	4,9%	4,9%	5,0%	4,9%
España										
Total	1.129,62	1.021,09	1.105,85	1.225,63	1.331,96	580,20	560,70	599,36	643,05	699,68
NACE Manufacturas	135,93	122,99	138,19	153,55	167,94	72,66	71,25	73,87	77,49	82,31
%	12,0%	12,0%	12,5%	12,5%	12,6%	12,5%	12,7%	12,3%	12,1%	11,8%
NACE Construción	73,77	63,70	65,54	73,14	80,81	35,86	35,66	38,36	42,57	47,95
%	6,5%	6,2%	5,9%	6,0%	6,1%	6,2%	6,4%	6,4%	6,6%	6,9%
Francia										
Total	2.150,69	2.056,55	2.212,76	2.371,28	2.536,59	1.243,04	1.195,01	1.285,64	1.377,05	1.448,93
NACE Manufacturas	241,06	214,34	228,13	253,43	274,67	142,27	132,68	141,72	149,21	157,71
%	11,2%	10,4%	10,3%	10,7%	10,8%	11,4%	11,1%	11,0%	10,8%	10,9%
NACE Construción	123,12	116,01	125,99	129,45	143,14	75,58	71,97	80,29	84,61	88,07
%	5,7%	5,6%	5,7%	5,5%	5,6%	6,1%	6,0%	6,2%	6,1%	6,1%
Italia										
Total	1.611,37	1.502,86	1.636,96	1.764,47	1.876,60	721,52	679,50	736,16	788,10	822,99
NACE Manufacturas	267,42	242,45	282,91	305,71	328,06	150,10	138,97	154,46	161,46	169,74
%	16,6%	16,1%	17,3%	17,3%	17,5%	20,8%	20,5%	21,0%	20,5%	20,6%
NACE Construción	69,19	65,96	85,33	101,92	110,28	33,02	31,09	37,90	43,76	47,09
%	4,3%	4,4%	5,2%	5,8%	5,9%	4,6%	4,6%	5,1%	5,6%	5,7%

Portugal										
Total	185,54	174,77	187,07	209,79	231,06	97,10	97,12	104,10	112,83	125,06
NACE Manufacturas	25,50	24,10	26,72	29,70	31,72	14,31	14,07	15,02	16,06	17,39
%	13,7%	13,8%	14,3%	14,2%	13,7%	14,7%	14,5%	14,4%	14,2%	13,9%
NACE Construción	8,15	8,35	8,70	10,05	11,12	5,30	5,50	6,11	6,74	7,74
%	4,4%	4,8%	4,6%	4,8%	4,8%	5,5%	5,7%	5,9%	6,0%	6,2%

Datos en miles de millóns de euros.

Fonte: Eurostat.

España conta cun **peso da industria manufactureira notablemente inferior á da media europea**, en torno a 4 puntos porcentuais. Así, os 168 mil millóns de euros de VEB da industria manufactureira en 2023 supoñen o 12,6% da economía española, cunha remuneración de asalariados en torno ao 12,0%. No lado positivo, o valor engadido pola industria manufactureira en España creceu máis dun 10% anual, superando a media da zona Euro e das principais economías europeas. Pola contra, o peso da industria manufactureira en economías como a de Alemaña é superior ao 20%, e a contribución á remuneración de asalariados é case o dobre da española en países como Alemaña e Italia (en torno ao 21-22%). En Portugal, a relevancia da industria manufactureira é tamén algo maior, representando preto do 14% do valor engadido e da remuneración de asalariados. Entre os principais países da zona Euro, só Francia ten unha porcentaxe inferior, en torno ao 11%.

En cambio, a economía española conta cun **maior peso do sector da construción** que calquera das economías da zona Euro analizadas. Os máis de 80 mil millóns de euros de VEB en 2023 supoñen o 6,1% da economía española, apenas medio punto porcentual superior á media da zona Euro. Isto supón que o sector da construción ten un peso relativo na economía española só dúas veces inferior á da industria manufactureira (fronte a tres veces na zona Euro). Con todo, a tendencia dos últimos anos é decrecente, como amosa o feito de que en 2019 o peso da construción na economía española era case 1,5 puntos porcentuais superior á media europea. Malia iso, continúa sendo o país con maior peso relativo da construción, seguido de cerca por Italia, e tamén o que amosa un maior peso relativo da remuneración de asalariados no sector (cerca do 7,0%, fronte á media europea inferior ao 6,0%). Portugal sería o país dos analizados con menor relevancia da construción en termos de contribución ao VEB, por debaixo do 5,0%.

Á vista destes datos, resulta especialmente destacable comprobar como a relación entre manufactura e construción invértese en termos de empresas activas. A Táboa 4 emprega estatísticas de dúas fontes – o Directorio Central de Empresas (DIRCE) e Ministerio de Trabajo y Economía Social – para ofrecer sendas estimacións do peso da industria manufactureira e do sector da construción na estrutura empresarial da economía española. En 2022, o sector industrial contaba con máis de 177 mil empresas activas no DIRCE, representando o 5,55% do total (excluído o sector agrario). Pola súa banda, as empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social superaban as 105 mil (case o 8% do total), das cales 97.900 (**o 7,36% das empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social pertencían á industria manufactureira**). O total de traballadores inscritos nesta industria superaba os 1,91 millóns. O peso relativo do sector da construción neste sentido é superior. A decembro de 2022 contaba con case 377 mil empresas activas no DIRCE (o 11,75%), e máis de 136 mil empresas con traballadores inscritas na Seguridade

Social (**o 10,25% das empresas**) **son do sector da construción**. Esta asimetría apunta a unha menor xeración de valor engadido nas actividades de construción e, presumiblemente, a unha menor tamaño das empresas de construción. En efecto, a mesma estatística do Ministerio de Trabajo y Economía Social arroxa algo máis de 922 mil traballadores da construción inscritos na Seguridade Social. Isto supón unha media de 6,8 traballadores por empresa no sector da construción, fronte aos 19,5 traballadores por empresa na industria manufactureira.

Táboa 4. Empresas activas no DIRCE e empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social – distribución sectorial a decembro de 2022.

	Empresas activas (DCE)		Empresas en Seg. Social	
Total sectores	3.207,580		1.329,897	
Agrario			106.401	8,00%
Industria	177.865	5,55%	105.523	7,93%
Manufactura			97.900	7,36%
Construcción	376.996	11,75%	136.224	10,24%
Comercio	646.339		20,15%	
Resto servicios	2.006,380		62,55%	
			981.749	73,82%

Fonte: Directorio Central de Empresas e Ministerio de Trabajo y Economía Social.

A industria manufactureira e o sector da construción na economía galega

Neste apartado e seguintes da Parte I do informe, referidos á economía de Galicia, tomaranse datos correspondentes ao exercicio 2021. Existindo en moitos casos estatísticas algo máis recentes, óptase por esta opción por comparabilidade dos datos dispoñibles, xa que o Instituto Galego de Estatística (IGE) non ofrece datos máis recentes das contas de produción e explotación por ramas de actividade da economía galega, nin da explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para a obtención dos agregados por ramas de actividade das contas das sociedades mercantís rexistradas en Galicia.

A Táboa 5 reflicte as cifras de produción, VEB e emprego no ano 2021 en Galicia, a partir das estimacións do IGE. Comezando pola industria manufactureira en Galicia, o seu peso é lixeiramente superior á media española, mais de novo tamén claramente inferior á media europea. Así, os 7,6 mil millóns de euros de 2021 supoñen o 12,9% do valor engadido bruto (VEB) da economía galega (fronte ao 12,5% da española e 16,5% da europea no mesmo ano), mentres a remuneración de asalariados supón unha porcentaxe superior, do 15,5% (fronte ao 12,3% da española e 16,6% da europea). As ramas de actividade con presenza de **oficios artesanais na industria manufactureira** suman **o 3,6% do VEB e o 4,0% dos asalariados**. Isto supón o 28% do VEB da industria e o 30% dos postos de traballo.

Canto á construción, lamentablemente o IGE non desglosa a súa contribución por ramas de actividade, o que impide coñecer o peso das actividades de construción especializada, onde se atopan os oficios artesanais identificados, en relación ao conxunto do sector. Limitándonos por tanto ás estatísticas do **sector da construción**, supón de novo un peso lixeiramente superior ao da economía española, e por tanto superior ao das principais economías da zona Euro. Así, os 3,8 mil millóns de euros

de 2021 supoñen o 6,5% do VEB da economía galega (fronte ao 5,9% da española ou o 5,3% da europea), e a remuneración de asalariados o 7,4% en Galicia fronte ao 6,4% de España e o 5,6% da zona Euro.

Táboa 5. Produción, VEB e emprego en Galicia por ramas de actividade con oficios tradicionais, 2021.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade. Datos en millóns de euros

	Producción		VEB		Remuneración de asalariados		Excedente bruto de explotación	
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	38.641,5	29,5%	7.605,1	12,9%	4.572,5	15,5%	2.944,6	10,0%
R16 Industria da madeira e cortiza; cestería e espartaria	1.554,5	1,2%	390,9	0,7%	248,0	0,8%	136,2	0,5%
R23 Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	1.107,8	0,8%	305,5	0,5%	217,8	0,7%	82,7	0,3%
R24 Metalurxia; fabr. produtos ferro, aceiro e ferroalixes	2.829,8	2,2%	429,4	0,7%	204,8	0,7%	210,6	0,7%
R25 Fabr. produtos metálicos, agás maquinaria e equipam.	2.397,5	1,8%	814,2	1,4%	535,8	1,8%	259,3	0,9%
R31 Fabricación de mobles	545,9	0,4%	163,0	0,3%	141,4	0,5%	20,9	0,1%
SUBTOTAL	8.435,5	6,4%	2.102,9	3,6%	1.347,8	4,6%	709,6	2,4%
F Construción	7.633,3	5,8%	3.820,8	6,5%	2.199,5	7,4%	1.587,8	5,4%
R43 Actividades de construción especializada	Sen información desglosada							
TOTAL	131.142,4		59.141,8		29.567,7		29.359,0	

Emprego por ramas de actividade

	Postos de traballo		Asalariados		Non asalariados	
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	133.991	12,0%	128.503	13,5%	5.488	3,3%
R16 Industria da madeira e cortiza; cestería e espartaría	7.850	0,7%	7.410	0,8%	440	0,3%
R23 Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	6.881	0,6%	6.661	0,7%	220	0,1%
R24 Metalurxia; fabr. produtos ferro, aceiro e ferroalixes	4.380	0,4%	4.367	0,5%	13	0,0%
R25 Fabr. produtos metálicos, agás maquinaria e equipam.	16.081	1,4%	15.086	1,6%	995	0,6%
R31 Fabricación de mobles	4.705	0,4%	4.253	0,4%	452	0,3%
SUBTOTAL	39.897,0	3,6%	37.777,0	4,0%	2.120,0	1,3%
F Construción	76.277,0	6,8%	60.876,0	6,4%	15.401,0	9,1%
R43 Actividades de construción especializada	Sen información desglosada					
TOTAL	1.118.731		950.147		168.584	

Noutra cor: divisións con presenza de oficios artesanís.

Fonte: IGE. Contas de produción e explotación por ramas de actividade (Revisión Estatística 2019).

Unha aproximación máis detallada ao valor da produción a ofrece a Enquisa Industrial de Produtos, xa que permite achegar o nivel de detalle ata as clases CNAE. Porén, novamente, unicamente contamos con esta información para as actividades da

industria manufacturera, e non para os da construción. A Táboa 6 ofrece o valor da produción nas clases CNAE con presenza de oficios artesanais, e o seu peso relativo no conxunto da industria manufacturera.

Táboa 6. Valor da produción industrial desagregada por produtos, 2021.

	Valor	%
16 Madeira e corcho e produtos de madeira e corcho, excepto mobles; cestería	1.219,06	3,9%
16,10 Aserrado e cepillado de madeira	357,42	29,3%
16,23 Fabricación de outras estruturas de madeira e pezas de carpintería e ebanistería	99,38	8,2%
16,29 Outros produtos de madeira; artigos de corcho, cestería e espartería	25,39	<1%
23 Outros produtos minerais non metálicos	837,44	2,7%
23,1 Vidro e produtos de vidro	56,50	6,7%
23,31 Azulexos e baldosas de cerámica	x	<1%
23,4 Outros produtos cerámicos	7,35	0,9%
23,70 Pedra tallada, labrada e rematada	424,44	50,7%
24 Produtos de metalurxia e produtos metálicos	2.577,30	8,2%
24,5 Servizos de fundición de metais	14,49	0,6%
25 Produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo	1.955,48	6,2%
25,50 Servizos de forxa, estampación e embutición de metais	312,73	16,0%
25,61 Servizos de revestido de metais	75,36	3,9%
25,72 Fechaduras e ferraxes	61,43	3,1%
31 Mobles	558,20	1,8%
31,09 Outros mobles	115,54	20,7%
SUBTOTAL (Divisións CNAE)	7.147,49	22,8%
SUBTOTAL (Clases CNAE)	1.550,02	4,9%
10 Industria da alimentación	7.943,94	25,4%
11 Bebidas	1.136,42	3,6%
13 Produtos téxtiles	90,46	0,3%
14 Prendas de vestir	1.365,05	4,4%
15 Artigos de coiro e calzado	158,65	0,5%
17 Papel e produtos do papel	552,90	1,8%
18 Servizos de impresión e de reprodución de soportes gravados	146,41	0,5%
19 Coque e produtos de refino de petróleo		0,0%
20 Produtos químicos	807,89	2,6%
21 Produtos farmacéuticos de base e mais os seus preparados	189,73	0,6%
22 Produtos de caucho e plásticos	926,15	3,0%
26 Produtos informáticos, electrónicos e ópticos	174,36	0,6%
27 Material e equipo eléctrico	388,62	1,2%
28 Maquinaria e equipo n.c.o.p.	838,20	2,7%
29 Vehículos de motor, remolques e semirremolques	7.805,61	24,9%
30 Outro material de transporte	507,11	1,6%
32 Outros produtos manufacturados	128,90	0,4%
33 Servizos de reparación e instalación de maquinaria e equipos	1.021,84	3,3%
TOTAL	31.329,72	

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE. Explotación microdatos da Encuesta industrial de productos (EIP, INE).

O valor da produción industrial das empresas da industria manufactureira para as que a EIP conta con información detallada por produtos ascende a 31,3 millóns de euros. Dúas industrias, a alimentaria e a de vehículos de motor, representan máis do 50% desta cifra, repartíndose o 50% restante entre outras 21 divisións CNAE. As divisións con oficios tradicionais (madeira, produtos minerais, metalurxia, produtos metálicos e mobles) suman 7,15 millóns de euros, equivalentes ao o 22,8% da produción manufactureira. Porén, limitando a estimación **ás clases CNAE que inclúen estes oficios**, a produción total supón menos do 5,0% do total da industria manufactureira (uns 1,55 mil millóns de euros). Comparando coa información da Táboa 5, a estimación do VEB que resulta é inferior aos 390 millóns de euros, **o 5,1% do VEB da industria manufactureira**. Máis aínda, esta cifra debe interpretarse como unha estimación de máximos para os oficios tradicionais no ámbito manufactureiro, xa que gran parte desta produción non sería artesanal. Quedaría por engadir unha estimación para a produción da clase CNAE 43 Actividades de construción especializada, para a cal non contamos con información estatística desglosada. No seguinte epígrafe do informe, paliaremos esta falta de datos co estudo da información dispoñible para as entidades mercantís.

Tecido empresarial artesanal galego

A explotación do directorio de empresas e unidades locais do IGE permite profundar na forma xurídica das empresas manufactureiras de da construción nas ramas de actividade con presenza de oficios artesanais – véxase Táboa 7. O número de empresas identificadas polo IGE na industria manufactureira ascende a máis de 12.750 (o 5,3% do total en Galicia). Máis da metade das empresas, 6.452 en total (51,3%), son sociedades anónimas e de responsabilidade limitada. Os autónomos ascenden a 5.461 (42,8% do total), e o resto – algo menos do 6,0% das sociedades – son cooperativas, asociacións e outro tipo de entidades. O sector da construción, pola súa banda, conta cunha presenza moito máis notable no tecido produtivo, máis de 28.800 empresas que supoñen case o 12% das empresas de Galicia. O porcentaxe de sociedades é algo máis reducido (preto do 40%), cunha maior presenza de traballadores autónomos – 15.770 empresas, o 55% do total de empresas na construción.

Táboa 7. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal e condición xurídica. Ano 2021.

	Galicia		Persoas físicas		Soc. mercantís (1)		Outras (2)	
	nº	% v	nº	% h	nº	% h	nº	% h
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	12.758	5,29%	5.461	42,8%	6.542	51,3%	755	5,9%
16 Industria da madeira e cortiza; cestería e espartaría	1.044	0,43%	422	40,4%	554	53,1%	68	6,5%
23 Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	730	0,30%	217	29,7%	482	66,0%	31	4,2%
24 Metalurxia; fabr. produtos ferro, aceiro e ferroalixes	58	0,02%	12	20,7%	45	77,6%	1	1,7%
25 Fabr. produtos metálicos, agás maquinaria e equipam.	2.243	0,93%	983	43,8%	1.166	52,0%	94	4,2%
31 Fabricación de mobles	837	0,35%	444	53,0%	349	41,7%	44	5,3%
SUBTOTAL #1	4.912	2,04%	2.078	42,3%	2.596	52,9%	238	4,8%
F CONSTRUCIÓN	28.820	11,95%	15.768	54,7%	11.414	39,6%	1.638	5,7%
43,3 Acabamento de edificios	5.945	2,46%	4.654	78,3%	1.094	18,4%	197	3,3%
43,9 Outras actividades de construción especializada	5.320	2,21%	5.018	94,3%	115	2,2%	187	3,5%
SUBTOTAL #2	11.265	4,67%	9.672	85,9%	1.209	10,7%	384	3,4%
74,1 Actividades de deseño especializado	572	0,24%	487	85,1%	74	12,9%	11	1,9%
TOTAL	241.247		153.010	63,4%	66.876	27,7%	21.361	8,9%

(1) Sociedades anónimas (SA) e sociedades de responsabilidade limitada (SL).

(2) Sociedades cooperativas, asociacións, fundacións, etc.

Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

O detalle das divisións CNAE permite intuír que **é nas actividades de Acabamento de edificios (CNAE 43,3) e Outras actividades de construción especializada (CNAE 43,9) onde se atopa o nicho principal de actividade dos oficios artesanais**. Incluirían oficios como revocamento, instalación de carpintaría, revestimento de chans e paredes, estucador, pinturas e revestimentos decorativos, pintor-decorador, pintura e acristalamento, produtor de mosaicos, construción de cubertas, e outro acabado de edificios. **Ata 11.265 empresas** desenvolven a súa actividade neses dous CNAE, o 4,7% do tecido produtivo galego, e **preto do 86% destas empresas son persoa física**. Sería preciso profundar nesta poboación, ben mediante censo ou enquisa, para identificar que porcentaxe emprega efectivamente técnicas de produción tradicionais, mais o elevado número de empresas e o claro nesgo a pequena empresa / autónomo apuntan a unha ampla presenza destes oficios. As actividades manufactureiras con presenza de oficios artesanais, pola súa banda, suman unhas 4.900 empresas, o 2% do tecido produtivo de Galicia, e o reparto por condición xurídica é idéntico ao promedio da súa industria.

Sen censo ou enquisa non podemos profundar no perfil das empresas persoa física. A única alternativa viable neste punto é continuar coa explotación dos datos publicados no Rexistro Mercantil, profundando así na tipoloxía de sociedades anónimas e limitadas que publican regularmente os seus estados financeiros ou contas anuais. A principal virtude desta información é que permite acceder ao rexistro completo de actividade económica (conta de resultados) e de estado de situación financeira (balance), entre outros estados financeiros, das sociedades mercantís en Galicia. Este tipo de información é de máis difícil acceso no caso de cooperativas, asociacións, fundacións, etc., e de imposible acceso no caso das persoas físicas – que non están obrigadas a publicar a súa actividade económica rexistrada no Imposto da Renda das Persoas Físicas, IRPF.

Procedemos a unha explotación da información financeira dispoñible no BORME mediante acceso directo á base de datos “Sistema de análise de balances ibérico” (SABI), a efectos de profundar no perfil das sociedades mercantís que operan nos grupos e clases CNAE identificados con presenza de oficios artesanais. A selección da base de datos realizouse como segue. Limitábase a busca a empresas con sede social en Galicia, rexistradas como activas e que teñen depositada a súa información financeira cando menos nalgún dos dous últimos exercicios dispoñibles (anos 2022 e 2023). Selecciónanse as empresas que operan como primeira actividade económica nas clases CNAE identificadas na Táboa 1 – onde establecemos a correspondencia máis detallada entre actividades artesanais e a clasificación CNAE-2009. Recordamos, estas clases son: 1610, 1623, 1629, 2312, 2319, 2331, 2341, 2370, 2451, 2454, 2550, 2561, 2572, 3109, 4331, 4332, 4333, 4334, 4339, 4391, 4399, e 7410. Para maior claridade expositiva, agrúpanse as empresas en catro grandes grupos:

- Grupo 1: MADEIRA. Integra as empresas que operan nas divisións CNAE 16 de industria da madeira e 31 de fabricación de mobles.
- Grupo 2: MANUFACTURA. Integra as empresas que operan nas divisións 23 de cerámica, pedra e vidro, e 24 e 25 de metalurxia e metal.
- Grupo 3: CONSTRUCCIÓN. Integra as empresas que operan na división 43 de actividades de construción especializada.

- Grupo 4: OUTRAS. Integra as empresas que operan na clase CNAE 7410 de actividades de deseño especializado. Ten carácter de grupo residual na nosa análise, integrando os oficios de rotulación e escaparatismo.

Como resultado, o número de sociedades mercantís identificadas ascende a 2.290, para as que se obtén información detallada (información contable individual non consolidada das contas anuais do último exercicio dispoñible). Para proceder á análise da estrutura empresarial resultante, realízase unha caracterización conforme a Tipoloxía UE 2003/361 (Tipoloxía PEME de agora en diante).⁸ A Figura 1 o número de empresas en cada grupo e tipoloxía PEME resultante.

De novo, resulta patente que é nas micro empresas dos CNAE **de Acabamento de edificios e Outras actividades de construción especializada onde se atopa o nicho principal de actividade dos oficios artesanais**. Máis da metade de toda a poboación, 1.237 empresas, son micro empresas de construción. As restantes empresas de madeira, mobles, cerámica, pedra, vidro, pequena e mediana empresa de construción, e outras actividades, suman apenas 1.000 empresas máis. Se a este feito lle engadimos o identificado antes na Táboa 7 – isto é, que a estas 1.200 micro empresas destes CNAE da construción hai que engadirle os máis de 9.670 traballadores autónomos deses mesmos CNAE – resulta claro que esta é a poboación principal de estudo.


O grupo de empresas 3 – CONSTRUCCIÓN é o que conta con maior presenza de micro empresa (máis do 85%), seguido por 4 – OUTRAS e 1 – MADEIRA con entorno ao 78%. O grupo 2 – MANUFACTURA amosa que o segmento de empresas no metal, cerámica, pedra e outros é o que conta con maior presenza de pequena e mediana empresa, máis dun terzo da poboación.

Profundamos nos datos de facturación anual e número de empregados de cada grupo e tipoloxía PEME coa información proporcionada na Táboa 8. De novo o grupo 3 – CONSTRUCCIÓN é o de maior tamaño en termos de emprego, aportando o 43,6% do emprego da mostra (máis de 8.600 empregados), seguido das empresas de manufactura (5.170 empregos) e madeira (4.740 empregos). Porén, malia supoñer máis do 50% das empresas e boa parte do emprego, o grupo 3 – CONSTRUCCIÓN non é o maior por facturación. Este posto recae nas empresas de manufactura (metal, cerámica, etc.), con preto de 1.110 millóns de euros (o 32,2% da facturación total dos catro grupos). Case o 75% da facturación deste grupo – 824 dos 1.110 millóns de euros – se concentran nas empresas grandes e medianas, que ademais empregan 2.900 dos 5.200 traballadores do grupo.

Segue por tamaño o grupo 3 – CONSTRUCCIÓN, mais cun perfil oposto. Dos 1.000 millóns de facturación achegados (o 29,4% do total), apenas 230 proceden de empresas grandes e medianas. Sendo ademais o grupo co maior número

⁸ A Recomendación 2003/361/EC da Comisión Europea establece unha clasificación da dimensión empresarial baseada no número de empregados, activos totais e ingresos de explotación. Considéranse empresas pequenas (micro) se cumpren dúas condicións: número de empregados inferior a 50 (10) e ben os ingresos ou os activos son inferiores a 10 (2) millóns de euros. Pola súa banda, serán empresas medianas as non incluídas nos grupos anteriores, contén con menos de 250 empregados, e teñan ou menos de 50 millóns de euros de ingreso ou menos de 43 de activos. Calquera outra empresa é gran empresa.

Figura 1. Tipoloxía PEME das sociedades mercantís por grupo de análise.



Fonte: Elaboración propia.

de empresas (1.450), a facturación media anual por empresa ascende a 697 mil euros (moi por baixo dos 1,5 millóns da madeira e 3,7 millóns das manufacturas). Máis aínda, se nos centramos só nas micro empresas, a facturación media das construtoras (286 mil euros) segue sendo claramente inferior á de manufacturas (330 mil euros) e madeira (369 mil euros).

Táboa 8. Facturación anual e número de empregados por grupo e tipoloxía PEME.

Total facturación (millóns de euros)						Total empregados						
	Grande	Mediana	Pequena	Micro	TOTAL		Grande	Mediana	Pequena	Micro	TOTAL	PRDTY
1 – MADEIRA	179,7	180,5	227,9	139,0	727,1	1 – MADEIRA	972	927	1.646	1.195	4.740	153,4
2 – MANUF	377,9	446,6	218,7	66,1	1.109,5	2 – MANUF	890	2.039	1.580	663	5.172	214,5
3 – CONSTRUC	75,5	153,5	429,0	354,2	1.012,2	3 – CONSTRUC	225	1.031	3.561	3.787	8.604	117,6
4 – OUTRAS	376,9	201,5	8,6	8,7	595,6	4 – OUTRAS	473	643	40	71	1.227	485,4
TOTAL	1.010,1	982,1	884,3	567,9	3.444,4	TOTAL	2.560	4.640	6.827	5.716	19.743	174,5
TOTAL EMPREGADOS												
	Grande	Mediana	Pequena	Micro	TOTAL		Grande	Mediana	Pequena	Micro	TOTAL	PRDTY
1 – MADEIRA	972	927	1.646	1.195	4.740							
2 – MANUF	890	2.039	1.580	663	5.172							
3 – CONSTRUC	225	1.031	3.561	3.787	8.604							
4 – OUTRAS	473	643	40	71	1.227							
TOTAL	2.560	4.640	6.827	5.716	19.743							
PRDTY (mil euros)	394,6	211,7	129,5	99,4	174,5							


Fonte: Elaboración propia.

Con todo, o uso de valores medios na análise pode levar a conclusións imprecisas, xa que non reflicte a dispersión dos datos nin o impacto que algunhas empresas poden ter sobre os valores medios do grupo. Por tal motivo, concluímos este epígrafe representando os diagramas de caixa das principais variables analizadas. A Figura 2 mostra a facturación anual e a produtividade por empregado das empresas de cada un dos catro grupos. As gráficas da esquerda abarcan toda a poboación analizada, mentres que as da dereita exclúen as empresas grandes e medianas (conforme a tipoloxía PEME) para mellorar a visibilidade dos datos.

A distribución por grupos da facturación anual amosa en efecto a menor dimensión das empresas do grupo 3 – CONSTRUCCIÓN (se ben de difícil apreciación na gráfica polo elevado número de casos atípicos). Máis claro é a menor dimensión empresarial neste grupo de actividade en termos de produtividade por empregado, coa maior parte das empresas operando por debaixo dos 200 mil euros de facturación por empregado. O mellor comportamento corresponde ao grupo 4 – OUTRAS, se ben debemos ter presente que se trata dunha mostra de empresas moi reducida (apenas 50 sociedades mercantís de rotulación e escapatismo).

Por último, reportamos na Figura 3 a rendibilidade económica (ROA) das empresas de cada un dos catro grupos, desglosada ademais nos seus factores multiplicativos: marxe operativa e rotación de activo. A rendibilidade económica é a porcentaxe que representa o beneficio operativo do negocio (antes de gastos financeiros e impostos) sobre o capital total investido (activo real). No noso caso, calculamos o ROA a partir do resultado de explotación, descontando tamén as dotacións ás amortizacións (EBITDA sobre activo total). A marxe operativa amosa o beneficio de explotación en

Figura 2. Facturación anual e produtividade por empregado, por grupo de empresas.




Fonte: Elaboración propia.

termos porcentuais (en relación á facturación), indicando a capacidade da empresa de obter beneficio de cada unidade de produto ou servizo vendido. A marxe operativa aumentará a maior diferenza entre o prezo de venda e o dos insumos (materias primas, salarios, etc.), a maior produtividade da empresa (maior produción en relación ao consumo de insumos), e se vende maior proporción dos produtos ou mercados de maior marxe (produtos de maior calidade, marca, etc.). A rotación do activo, pola súa banda, actúa como un multiplicador da marxe operativa, indicando a capacidade da empresa de optimizar a dimensión do negocio ao conseguir niveis de facturación acordes ao investimento (activo total) comprometido.

Novamente, o grupo de mellor comportamento, tanto en termos de ROA como principalmente de marxe operativa, é o grupo 4 – OTRAS. Con todo, o máis salientable é o mellor comportamento do grupo 3 – CONSTRUCCIÓN en termos de rotación. Así, se ben os tres grupos de actividade (madeira, manufactura e construción) contan coa maioría de empresas operando no ano 2023 en rendibilidades positivas (a maior parte delas entre o 0% e o 20%), o comportamento de 1 – MADEIRA e 2 – MANUF é similar en termos de marxe e rotación, mentres que 3 – CONSTRUCCIÓN destaca pola maior rotación de activos de boa parte das súas empresas. Tendo en conta que este grupo é o de menor facturación promedio, e que a rotación de activo se define como facturación entre activo total (isto é, os investimentos da empresa), resulta patente que as empresas dos CNAE de **Acabamento de edificios e Outras actividades de construción especializada** non só teñen facturacións promedio baixas, senón **un reducido volume de investimentos** – cando menos, en comparación con actividades como madeira, mobles, cerámica ou metal.

Figura 3. ROA, marxe operativa e rotación de activo, por grupo de empresas.



Fonte: Elaboración propia.

PARTE II: Os oficios artesanás

Nesta segunda parte do informe emprégase como fonte primaria de información a listaxe de obradoiros de artesanía rexistrados no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Obradoiros de artesanía rexistrados

O Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (RXAG) ten por finalidade o coñecemento, por parte da Administración, da realidade do sector, tamén para a mellora, planificación e coordinación das actuacións dirixidas á súa promoción e desenvolvemento (artigo 12.2 da Lei 8/2023). Os datos a respecto dos recoñecementos outorgados segundo o disposto nesta Lei teñen carácter público, a disposición no portal web <https://economia.xunta.gal/rexistro-de-talleres-de-artesanía>.

En setembro de 2024 procedeuse a extraer desta web a listaxe de obradoiros de artesanía rexistrados en Galicia. En total, son 878 os obradoiros rexistrados, mais excluídas 6 duplicidades detectadas a poboación de estudo ascende a **872 entidades**. A Táboa 9 amosa a frecuencia de rexistros das 88 actividades artesanais recoñecidas.

Táboa 9. Frecuencia de rexistros por actividade artesanal.

	Actividades artesanais	Frecuencia	%	% total
	Xoiaría, xoiro(a)	90	10,3%	10,3%
	Cerámica, ceramista	82	9,4%	19,7%
	Marroquinaria, marroquino(a)	67	7,7%	27,4%
	Complementos de moda	43	4,9%	32,3%
5	Modisto(a)	42	4,8%	37,2%
	Produtor(a) e reparador(a) de redes, redeiro(a)	33	3,8%	40,9%
	Bixutería	24	2,8%	43,7%
	Ourivaría, ourive	23	2,6%	46,3%
	Carpintaría, carpinteiro(a)	23	2,6%	49,0%
10	Calceta, calceteiro(a), gancho, gancheiro(a)	23	2,6%	51,6%
	Encaixes, encaixeiro(a), palilleiro(a), picador(a) de cartóns	21	2,4%	54,0%
	Tecidos, tecedor(a)	20	2,3%	56,3%
	Produtor(a) de instrumentos tradicionais populares galegos	19	2,2%	58,5%
	Restauración, restaurador(a)	19	2,2%	60,7%
15	Olaría, oleiro(a)	18	2,1%	62,7%
	Cantaría, canteiro	16	1,8%	64,6%
	Xoguetes, xoguetiro(a), bonecos, bonequeiro(a)	15	1,7%	66,3%
	Produtor(a) de instrumentos musicais de corda ou luthier	15	1,7%	68,0%
	Ebanistaría, ebanista	15	1,7%	69,7%
20	Forxa e ferraría, ferreiro(a)	14	1,6%	71,3%
	Escultura, escultor(a)	14	1,6%	72,9%
	Encadernación, encadernador(a)	12	1,4%	74,3%
	Traxes tradicionais populares, produtor(a) de..	12	1,4%	75,7%
	Debuxo, debuxante.	12	1,4%	77,1%
25	Arranxos florais, fabricación de flores de papel ou teas, etc.	12	1,4%	78,4%
	Tornaría, torneiro(a) de madeira	11	1,3%	79,7%
	Carpintaría de ribeira, carpinteiro(a) de ribeira	10	1,1%	80,8%
	Bordados, bordador(a)	10	1,1%	82,0%
	Talla, tallista	9	1,0%	83,0%
30	Manipulados de papel e cartón, manipulador(a) de papel e cartón	9	1,0%	84,1%
	Serigrafía, serigrafo(a)	9	1,0%	85,1%
	Vidreiro(a)	8	0,9%	86,0%
	Decoración de teas, decorador(a) de teas	8	0,9%	86,9%
	Cestaría, cesteiro(a)	6	0,7%	87,6%
35	Prataría, prateiro(a)	6	0,7%	88,3%
	Talla de pedra ou mármore, tallista de pedra ou mármore	6	0,7%	89,0%
	Sombreiraría	6	0,7%	89,7%
	Con 5 rexistros:			
	- 3 actividades (vitralista, instrum. de percusión, zapataría)		1,7%	91,4%
	Con 4 rexistros:			
	- 5 actividades (retallos, ceraría, instrum. de vento, tapizaría, metalistaría)		2,3%	93,7%
	Con 3 rexistros:			
	- 9 actividades (figuras de pan, pintor-decorador, esmaltes, artigos deportivos, labores de palla,			

... escaparatismo , cartón pedra, talla de vidro , albardaría)	3,1%	96,8%
Con 2 rexistros:		
- 7 actividades (zoqueiro(a), peletaría, gravados, pirotecnia, reloxeiro(a), escenografía, maquetas)	1,6%	98,4%
Con 1 rexistro:		
- 14 actividades (repuxado, cerrallaría , xastre, marquetaría, fotografía, fundición de campás ,		
... miniaturas, palleteiro(a), pirogravado, tonelaría, talla de acibeche, papel, mosaicos , dourado)	1,6%	100,0%
TOTAL	872	
Sen rexistros:		
- 13 actividades (afiador(a), afinador(a), caldeiraría, curtidos, fundición , follalataría , paraugas,		
... perrucas, rotulación , talla de coral etc., talla de pedras preciosas, taxidermia)	0,0%	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do RXAG.

Identifícanse noutra cor os oficios artesáns obxecto de estudo neste informe. Así pois, mentres os datos da Parte I mostraban que as actividades que integran os oficios artesáns do sector da construción contan con maior número de empresas e, sobre todo, de traballadores autónomos que toda a industria manufactureira en conxunto, **os oficios artesáns semellan moito menos activos en termos de posta en valor ante a sociedade** das súas actividades – cando menos, se atendemos á súa presenza no RXAG.

Así, só 213 dos 872 obradoiros rexistrados se corresponden cos oficios artesáns (menos do 25%). Máis aínda, os datos amosan a concentración de rexistros nun número reducido de actividades artesanais (o 70% dos rexistros en só 19 actividades), e desas 19, só cerámica, carpintaría, cantaría e ebanistería serían oficios tradicionais. Debemos matizar que, como vimos na Táboa 1, algúns dos oficios tradicionais na construción non están recoñecidos pola Orde de 2017 que detalla as actividades artesáns que poden rexistrarse no RXAG – tales como revocamento, acabado de edificios e construción de cubertas. Mais os datos apuntan, efectivamente, a unha baixa actividade no rexistro polos oficios artesáns. A Táboa 10 amosa similares resultados cando se analizan a nivel de grupos CNAE (3 díxitos) e clases CNAE (4 díxitos) rexistrados.

Táboa 10. Frecuencia de rexistros por grupos e clases CNAE-2009.

	CNAE Clases CNAE	Frecuencia	%	% total
	3212 Fabricación de artigos de joyería e artigos similares	120	13,8%	13,8%
	1419 Confección de outras prendas de vestir e accesorios	103	11,8%	25,6%
	2341 Fabricación de artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental	100	11,5%	37,0%
	1512 Fabric. de artigos de marroquinería, viaxe e de guarnición e talabartería	71	8,1%	45,2%
5	9003 Creación artística e literaria	46	5,3%	50,5%
	3220 Fabricación de instrumentos musicais	44	5,0%	55,5%
	1392 Fabricación de artigos confeccionados con textiles, excepto prendas de vestir	35	4,0%	59,5%

	1394	Fabricación de cuerdas, cordeles, bramantes y redes	33	3,8%	63,3%
	3213	Fabricación de artículos de bisutería y artículos similares	24	2,8%	66,1%
10	1391	Fabricación de tejidos de punto	23	2,6%	68,7%
	1623	Fabric. de otras estructuras de madera y piezas de carpintería y ebanistería	23	2,6%	71,3%
	2370	Corte, tallado y acabado de la piedra	22	2,5%	73,9%
	1320	Fabricación de tejidos textiles	20	2,3%	76,1%
	3109	Fabricación de otros muebles	20	2,3%	78,4%
15	1629	Fabricación de otros productos de madera; corcho, cestería y espartería	19	2,2%	80,6%
	3240	Fabricación de juegos y juguetes	18	2,1%	82,7%
	2550	Forja, estampación y embutición de metales; metalurgia de polvos	14	1,6%	84,3%
	2312	Manipulado y transformación de vidrio plano	13	1,5%	85,8%
	4776	Comercio al por menor de flores, plantas, semillas, fertilizantes, ...	12	1,4%	87,2%
20	1814	Encuadernación y servicios relacionados con la misma	12	1,4%	88,5%
	1610	Aserrado y cepillado de la madera	11	1,3%	89,8%
	3011	Construcción de barcos y estructuras flotantes	10	1,1%	90,9%
	1812	Otras actividades de impresión y artes gráficas	9	1,0%	92,0%
	1729	Fabricación de otros artículos de papel y cartón	9	1,0%	93,0%
25	1330	Acabado de textiles	8	0,9%	93,9%
	2561	Tratamiento y revestimiento de metales	7	0,8%	94,7%
	1520	Fabricación de calzado	7	0,8%	95,5%
	3299	Otras industrias manufactureras n.c.o.p.	7	0,8%	96,3%
	9002	Actividades auxiliares a las artes escénicas	5	0,6%	96,9%
	Con 3 registros:				
	- 4 clases CNAE (2319, 3230, 4334, 7410)			1,4%	98,3%
	Con 2 registros:				
	- 4 clases CNAE (1420, 1813, 2051, 2652)			0,9%	99,2%
	Con 1 registro:				
	- 7 clases CNAE (1413, 1624, 1712, 2051, 2454, 2572, 4333, 7420)			0,8%	100,0%
	TOTAL		872		
	Sen registros:				
	- 4 clases CNAE (1511, 2451, 2599, 9529)			0,0%	
	CNAE	Grupos CNAE	Frecuencia	%	% total
	321	Fabricación de joyería, bisutería y similares	144	16,5%	16,5%
	141	Confección de prendas de vestir, excepto de peletería	104	11,9%	28,4%
	234	Fabricación de otros productos cerámicos	100	11,5%	39,9%
	139	Fabricación de otros productos textiles	91	10,4%	50,3%
5	151	Cuero; marroquinería; pieles	71	8,1%	58,5%
	900	Actividades de creación, artísticas y espectáculos	51	5,8%	64,3%
	322	Fabricación de instrumentos musicales	44	5,0%	69,4%
	162	Fabricación de productos de madera, corcho, cestería y espartería	43	4,9%	74,3%
	181	Artes gráficas y servicios relacionados con las mismas	23	2,6%	76,9%
10	237	Corte, tallado y acabado de la piedra	22	2,5%	79,5%
	132	Fabricación de tejidos textiles	20	2,3%	81,8%
	310	Fabricación de muebles	20	2,3%	84,1%
	324	Fabricación de juegos y juguetes	18	2,1%	86,1%

	231	Fabricación de vidrio y productos de vidrio	16	1,8%	88,0%
15	255	Forja, estampación y embutición de metales; metalurgia de polvos	14	1,6%	89,6%
	477	Comercio al por menor de otros artículos en establecimientos especializados	12	1,4%	90,9%
	161	Aserrado y cepillado de la madera	11	1,3%	92,2%
	301	Construcción naval	10	1,1%	93,3%
	172	Fabricación de artículos de papel y de cartón	9	1,0%	94,4%
20	133	Acabado de textiles	8	0,9%	95,3%
	256	Tratamiento y revestimiento de metales	7	0,8%	96,1%
	152	Fabricación de calzado	7	0,8%	96,9%
	329	Industrias manufactureras n.c.o.p.	7	0,8%	97,7%
	Con 4 rexistros:				
	- 1 grupo CNAE (433)			0,5%	98,2%
	Con 3 rexistros:				
	- 2 grupos CNAE (323, 741)			0,7%	98,9%
	Con 2 rexistros:				
	- 3 grupos CNAE (142, 205, 265)			0,7%	99,5%
	Con 1 rexistro:				
	- 4 grupos CNAE (171, 245, 257, 742)			0,5%	100,0%
	TOTAL		872		
	Sen rexistros:				
	- 2 grupos CNAE (259, 9529)			0,0%	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos extraídos do RXAG.

Contribución dos oficios artesáns á economía galega

Do estudio realizado extráense as seguintes conclusións. **A maior parte dos oficios artesáns encádranse na industria manufactureira:** 14 clases CNAE dentro das divisións de Industria da madeira e cortiza, cestería e espartaría (16), Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (23), Metalurxia (24), Fabricación de produtos metálicos (25) e Fabricación de mobles (31). Con todo, é **na única división do sector da construción** (Actividades de construción especializada), nas clases CNAE de Revocamento (43.32), Instalación de carpintería (43.32), Revestimiento de chans e paredes (43.33), Pintura e acristalamento (43.34), Outro acabado de edificios (43.39), Construción de cubertas (43.91), e Outras actividades de construción especializada (43.99) onde **se infire maior actividade e contribución á economía de Galicia.**

A industria manufactureira en Galicia representa o **12,9% do valor engadido bruto (VEB)** da economía galega, cun peso relativo superior lixeiramente á media española (12,5%) mais claramente inferior á europea (16,5%). Mentres, as ramas de actividade con presenza de **oficios artesanais na industria manufactureira** suman o 3,6% do VEB e o 4,0% dos asalariados. Isto supón **o 28% do VEB da industria e o 30% dos postos de traballo.** O **sector da construción en Galicia**, pola súa banda, ten un peso algo superior aos das economías española e europea (**6,5% do VEB** vs. 5,9% e 5,3%, respectivamente), mais non contamos con desglose para os oficios artesanais no sector da construción. Os datos da Enquisa Industrial de Produtos permiten ademais limitar a estimación máxima para o VEB atribuíble aos oficios artesanais na industria manufactureira aos 390 millóns de euros, **o 5,1% do**

VEB da industria manufactureira. De novo, non contamos con datos específicos para os oficios na construción.

Fronte a unha menor contribución á economía en termos de produción e valor engadido por parte da construción, a análise do tecido produtivo pon de manifesto o maior volume de empresas que operan neste ámbito. En particular, as **máis de 11.250 empresas de construción** rexistradas nas clases CNAE 43.3 Acabamento de edificios e 43.9 Outras actividades de construción especializada máis que **duplican ás 4.900 rexistradas nos CNAE de manufactura** con oficios artesanais. Máis destacable aínda, revélase unha **fortísima presenza de autónomos** (máis do 85% das empresas) no eido da construción, e dentro das empresas mercantís, un claro nesgo á micro empresa.

Os datos anteriores permiten intuír que **é nas actividades de Acabamento de edificios (CNAE 43.3) e Outras actividades de construción especializada (CNAE 43.9) onde se atopa o nicho principal de actividade dos oficios artesanais.** Porén, son esta tipoloxía de empresa a que revela tamén estar **moito menos activos en termos de posta en valor ante a sociedade** das súas actividades. Así, só 213 dos 872 obradoiros rexistrados no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia se corresponden cos oficios artesanais (menos do 25%). Máis aínda, só cerámica, carpintaría, cantaría e ebanistería serían oficios tradicionais cunha presenza significativa neste rexistro.

A partir das conclusións anteriores, estimamos que **a contribución económica dos oficios artesanais na industria manufactureira é marxinal, claramente inferior ao 0,1% do PIB de Galicia.**⁹ Con todo, **faltaría completar esta cifra coa contribución dos oficios artesanais no sector da construción.** O maior número de empresas e, especialmente, de traballadores autónomos, permite supoñer unha maior contribución ao PIB de Galicia que os da industria manufactureira, mais as escasas estatísticas oficiais e reducido número de empresas activas nos rexistros artesanais non permiten aventurar unha cifra. Sería moi pertinente a **creación dun censo específico** de empresas dedicadas aos oficios tradicionais na construción, co fin de mellorar o coñecemento e comprensión da realidade deste sector.

Agradecementos

O autor deste capítulo agradece as contribucións de Edelmiro López Iglesias (USC) e Flora Muíño Vázquez (UDC).

9 O informe Paz Agras et al. (2024) estima unha contribución ao PIB da artesanía de Galicia do 0,23% a partir dunha atribución máxima de 3.700 millóns de euros para as actividades CNAE con presenza de obradoiros de artesanía. Sendo a mesma atribución máxima para os oficios artesanais na industria manufactureira de 390 millóns de euros (pouco máis do 10%), resulta evidente unha contribución ao PIB de Galicia neste caso moi por baixo do 0,1%.

Bibliografía

- INE (2022). CNAE-2009. Instituto Nacional de Estadística, 06/04/2022. Accesible en www.ine.es/daco/daco42/clasificaciones/cnae09/notasex_cnae_09.pdf
- Lago S, Armesto JF, Domínguez A, Sánchez P (2023). Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada. *CES Galicia*. Colección informes 3/23.
- Lei 8/2023, do 14 de decembro, de Artesanía de Galicia*. DOG 239 do 19/12/2023.
- Orde de 12 de Abril de 2017, pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía*. DOG 79 do 25/04/2017.
- Peón D, Ruíz F, López E (2020). Informe sobre o tecido industrial do sector lácteo en Galicia. En Andrade JM (ed.), *Estratexia de dinamización do sector lácteo galego 2020-2025*, Xunta de Galicia e Fundación Juana de Vega, p. 74-125.
- Real decreto 475/2007, de 13 de abril, *por el que se aprueba la Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009)*. BOE 102 de 28/04/2007.

Conclusións

Conclusiones

O informe *Arquitectura e oficios en Galicia. Perspectivas de futuro*, analiza a situación actual das actividades artesanais no sector da construción, partindo da constatación do estado de crise que está a vivir. O obxectivo do traballo é a detección daqueles aspectos máis significativos sobre os que incidir para paliar esta situación. Parte, este estudo, das achegas realizadas no informe previo sobre os *Sistemas artesanais en Galicia. Unha ollada contemporánea*, no que se analizou o estado deste sistema produtivo aplicado a tódolas actividades.

A crise dos oficios artesanais vai parella a unha perda do patrimonio inmaterial que estas actividades tradicionais atesouran, á ruptura da transmisión do coñecemento, coa conseguinte perda do *saber facer*, ao deterioro do patrimonio arquitectónico que non é posible recuperar sen esas profesións, á imposibilidade de continuar con estas técnicas na arquitectura contemporánea, etc. Estes valores forman parte substancial da identidade cultural galega, polo que a súa falla, ten que ser considerada nesta amplitude. Por outra banda, estes oficios poderían ser un campo de atracción laboral para a sociedade máis nova que podería atopar neles un xeito de vida vocacional.

Un dos hándicaps para a análise rigorosa destas actividades é a falla de definición específica de moitas delas como actividade e a delimitación precisa do conxunto, tanto a nivel de formación, como económico. Isto é importante, non só para avaliar o estado actual, senón tamén para poder propor accións de mellora e determinar sobre que ámbitos serían de aplicación.

A continuación, sistematízanse algúns dos aspectos máis significativos da análise realizada, de cara a propoñer liñas de actuacións que mitiguen as problemáticas nas que están inmersas moitos destes oficios.

OS OFICIOS DA CONSTRUCCIÓN: DERIVAS CONTEMPORÁNEAS

Os oficios artesanais comezan a súa crise, a nivel histórico, coa Revolución Industrial, iniciada no Reino Unido a mediados do século XVIII. A primacía deste sistema produtivo foi roubando espazo ao artesanal, aínda que sempre conviviron dunha ou doutra maneira. Incluso no século XX, coa primacía da Arquitectura Moderna, vencellada aos procesos e materiais da industria, o traballo manual non perdeu o seu espazo. Un exemplo reseñable deste diálogo é apreciable nas obras do arquitecto galego Xosé Bar Bóo, un referente da Modernidade galega.

Logo de pasar por distintos períodos de maior ou menor presenza dun ou outro sistema, tamén dependentes do contexto en que se analicen, na actualidade, os oficios artesanais cobran interese, ao menos conceptualmente, polo crecente interese na reutilización de vellas edificacións, polos seus valores de achegamento á sustentabilidade medioambiental ou a reivindicación activa do rol poético dos oficios tradicionais na creación da identidade cultural dun lugar. Convén non ligar estes oficios unicamente coa recuperación do antigo, senón entendelos como un patrimonio vivo na arquitectura que se constrúe hoxe.

A construción como patrimonio, a rehabilitación como proceso, o accesorio e o necesario, os oficios como xesto de identidade e a poética dos oficios son aspectos que nos levan á reflexión sobre os valores específicos dos oficios na arquitectura contemporánea galega.

OFICIOS ARTESANAIS E ARQUITECTURA GALEGA

Os oficios artesanais da arquitectura teñen uns valores propios, tal como se comentaba, pero comparten, ademais, tódolos que definen o resto de actividades artesanais: *Facer ben, orgullo, lentitude, feito á man* (handmade), *rendibilidade dos oficios, tradición, valor patrimonial, memoria, identidade, saber como* (know how), *técnicas tradicionais, innovación, deseño aplicado, novos materiais, novas técnicas, liñas de investigación, obxectos de arte, arte e vida, creatividade, experimentación, interacción entre disciplinas, sustentabilidade, economía circular, reciclaxe, materias primas locais, simbiose co medio produtivo, ...*

— OS GRANDES DEBATES INDUSTRIA-ARTESANÍA

Ser conscientes dos grandes debates que, a raíz da irrupción da Revolución Industrial, se viñeron producindo en toda Europa (tamén en Galicia), ata o día de hoxe, confirma que esta confrontación non é algo único dos nosos días. Non obstante, cada época e cada contexto deu a súa resposta. Na actualidade, en Galicia, non se pode renunciar a ningún destes sistemas que, ademais, nunca deixaron de convivir. A estes, hai que sumar outros que as novas tecnoloxías promoven, como os *makers*, e que veñen a constituír un conxunto híbrido e complexo no que tódolos sistemas deben de convivir e colaborar no posible.

— RETOS ACTUAIS

Os talleres artesanais son, por imperativo legal pero tamén polas propias dinámicas do oficio, microempresas con menos de dez traballadoras/es. Isto implica que así deben de ser consideradas, coas súas propias especificidades, desde tódalas perspectivas.

As novas tecnoloxías están a xerar controversia sobre a aplicación nun traballo eminentemente manual pero, hoxe en día, esta acepción ten que adaptarse para non renunciar ás oportunidades de mellora que estas poden ofrecer. Con todo, non poden ser aplicadas de forma a-crítica, senón considerando as singularidades e os valores dos oficios tradicionais.

As actividades artesanais van ligadas a conceptos de sustentabilidade de base: uso de materias primas locais, técnicas tradicionais e locais, economía circular, simbiose

co medio, etc. Por outra banda, a arquitectura contemporánea, sexa esta de rehabilitación ou de nova construción, tamén ten que ser, por definición, sensible co medioambiente. Esta conxunción común, con todo, non está a suficientemente considerada hoxe en día, en comparación con solucións industrializadas. Por exemplo, a nivel de axudas económicas de fondos europeos ou na escaseza ou inexistencia de certificacións de calidade que a garanten.

A divulgación e a visibilización dos valores destes oficios na construción é unha tarefa necesaria para dignificar a profesión, e por en valor a arquitectura que conta con estas técnicas, tanto patrimonial coma actual, a través de estratexias como os recoñecementos ou a elaboración de inventarios vivos de acceso aberto.

— A FORMACIÓN: A CLAVE DA PERVIVENCIA DOS OFICIOS ARTESÁNS

A forma tradicional de transmisión de coñecemento a partir da aprendizaxe como aprendices en talleres, sendo estes os que atesouraban o patrimonio de coñecemento gremial, é minoritaria hoxe en día.

A formación académica acada un peso moi relevante nesta tarefa. Coinciden, non obstante, tódolas persoas consultadas e unha gran porcentaxe de artesás/áns que responderon á enquisa do informe dos “Sistemas artesanais en Galicia. Perspectivas de futuro”, sobre a formación en tódolos ámbitos, en que esta ensinanza precisa ser reformulada.

Por una banda, a formación regrada nas actuais Escolas de Artes e Superiores de Deseño, as EASD, cun papel non protagonista nos oficios da arquitectura, pero con incidencia nalgúns sectores, adoecen de vínculos coa práctica, sendo estes menores. En canto ás ensinanzas de Formación Profesional, especialmente a FP Dual, aséntase na base da formación conxunta, teórica e práctica, pero aínda así, estas actividades artesáns precisarían dunha consideración particular para incorporar profesorado profesional, non só a partir do currículo académico, senón a través da figura de *mestra/e de taller* e con regulacións contractuais e económicas de garantía para a incorporación de aprendices á formación en talleres.

As Escolas-taller, que non funcionan na actualidade, son fórmulas anheladas pola xente consultada, pola proposta de aprender a través da práctica, formándose con mestras/es de taller e con clases moi dirixidas cara a práctica profesional.

A formación universitaria, sen ser unha entidade específica para a formación nos oficios, pode ter un papel na especialización, pero sobre todo, na formación das/os técnicos/as que deben de achegarse profesionalmente a estas actividades, tanto desde o proxecto como desde a execución de obra. Tamén no ámbito da investigación, o sistema universitario é un garante da salvagarda do coñecemento tradicional e da experimentación para a investigación con novas tecnoloxías, novos materiais, etc. que permitan continuar coa tradición viva destes oficios no presente e de cara ao futuro.

Aprender os oficios tradicionais a través da propia rehabilitación, da intervención no Patrimonio, é unha fórmula exitosa, na que numerosas/os artesás/áns recoñecen acceder a un coñecemento único, podendo analizar como está construída unha

peza con valor patrimonial, como foron as posibles intervencións que sufriu ao longo do tempo e como se comportaron as técnicas e materiais empregados, etc. pero tamén vencellando o seu traballo ao valor recoñecido dunha peza patrimonial. Favorecer o acceso a este coñecemento por parte da xente que se está a formar, a través de programas como os promovidos –en gran medida fallidos– polo Consorcio de Santiago ou a Fundación Catedral de Santiago, nos que as/os traballadoras/es, á vez se forman, son estratexias que, sen dúbida, terían a súa repercusión nun futuro, noutras empresas e noutras obras.

— OFICIOS E XÉNERO A PÉ DE OBRA

A análise dos oficios na construción desde unha perspectiva de xénero, evidencia datos sorprendentemente baixos, a día de hoxe, amosando como a presenza da muller nestas profesións é anecdótica. Son números aplicables ao mundo da construción en xeral, pero cando se pode singularizar cara os oficios artesáns, son similares ou, incluso, peores.

A maioría das mulleres da arquitectura ocupan postos de persoal de limpeza ou aqueles que precisan un nivel maior de formación como administrativos ou técnicos de alto nivel (en claro incremento). Fronte a estas dedicacións, os traballos en obra, son minoritarios. Sirva como dato a porcentaxe de mulleres traballadoras en tódolos sectores a nivel nacional, que acada un 43,5%, fronte a un 8,5% das que se dedican ao sector da construción en Galicia (dato moi próximo á media nacional), ou como exemplo a cuantificación referida ao epígrafe da actividade “Albaneis, canteiros, tronzadores, labradores e gravadores de pedra”, que supón un 0,4% das mulleres traballadoras da construción fronte ao 26,0% dos homes. O dato en positivo é que no incremento de traballadoras/es nestes ámbitos, a medra é maior no sector feminino. Existen, sen embargo, dentro destas cifras, mulleres pioneiras que rompen cos prexuízos instaurados sobre as dificultades ou a imposibilidade do traballo feminino na obra. Mulleres recoñecidas por premios, recollidas en inventarios que consideran a súa valía, e que confesan, maioritariamente, que a decisión de acceder a estas profesións ven precedida de moitas dúbidas pola falla de referentes femininas.

— NA PROCURA DE REFERENTES

Botando unha ollada a outros contextos, obsérvase que esta crise dos oficios é compartida en moitos outros lugares, pero existen iniciativas exitosas que contribúen na posta en valor deste legado e na súa contemporaneidade.

A asociación obreira dos *Compagnons du Devoir et du Tour de France*, é un **referente a nivel internacional** pola metodoloxía de formación que imparte. A través do *Tour de France*, aprendices novos combinan unha formación académica co traballo remunerado en talleres artesáns con recoñecementos de calidade pola propia asociación. Esta formación, en alternancia, faise a través dunha viaxe por diversos talleres convivindo con compañeiras/os nas casas que a asociación posúe por todo o territorio francés e con visitas a outros lugares no estranxeiro.

Un referente de arquitectura innovadora apoiada na tradición e que, con estas propostas, logra a rexeneración do tecido produtivo da zona, é a experiencia do IBAVI, o instituto de vivenda das Illas Baleares. A través de varios programas levados a cabo nos últimos anos, promoveron a construción de vivenda social con técnicas

e materiais que buscaban o menor impacto ambiental. Coa recuperación do uso de materiais tradicionais na zona, como a posidonia seca, usada para illamento, ou a pedra do marés, en muros con función estrutural, reviviron unha industria e artesanía locais en horas baixas e crearon unha arquitectura contemporánea apoiada na identidade cultural.

Un exemplo paradigmático no rol activo da arquitectura na rexeneración dunha zona é o fenómeno Vorarlberg, en Austria. Nesta rexión, eminentemente arborada, a partir dos anos 60, e por iniciativa dun grupo de arquitectos modernos, promoveuse o uso da madeira como un material apto para unha arquitectura de calidade, mediante un sistema híbrido de industria e artesanía que recuperou o coñecemento tradicional dos artesáns e deu lugar a unha rexeneración identitaria, cultural, social, económica, etc. de toda a rexión. A promoción do uso da madeira arrastrou a unha explotación racional dos seus montes e a unha identificación con valores de sustentabilidade. Esta estratexia sinérxica co medio, conta hoxe con un centro de exposicións e divulgación, un centro de investigación, etc.

CONTRIBUCIÓN DOS OFICIOS ARTESÁNS DA CONSTRUCCIÓN Á ECONOMÍA GALEGA

Do estudio económico realizado extraíse as seguintes conclusións:

A maior parte dos oficios artesáns encádranse na industria manufactureira: 14 clases CNAE dentro das divisións de Industria da madeira e cortiza, cestería e espartaría (16), Fabricación doutros produtos minerais non metálicos (23), Metalurxia (24), Fabricación de produtos metálicos (25) e Fabricación de mobles (31). Con todo, é na única división do sector da construción (Actividades de construción especializada), nas clases CNAE de Revocamento (43.32), Instalación de carpintaría (43.32), Revestimento de chans e paredes (43.33), Pintura e acristalamento (43.34), Outro acabado de edificios (43.39), Construción de cubertas (43.91), e Outras actividades de construción especializada (43.99) onde se infire maior actividade e contribución á economía de Galicia.

A industria manufactureira en Galicia representa o 12,9% do valor engadido bruto (VEB) da economía galega, cun peso relativo superior lixeiramente á media española (12,5%) mais claramente inferior á europea (16,5%). Mentres, as ramas de actividade con presenza de oficios artesanais na industria manufactureira suman o 3,6% do VEB e o 4,0% dos asalariados. Isto supón o 28% do VEB da industria e o 30% dos postos de traballo. O sector da construción en Galicia, pola súa banda, ten un peso algo superior aos das economías española e europea (6,5% do VEB vs. 5,9% e 5,3%, respectivamente), mais non contamos con desglose para os oficios artesanais no sector da construción. Os datos da Enquisa Industrial de Produtos permiten ademais limitar a estimación máxima para o VEB atribuíble aos oficios artesanais na industria manufactureira aos 390 millóns de euros, o 5,1% do VEB da industria manufactureira. De novo, non contamos con datos específicos para os oficios na construción.

Fronte a unha menor contribución á economía en termos de produción e valor engadido por parte da construción, a análise do tecido produtivo pon de manifesto o maior volume de empresas que operan neste ámbito. En particular, as máis de 11.250 empresas de construción rexistradas nas clases CNAE 43.3 Acabamento de edificios e 43.9 Outras actividades de construción especializada máis que

duplican ás 4.900 rexistradas nos CNAE de manufactura con oficios artesáns. Máis destacable aínda, revélase unha fortísima presenza de autónomos (máis do 85% das empresas) no eido da construción, e dentro das empresas mercantís, un claro nesgo á micro empresa.

Os datos anteriores permiten intuír que é nas actividades de Acabamento de edificios (CNAE 43.3) e Outras actividades de construción especializada (CNAE 43.9) onde se atopa o nicho principal de actividade dos oficios artesanais. Porén, son esta tipoloxía de empresa a que revela tamén estar moito menos activos en termos de posta en valor ante a sociedade das súas actividades. Así, só 213 dos 872 obradoiros rexistrados no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia se corresponden cos oficios artesáns con vínculos coa construción (menos do 25%). Máis aínda, só cerámica, carpintaría, cantaría e ebanistería serían oficios tradicionais cunha presenza significativa neste rexistro.

A partir das conclusións anteriores, estimamos que a contribución económica dos oficios artesáns na industria manufactureira é marxinal, claramente inferior ao 0.1% do PIB de Galicia¹. Con todo, faltaría completar esta cifra coa contribución dos oficios artesáns no sector da construción. O maior número de empresas e, especialmente, de traballadores autónomos, permite supoñer unha maior contribución ao PIB de Galicia que os da industria manufactureira, mais as escasas estatísticas oficiais e reducido número de empresas activas nos rexistros artesanais non permiten aventurar unha cifra. Sería moi pertinente a creación dun censo específico de empresas dedicadas aos oficios tradicionais na construción, co fin de mellorar o coñecemento e comprensión da realidade deste sector.

¹ O informe Paz Agras et al. (2024) estima unha contribución ao PIB da artesanía de Galicia do 0,23% a partir dunha atribución máxima de 3.700 millóns de euros para as actividades CNAE con presenza de obradoiros de artesanía. Sendo a mesma atribución máxima para os oficios artesanais na industria manufactureira de 390 millóns de euros (pouco máis do 10%), resulta evidente unha contribución ao PIB de Galicia neste caso moi por baixo do 0,1%.

Liñas de actuación

Liñas de actuación

No informe sobre os *Sistemas artesanais en Galicia. Perspectivas de futuro*, no que se estudaron as actividades artesanais en xeral, apuntouse a unha serie de estratexias para a consolidación e mellora destes oficios.

Con este obxectivo, propúxose a elaboración dun **Plan Estratéxico da Artesanía de Galicia**, que contemple os aspectos clave do mundo artesán definidos nese informe. Neste caso, abordando de xeito específico as actividades vencelladas ao mundo da arquitectura, moitos destes obxectivos son compartidos pero algúns requiren ser matizados e outros substituídos por propo^ostas de accións máis específicas.

Estas liñas a considerar, poderían formar parte deste plan estratéxico xenérico, cunha parte expresa dedicada ao conxunto destas actividades ou ben tomar entidade propia en forma dun **Plan Estratéxico dos oficios artesanais na arquitectura galega**, dada a súa singularidade e a implicación de axentes, entidades, organismos e institucións propios do mundo da construción que deben de ter participación directa na elaboración dun plan destas características.

Obxectivos do Plan:

- **Entender o mundo artesanal galego como parte dun sistema xeral:**
A artesanía non é unha actividade autónoma, senón que forma parte dun sistema no que se establecen relacións de sinerxía con moitos outros sectores. Isto acontece, no caso dos oficios na arquitectura, tanto con outros sistemas produtivos implicados nunha construción coma na interacción coa explotación do medio, por exemplo, a nivel forestal, no tema da madeira, de explotación de canteiras, no caso da pedra, etc. Incluso, na relación con outras actividades, como a agrícola, na que a necesidade dun determinado tipo de construcións, ou de peches, de conducións de auga, etc. tamén implica a estes oficios. Hoxe en día, os diferentes sistemas produtivos conviven e, incluso, colaboran, polo que convén tamén facer explícitas estas relacións enriquecedoras.
- **Reivindicar os oficios artesanais como unha oportunidade para garantir intervencións sensíbeis co medioambiente.**
Os valores do mundo artesán deben de lerse como tal, como oportunidades para a posta en valor dun patrimonio de coñecemento existente, con claras opcións de incorporar innovacións no contexto actual e cun gran potencial en termos de sustentabilidade: materiais e técnicas locais, reutilización e reciclaxe,

economía circular, etc. Esta reivindicación debe de ser explícita para que poda ser recollida nas convocatorias de concursos, axudas económicas, etc. públicas e privadas. Neste senso, as propostas promovidas polas administracións públicas poden actuar como exemplarizantes e de campo de probas e mostra do potencial destes oficios.

Neste mesmo senso, un dos hándicaps é a falla de certificacións de materiais locais que, existindo e podendo xerar unhas dinámicas revitalizadoras noutros sectores como o forestal no caso da madeira, se están a perder. En moitos casos, hai que optar por solucións garantidas por ser estándar ou contar con selos de calidade.

- **Reivindicar os valores patrimoniais dos oficios artesanais na arquitectura galega.**

Os valores patrimoniais destes oficios pasan pola súa propia valía como coñecemento forxado ao longo do tempo e o seu potencia como patrimonio vivo, como ferramentas para a recuperación de arquitecturas que requiren restauracións ou rehabilitacións, como técnicas a implementar na arquitectura contemporánea como un legado contemporáneo, como expresión poética da identidade cultural, etc.

A recopilación, en forma de inventario dos datos das/os artesás/ás que se dedican na actualidade a estes oficios é un xeito de visibilizar esta labor pero, especialmente, de contar cun recurso ao que acudir en busca de profesionais que manteñan este legado vivo. Tamén é precisa a realización dun mapeado destes oficios, incluídos traballadoras/es e realizacións de referencia.

A elaboración dun censo dos talleres, con datos máis específicos e de máis alcance, incluso económicos, é unha ferramenta necesaria para poder tomar determinacións sobre estas actividades.

- **A garantía de futuro: o relevo xeracional.**

Os datos sobre o relevo xeracional na artesanía galega, en xeral, son preocupantes e condenan o futuro destas actividades. Na comparativa entre o número de xente artesá recollida no Rexistro oficial na actualidade e a que figura na Guía coordinada por Felipe-Senén López, do ano 1995, reflexa unha baixa do 32% de dedicación a estes oficios. Ademais, se a evolución continúa a ser a actual, tendo en conta que máis da metade dos artesáns galegos (segundo os datos recollidos no informe *Sistemas artesanais en Galicia. Perspectivas de futuro*), son maiores de 50 anos, e a incorporación de xente nova é moi baixa, nun período duns 15 anos teremos perdido a metade do tecido artesanal en Galicia, con todo o que isto implica a nivel económico, social, cultural e patrimonial.

Estes datos son trasladables aos oficios vencellados á arquitectura e apuntan a unha perda como potenciais saídas laborais vocacionais para xente nova que podería atopar nestas profesións o seu espazo.

- **A clave: a formación.**

A formación é a maneira de preservar e transmitir este legado de coñecemento para mantelo vivo. Entendendo que, hoxe en día, hai un problema de falla de persoal no mundo laboral pero non de demanda de traballo, deberíase de promover a incorporación de xente á formación nestas actividades. Tódolos protagonistas consultados para este informe coinciden en que a crise na formación e o descoñecemento das opcións para aprender un destes oficios, son dos problemas principais aos que se enfronta o sector en Galicia e que requiren da toma de medidas de urxencia.

Apúntase, no informe, as medidas estratéxicas claras a implementar para solventar esta problemática.

Moitas especialidades non contan con formación regrada e as que si teñen un ámbito definido, a ensinanza académica deixa a práctica nun segundo plano. A figura de *mestre de taller* desaparece. Aínda que a lexislación recolle a denominación de *mestra artesá/mestre artesán*, non implica status docente. A desvinculación, por tanto, do mundo da práctica é un dos maiores problemas. Moitas/os das/os artesás/áns, sen embargo, teñen impartido docencia e estarían interesados en facelo.

Axudaría a consideración da formación en actividades artesás como ensinanzas de especial interese para Galicia. Isto permitiría manter e implementar actividades que contan con pouco alumnado nas EASD ou na FP e introducir certas flexibilidades para incorporar á docencia, tanto profesorado artesán, como un maior peso das prácticas académicas e laborais no currículo docente e novas ensinanzas que non contan hoxe en día con formación regrada. Para reforzar as ensinanzas prácticas, as axudas económicas aos talleres que colaboran na formación, recuperando a figura de *aprendiz*, sería unha boa estratexia para a que hai que buscar sistemas que non penalicen ao taller e que reduzan as dificultades burocráticas para a súa xestión. Tamén a flexibilidade na toma de decisión de formalizar a contratación ou non ao finalizar estas prácticas é algo reivindicado por parte das/os profesionais. Outra fórmula ben valorada pola artesanía galega pasa por la recuperación das antigas *Escolas Taller* que contaban con formadores artesáns, pero abertas a un alumnado xeral, non só a xente desempregada, entre o que se busque fomentar a vocación desde unha escala próxima e local. Tamén a fórmula dos obradoiros duais de emprego ten interese.

A formación universitaria xoga un rol relevante en temas de especialización, pero especialmente na formación das/os técnicas/os con coñecementos específicos nos oficios artesáns para facilitar a súa incorporación a nivel de proxecto e na execución das obras.

Fórmulas de especial interese aparecen en propostas nas que o traballo de intervención en patrimonio referencial, como a Catedral de Santiago, poderían permitir conxugar traballo e formación a través desta experiencia única que, sen dúbida, revirtiría noutras intervencións. Estas iniciativas, xa presentadas pero fallidas, necesitan dun acompañamento de apoio de tódalas institucións implicadas e de posibilidades contractuais que permitan estas opcións.

A referencia recollida neste informe, sobre a formación en talleres en alternancia dos *Compagnons*, en Francia, xunto a complementos académicos, mediante a que se acadan titulacións oficiais, son exemplos a considerar polos bos resultados que están a acadar na consideración destes oficios a nivel internacional.

- **Definir con claridade o ámbito económico destas actividades e medidas específicas para as súas particularidades.**

A día de hoxe, a dificultade para discernir as actividades artesás entre as definidas pola CNAE impide obter datos exactos sobre a súa magnitude económica. Isto complexízase máis nos oficios vencellados á arquitectura, cando se inclúen en grandes epígrafes que non establecen diferenzas entre técnicas. Aínda

así, coas estimacións feitas, acádanse uns resultados que amosan que a relevancia do sector artesanal en Galicia non ten un reflexo equivalente no ámbito económico, situándose, en xeral, por debaixo de valores medios a nivel nacional e con maior distancia en relación a outros espazos europeos.

Definir con claridade estas actividades artesanais no ámbito económico permitirá tomar decisións sobre consideracións especiais dacordo á súa singularidade para paliar algúns dos problemas máis significativos do sector. A lei establece que as empresas artesás non teñen máis de 10 empregadas/os, tratándose, por tanto de micro-empresas. Na realidade, a maior parte da actividade artesanal é realizada por xente autónoma (90%), traballando soa ou cun baixo número de empregados. A consideración da artesanía como unha entidade propia, diferenciada da produción industrial, que se desenvolve con dinámicas totalmente diferentes, abriría a porta a unha análise concreta e precisa e a toma de decisións efectivas. Neste senso, considerar medidas paliativas específicas para o mundo artesán, reducir burocracia nos procesos nos que non se diferencia a complexidade dos procedementos dos aplicables a grandes empresas, incrementar axudas económicas para estes casos ou facilitar asesoramento específico, son medidas que poden contribuír á rendibilidade económica do sector e a xerar maior posibilidade de emprego.

- **Abordar especificamente a desigualdade de xénero.**
O mundo da construción amosa un balance absolutamente desequilibrado en canto á presenza de mulleres e homes no sector, sobre todo, a pé de obra, e isto ten o seu traslado tamén ao mundo dos oficios artesanais, sendo a presenza feminina anecdótica. Require, por tanto, un tratamento específico desde esta perspectiva para limar estas desigualdades sociais, preocupantes nunha sociedade contemporánea, e coas que se perde a oportunidade de incorporar persoal a estes sectores tan demandados e con tanta falla de man de obra. Unha das estratexias clave pasa pola visibilización das referentes.
- **A investigación como garante de documentación da tradición e innovación.**
Dado que o escaseza de relevo xeracional rompe coa tradición da salvagarda das técnicas tradicionais e, nestes intres, xa se está a perder unha parte importante deste patrimonio, a investigación, como documentación e recollida destas, xoga un papel activo na preservación destes saberes. Por outra banda, é a través da investigación como se pode chegar a apuntar a novas solucións que incorporen innovacións creativas, tecnolóxicas, de deseño, coa incorporación de novos materiais, de mellora en temas de sustentabilidade, etc. que, con carácter experimental, se poden testar para seguir avanzando na continuidade da tradición. Neste senso, as bolsas de investigación de I+D+i para as/os profesionais e a labor das Universidades galegas no traballo nestas liñas de investigación son inversións que, sen dúbida, terán os seus resultados a curto, medio e longo prazo. Para que estes traballos sexan viables, as convocatorias de financiamento das distintas administracións públicas deben de incorporar liñas de investigación concretas que os posibiliten. Alinéanse, todos estes aspectos, coas premisas das axendas europeas dos próximos anos pero no caso da arquitectura, convén recollelas de forma clara fronte á preponderancia da valía das técnicas industriais.

- **Formación de equipos de traballo transdisciplinaís.**
Entendendo que a artesanía forma parte dun sistema global, non se pode abordar un proxecto deste tipo desde unha única perspectiva, senón desde unha variedade de disciplinas en diálogo, tal como se abordou este informe. Espazos de investigación como o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais. CISPAC, asentan a súa investigación nestas dinámicas de traballo en conxunto desde as distintas olladas que o conforman.
- **Pacto entre administracións e entidades públicas e privadas.**
Implicación de entidades públicas e privadas locais, provinciais, autonómicas, nacionais e europeas para a posta en marcha de medidas conxuntas que implican accións de calado no ámbito da formación, lexislación, economía, social, etc.
- **Procesos participativos cos/coas protagonistas.**
Artellar procesos participativos para incorporar a xente artesá de Galicia debe de ser prioritario para o éxito da análise e as propostas.
- **Elaboración de datos obxectivos e completos da situación actual en Galicia**
Neste informe téñense obtido datos sobre os distintos temas a analizar, pero para trazar un mapa axustado da realidade, é preciso contar cun abanico máis amplo de datos económicos, sociais, etc., maior difusión de enquisas, etc.
- **Mapeado e inventario de traballadoras/es artesás/áns e de traballos referenciais.**
Elaborar unha base de datos documental e gráfica, con acceso en aberto.
- **Debate sobre as clasificacións.**
Contribuir na definición da actividade artesá e a súa clasificación. No informe apúntase a varias opcións. Habería que partir dunha clarificación destes criterios.
- **Incorporar referencias de éxito.**
Neste informe alúdese a algúns exemplos doutras latitudes que se consideran de interese referencial en temas concretos que afectan ao mundo artesán, ás que se poden sumar outras para aprender de experiencias xa consolidadas.
- **Dotación económica realista.**
Estudo económico realista para a posta en marcha das accións que se determinen como prioritarias para conseguir os obxectivos marcados.

Anexo

Conversas con...

Ángel Panero Pardo

Arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio
da Cidade de Santiago de Compostela
[25/09/2024]

Daniel Lorenzo Santos

Director da Fundación Catedral de Santiago
[01/10/2024]

Alejandro García Hermida

Director executivo da Fundación Culturas
Constructivas Tradicionales
[02/10/2024]

David Alvariño Pérez

Director do CIFP de Cantería de Galicia
(Escola de Canteiros de Poio) [15/10/2024]

Cristina Molares Gómez

Artesá vidreira (Vidrieras Cosmo, Vigo)
[31/10/2024].

As conversas con protagonistas do mundo dos oficios artesanais na arquitectura, permiten coñecer, de primeira man, cal é a súa percepción da situación actual e cales as súas reivindicacións. Todas elas teñen unha gran presenza ao longo do informe e foron determinantes no trazado, tanto, do estado actual como das liñas de actuación que se propoñen. A orde das conversas é cronolóxica.



Ángel Panero Pardo

Arquitecto da Oficina Técnica do
Consortio da Cidade de Santiago de Compostela
[25/09/2024]

Ángel Panero Pardo é arquitecto da Oficina Técnica do Consorcio de Santiago da Cidade de Santiago de Compostela desde o ano 1994. Desde a súa constitución, no ano 1992, este ente interadministrativo ven desenvolvendo políticas de recuperación urbana, de actualización de infraestruturas e equipamentos e de recuperación do espazo público e promove políticas de acción cultural e de estudo e interpretación da historia da cidade e do fenómeno xacobeo¹.

Na actualidade, é o coordinador académico do Curso de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación² (CEGOR), organizado pola Fundación Laboral da Construción de Galicia e o Consorcio de Santiago. Trátase dun programa formativo “dirixido a profesionais e técnicas/os da edificación coa necesidade de adquirir ou ben actualizar os seus coñecementos na conservación, restauración e rehabilitación”.

Ademais, é autor, entre outras obras, do Centro Nacional de Referencia de formación en materia de rehabilitación da Fundación Laboral da Construción, xunto a Víctor López Cotelo, construído en Santiago de Compostela no ano 2017.

A conversa ten lugar o mércores, 25 de setembro do 2024 na cafetería da Estación Intermodal de Santiago de Compostela.

Luz Paz Agras: Estamos a traballar sobre a situación actual dos oficios artesanais na construción e o certo é que, considerabamos que a primeira persoa coa que debiamos de falar era vostede, pola súa ampla traxectoria vinculada a este tema, tanto a nivel profesional como en temas formativos. En termos xerais, como cualificaría o momento actual deses oficios?

Ángel Panero Pardo: Estamos a vivir unha situación que agora mesmo é crítica. Vemos que hai unha perda de forza dos oficios moi grande. Estanos tocando vivir un momento no que moitas das persoas que teñen formación, que teñen oficio, que son os que saben, estanse xubilando. E aí pérdese o coñecemento. Xa hai anos, discutín sobre este asunto no Ministerio de Educación porque nalgúns casos existe a crenza absurda de que a formación en oficios da construción depende da cualificación académica dos profesores. Díxanme que ía ser obrigatorio ser arquitecto ou aparelador, cousa que a min me parece un auténtico disparate. É dicir, non se entende realmente cal é a esencia dun oficio e como se pode transmitir.

1 Consorcio de Santiago. <http://www.consorciodesantiago.org/es>. (Consulta: 15/10/2024).

2 Curso de Especialización en Gestión de Obras de rehabilitación. CEGOR. <https://microsites.fundacionlaboral.org/cegor?pag=2&idioma=0> (Consulta: 15/10/2024).



Fundación Laboral
da Construción.
Pontepedriña,
Santiago de
Compostela, 2017.
Arquitectos:
Víctor López Cotelo,
Ángel Panero Pardo
Fonte:
Luz Paz Agras

LPA: Claro, pérdese o coñecemento da experiencia directa.

APP: Por moito que se estude e recopile información, non se chega a dominar un oficio e moito menos a ser capaz de transmitilo. Dende o punto de vista de garantir a “*maestría para ensinar un oficio*”, eu propoñíalles que se exixise non ter feito o graduado escolar antes que ser arquitecto ou ter calquera outro título académico, por exemplo. Os que coñecen ben o seu oficio, soen ser xente que leva desde moi cedo traballando. Así é como se aprendeu sempre na construción. Eu lembro que aos encargados e aos xefes de obra lles preguntabas como aprenderan e che contaban: “ah, non, eu comecei levando o *botijo con oito anos*”, ou, “limpándolle as botas ao arquitecto”..., facendo pequenas tarefas, despois pasaban a ser peóns, despois albaneis, despois estaban un pouco co carpinteiro..., e iso é o que lles daba un coñecemento moi intenso dos oficios e mesmo da obra no seu conxunto. Afortunadamente, iso xa non é estritamente necesario que sexa así, pero así foi e así debemos recoñecelo con agradecemento a quen tivo vidas tan duras e alcanzaron un coñecemento que non é posible alcanzar de ningunha outra forma, e que non debemos permitir que se perda.

LPA: E como solventar este problema?

APP: Hai un tempo, o Consorcio de Santiago e a Fundación Laboral da Construción quixeron liderar un proxecto que, precisamente, o que perseguía era comezar a xerar coñecemento e que houbese xente que impartise clase de oficios. O que buscaba, realmente, era iniciar unha dinámica intensa de formación en oficios da construción. Naquel momento, arredor do 2008, cando se puxo en marcha, estaba ademais vencellado a unha determinada reflexión sobre a propia cidade. Hai uns corenta anos, lembro que Venecia era un referente. A xente que tiña ilusión por traballar en rehabilitación ía a Venecia facer cursos. Logo, o curioso é que, na miña experiencia, indo fóra a dar conferencias, participando en proxectos europeos, etc. vin que a xente te sobrevaloraba por ser arquitecto que fai rehabilitación en Santiago. Ben, pois seguindo este fío de formación e cidade, neste curso queríamos crear un centro que conseguise darlle un nome á cidade coma xeradora de formación de elite en relación cos oficios da construción. Falábase de carpinteiros, de canteiros, por suposto, de ferreiros..., ou sexa, que había certa ilusión por impulsar ese proxecto. Tivo unha primeira parte moi exitosa porque aí está o Centro de Formación, que está a funcionar e que o está xestionando a Fundación, tal como estaba previsto. Pero hai que recoñecer que falla moita enerxía en relación ao que é a formación en oficios, que esa era unha parte que lideraba o Consorcio e que, pouco a pouco, foise esquecendo na nosa programación.

LPA: E que se podería facer para recuperar ese pulo de enerxía inicial?

APP: Hai que inverter. Xa se fixo coa construción do edificio e, agora, hai que inverter de xeito importante para xerar esa formación. Non vale dicir só que se van programar cursos. Hai que ser capaces de establecer lazos con redes de oficios que hai en Europa xa consolidadas, como son os “*Compagnons*” en Francia³. O certo é que eu contemplábao coma unha gran oportunidade porque Santiago non deixa de ser a fin do Camiño, que é un cordón que nos conecta directamente, sobre

3 Les compagnons du devoir et Tour de France. <https://compagnons-du-devoir.com/>. (Consulta: 15/10/2024).

todo, con Francia, por exemplo, onde están estes “*Compagnons*”, e a ruta que fan, que lle chaman o “*Tour de France*”. É a volta que dan eles pasando de taller a taller, aprendendo. Eu tiña a ilusión de que iso se puidese reformular dalgún xeito asociado ao Camiño de Santiago e comezar a xerar con intensidade un tirón de oficios e de formación que é moi necesario.

LPA: Que transcendencia pode ter esta crise nun futuro próximo?

APP: Hai un aspecto que pode parecer o máis importante que é o de botar en falla a man de obra especializada nas intervencións patrimoniais. Isto xa pasa a miúdo. Por exemplo, recentemente, Patrimonio Nacional transmitíume un gran problema ao que se enfrontan: teñen miles de metros cadrados de cubertas de chumbo que non saben quen lles pode manter. Este aspecto é moi importante pero penso que o máis interesante disto é o que se puidese facer en relación á formación profesional neste terreo, porque suporía darlle as ferramentas para resolver a súa vida a calquera rapaz que lle interese traballar neste tema.

LPA: Como podería ter acceso a este tipo de formación a xente que estea interesada?

APP: Hoxe en día, calquera rapaz que queira ser carpinteiro ou canteiro, o único problema que ten é o acceso á formación e á información. Na medida en que se puidese facilitar este acceso á formación, poderían contemplalo como unha oportunidade de vida.

LPA: Ás veces, estes oficios non teñen o recoñecemento social que se merecen de cara a que a xente nova os vexa como posibilidades de vida.

APP: Neste proxecto formativo que nós manexabamos, isto era moi importante. En relación cos oficios, fai falla moito recoñecemento social, porque non o teñen. Ninguén diría “eu quero que meu fillo sexa albanel”, por exemplo. Ten as súas razóns para pensar así e algunhas son evidentes: a dureza do traballo, por exemplo, os horarios e xornadas de traballo máis propias doutras épocas, ou a falta de mecanismos para atenuar a incidencia da meteoroloxía neses xornadas, ou simplemente acompañar o natural decaemento físico coa idade deses traballadores. Creo que se perde moita produtividade e atractivo laboral por todo isto. Hai un xeito de denominar nas obras aos albaneis máis maiores, que lles chaman “rotos”. Son albaneis moi bos pero que cando estás nunha obra e dis: “que bo é, que ben traballa”, alguén resposta, “si, pero o que pasa é que está roto”. O que quere dicir é que ao mellor ten unha hernia ou algo similar e que non rende durante o día coa forza coa que o facía antes... Por iso, fai falla, aparte de outras reformas, valorizar o oficio da construción e, para iso, o Patrimonio é un grande aliado.

LPA: O Patrimonio como referente do bo traballo?

APP: Ti vinculas a un albanel ou a un carpinteiro cun monumento, por exemplo coa Catedral, e non hai máis que ver aos que están traballando alí, que están orgullosos e o din: “eu son o que estivo facendo a tella da Catedral”. Esta é unha estratexia moi interesante, vincular esa formación dos oficios da construción co Patrimonio. O que non quere dicir que só falemos de Patrimonio. Eu, nese senso, son partidario de diluír completamente as fronteiras. Un bo canteiro vaino ser traballando en Patrimonio e facendo obra nova, traballando nunha rúa ou no que sexa.

LPA: É habitual asociar os oficios artesanais ao Patrimonio e a obra nova con procesos industriais. Habería que romper con ese prexuízo?

APP: Si, aí fai falla moito traballo e contar con inversión para reter aos aprendices no proceso de formación. Un dos problemas na formación é o compromiso dos estudantes para rematala. Son rapaces novos e a porcentaxe de abandono é enorme. Non é suficiente con dar formación, hai que conseguir, encadealos a un proxecto de vida. Que a xente saiba que se mete aí para uns anos, para formarse e ter un futuro digno.

LPA: As escolas-taller xogaron un papel importante na formación dos oficios. Que opinión tes?

APP: Ao rematar a carreira, eu estiven traballando nunha escola-taller. Estaban moi ben porque recibían un soldo, aínda que fose pequeno. A xente proviña de familias con problemas. Era como darlles unha oportunidade, o que está moi ben, pero tamén facía que unha alta porcentaxe non estivesen realmente interesados e, de cada taller, había un ou dous rapaces que realmente querían aprender, que estaban comprometidos. Logo daquela experiencia, eu era partidario de invertir os termos. É dicir, en vez de falar de escolas-taller, facelo de talleres-escola, implicando máis aos pequenos empresarios, e ter programas específicos para a formación en oficios, incluso exixir algún mérito, e liberalizar máis esas ensinanzas. Digo isto no senso de darlle maior liberdade ao artesán que ensina para que se sinta cómodo. Porque cando dás cun artesán que fai algo que está moi ben e observas o equipo de xente coa que traballa, dáste conta que hai unha sintonía que vai máis aló do estrito coñecemento, é dicir, que entre eles hai como mínimo unha relación suficiente para que as cousas funcionen.

LPA: E cunha compensación económica acorde...

APP: Claro, cando falas cun artesán e lle preguntas por que non mete a máis xente a traballar, sempre responden “porque me arruinan”. Formar xente leva tempo. Nós, nas subvencións ás obras, a través deste proxecto que comentaba e con outros que non saíron, propoñiamos transformar programas como o de arranxar galerías, nos que se concede tradicionalmente unha subvención aos cidadáns, pero que pasa se eses cartos, en lugar de darllo ao cidadán, llo dou ao artesán que fai galerías? Búscase unha forma na que hai concorrencia competitiva de varios pero, ademais, é un orzamento condicionado, por exemplo, a que teña dous aprendices. Por unha banda garántese ao empresario carteira de obra e, por outro, pódese financiar parte dos custos salariais que ten por ter estes dous aprendices. O ideal sería que a xente gañase diñeiro formando a aprendices, non como agora, que perden diñeiro. É unha mágoa, porque teñen carteira de traballo.

LPA: E logo desta formación?

APP: Traballando en escolas-taller, estiven nos talleres, e ao final, sobre os anos 90-91, creáronse o que se chamaba os módulos de promoción, nos que o que se perseguía era que os rapaces que acabaran o módulo de formación se lles prestase axuda coa inserción no mercado laboral. Estiven no módulo de tutela dos módulos de promoción e eu ocupábame de seguir aos rapaces que estaban contratados, ou aos que montaban as súas propias cooperativas. Aquí

tamén me dei conta de moitas doutras cuestións complexas que son importantes. Por exemplo, que pode haber un rapaz que estea moi ben formado pero que é incapaz de desenvolverse nun andamio, polo seu carácter, por exemplo. Paréceme moi importante incluír ou factor humano nos procesos formativos e de inserción laboral. Temos que impulsar proxectos específicos máis vinculados coa vida no taller e o traballo cooperativo que cos modelos case decimonónicos derivados da academia. O Estado é quen ten que decidirse a facelo, porque este é o xeito. Toda a xente que se forme hoxe en día nos oficios da construción ten traballo garantido. E, o máis importante, daremos a todos eses mozos así formados ferramentas para xestionar o seu propio destino na vida.

LPA: E o ámbito para levar a cabo esta formación, sería na Formación Profesional, na Universidade,...?

APP: Na Universidade, realmente, non o vexo. Podería ter interese desde o punto de vista estratéxico, pola boa consideración social que ten pero non tanto desde a transcendencia do propio proceso formativo ou na inserción laboral dos traballadores formados. Penso que a Fundación Laboral é unha institución ideal para facelo. Ten que ser, en todo caso, un pacto social no que fai falla que o concello, a deputación, o goberno galego e o central se unan neste proxecto. Non é un problema económico, senón de vontade. Penso que sería moi importante que houbera unha implicación de todos os estamentos, naturalmente, incluídos os empresarios. De feito, penso que os empresarios están hoxe en día tan preocupados pola falla de man de obra cualificada que non se entende a falla de investimento e compromiso que parece que teñen coa solución do problema. Hai reformas estruturais indispensables que só se poden facer con eles, que teñen que ver cos salarios, coas xornadas laborais e a conciliación dos traballadores, coa adecuación de tecnoloxías, medios auxiliares, mesmo coa atenuación dos efectos da meteoroloxía e outras continxencias sobre a forza de traballo, que lastran definitivamente o atractivo dos oficios da construción como medio de vida, pero que tamén comprometen a produtividade do sector, mesmo a súa supervivencia. É clave entender isto.

LPA: Con incentivos deste tipo, o interese sería maior para todos, formadores e aprendices.

APP: A raíz do programa do que falaba para financiar o emprego asociado a un programa de rehabilitación, sondeei moita xente antes de propoñelo, e con tódolos artesáns e pequenos empresarios que falei amosábanse interesados atendendo a dúas condicións: unha, a financiación, que non teñan que estar pensando en producir para cubrir o coste da formación na súas estruturas produtivas, e a segunda, (que é o que fai que o vexan como unha inversión), a liberdade de non continuar con ese aprendiz se non lle interesa.

LPA: Se eu hoxe quixese ser carpinteira, por exemplo, onde podería formarme?

APP: Non terías onde, salvo ter a sorte de meterte en talleres, ir ao mellor carpinteiro que coñezas e dicirlle se che deixa traballar aí. A nivel escola, aquí en Santiago hai unha moi boa, atoparías unha formación básica, que non está mal, pero realmente onde se aprende é no desafío de construír algo, facelo, medir os tempos, ver as dificultades de poñelo en obra, de colaborar e entenderse con outros seres humanos para facelo...

LPA: E como se encadra a incorporación das novas tecnoloxías, como poden ser os modelos BIM, máis adaptados a procesos industrializados?

APP: Sempre foi difícil debuxar certos elementos irregulares, como por exemplo, cando rehabilitas unha cuberta. E eu sempre dixen que o que nos salva nas obras é o ollo do carpinteiro. Atopábaste cun carpinteiro na obra que levaba facendo 30 anos cubertas e ti, o que lle tiñas que dicir, é o que querías que pasara e el era capaz de resolver o problema a ollo, coa súa técnica, tirando unhas cordas. Eran capaces de gobernar iso que era moi difícil e formaba parte esencial do seu oficio. Ás cubertas, que había que ir forzándoas, chamábanlle *mancornas*, “non, non se preocupe que as imos *mancornar*”, quería dicir que as ían ir forzando pouco a pouco, violentando a xeometría pero suavemente como para que non deixe de ser un plano. Daquela iso era así, hoxe en día, hai algo que veu substituír ao ollo de carpinteiro, que é o escaneado, e o modelado 3D...

LPA: A través dunha medición de nube de puntos.

APP: Tes unha nube de puntos e un modelo 3D no que está perfectamente definida a cuberta e, ademais, podes proxectar esa cuberta nas tres dimensións, pero é que ademais, despois, entra nunha máquina de control numérico e vén a obra coma un moble de IKEA, con tódalas súas ensamblaxes, cas súas pequenas variacións para que cadre, que xa veñen feitas, é dicir, está substituíndo ao ollo do carpinteiro. Isto, para min, indica que alguén que sexa carpinteiro hoxe en día ten que manexar estes procesos, independentemente de que domine o seu oficio, que o ten que dominar, pero ten que apoiarse nestas técnicas, porque ademais aforra moito traballo. Polo tanto, a formación dos oficios ten unha parte que poderíamos chamar a esencia do oficio e, despois, hai outra que é a tecnoloxía contemporánea á que non se pode renunciar e que é moi importante incorporala. Iso fai que sexa moi interesante o procedemento de formación porque realmente non se está falando de xerar unha especie de home medieval, canteiro medieval, carpinteiro medieval, senón de formar a alguén que ten unha relación moi similar cun material, sexa pedra ou madeira, con ferramentas elementais ou con como se comporta ese material cando o traballas, pero que despois é capaz de incorporar tecnoloxía que temos hoxe en día ao noso alcance, ou conciliar o seu traballo coa vida familiar ou o lecer que todos necesitamos. Eu penso que merece a pena asumir o desafío.

LPA: Debería de ser, por tanto, a aprendizaxe das novas tecnoloxías unha parte importante na formación?

APP: Non o convertería no fío condutor da formación porque coido que o máis importante é coñecer ben o material, como se pode romper ou como se pode labrar, que pasa se fas isto ou o outro,... Sería unha ferramenta máis. Agora mesmo, un problema que tivemos cos artesáns, cos que están rematando a súa vida laboral, é que moitos deles non lían planos, non eran capaces de entendelos e os arquitectos, ás veces, tiñamos dificultades na comunicación porque non falabamos o mesmo idioma. Na miña experiencia, facendo detalles á man, incorporando textos explicativos, grosores, etc. entendíanos mellor. O que non pode ser é que a xeración futura, se é que conseguimos que se chegue a producir, non entenda nada das novas tecnoloxías. Sería un desastre.

LPA: Dirixe o CEGOR, un Curso superior de xestores de obra que se imparte na Fundación Laboral da Construción, en Santiago. Como funciona a experiencia?

APP: Está funcionando de marabilla. É, por agora o único programa de formación que promove o Consorcio no Centro de Formación. A filosofía dese curso, en principio, era para construtores e albaneis que querían pasarse á rehabilitación. Esa foi a orixe, porque nos demos conta de que había moi bos albaneis e moi bos encargados de obra nova que se pasaban á rehabilitación e cometían uns erros terroríficos, porque son procesos moi distintos. Este curso comezou a funcionar de marabilla, ao principio eran construtores e agora fóisenos virando, e cada vez hai máis arquitectos. É un curso moi interesante desde un punto de vista panorámico, de cales son os problemas dunha obra de rehabilitación, desde os administrativos, os económicos, os que teñen que ver cos oficios,... O curso ten un senso moi práctico, con talleres e clases moi prácticas. Por exemplo, este sábado, hai un home que fai cubertas de zinc, vennos alí, fala de zinc e despois ponse a dobrar bandexas. É moi bonito porque estás a ver alguén facéndoo. Ou os que fan estucos, ou os da madeira, e os alumnos tamén tratan de facelo.... A min gústame definilo coma se fora unha dirección de obra colectiva, ese é o espírito das clases, e é o que eu lle pido aos profesores: “Ti imaxina que esta é unha dirección de obra colectiva”.

LPA: Un dos problemas, non sei se está de acordo, é que, en moitas ocasións, cando se precisa un oficio en obra, non se sabe onde atopalo. Sería de moita axuda contar con un inventario.

APP: Nós estamos no CEGOR a facer un. Démonos conta que facía falla que os xestores de obra fosen capaces de ter unha lista para saber a quen poden acudir, quen fai carpintería, quen fai cousas moi especiais, cantería, vidreiras, forxa ou revocos á cal, ...; e aproveitando o traballo dos alumnos que veñen de toda Galicia ímolo configurando cada ano. Agora temos sobre unhas 100 entradas que, aínda que non son moitas, temos xa bastante xente. A aspiración é a de ter unha relación de oficios que se poda consultar. Cando haxa un bo número, a idea é publicalo nas redes e que a xente o poda descargar, porque interesa que teña a maior difusión posible. Tamén será moi útil para a formación, porque poderemos buscar aí posibles depositarios de aprendices.

LPA: E a presenza feminina neste mundo, é tan escasa como parece?

APP: Oh! Iso é unha mágoa. Este mundo é tan masculino... outra tarefa pendente, e eu lembro que na escola-taller, as poucas rapazas que entraban a traballar eran fabulosas, eran boísimas todas, lembro as alicatadoras,... Non é certo que haxa unha distinción de xénero, aínda que hai cuestións como a forza física, pero, polo xeral non é certa esa diferenza. Moitas das causas que explican que non haxa mulleres son tamén as que explican a decadencia dos oficios da construción.

LPA: Non cre que é unha boa oportunidade para a incorporación aos oficios contar coas mulleres tamén, xa que antes non era unha opción clara pero hoxe en día...

APP: Nas obras, en xeral, as mulleres coas que me atopei traballando fano moi ben.

Os homes estamos noutra dinámica. Quero dicir, que non hai ningunha razón para pensar que non sería mellor. De feito, eu penso, sen dúbida, que funcionaría mellor se houbo máis presenza feminina nos oficios. Pero volvo á cuestión da reforma estrutural imprescindible coa xornada laboral, a posibilidade de conciliación... non é necesario dar máis explicacións para comprender por que non hai presenza feminina nas obras.

LPA: O certo é que sería unha mágoa que estes oficios se perdan e estamos nun momento clave, nese senso...

APP: Eu teño confianza en que é un camiño indispensable no que hai que traballar. A min gústame moito este tema, e non só por ese pracer que todos temos cando estamos nunha obra e hai alguén que fai algo ben, mellor do que ti dicías... É onde se nota o *duende* do oficio. Senón que está tamén o aspecto social. Nesa vertixe que se ten aos 20 anos, de non saber o que facer, eu penso que hai moita xente que atoparía un camiño aquí, un lugar para ser moi feliz ou polo menos para ser dono do seu destino, ademais, facendo ben as cousas. Tenche que gustar o oficio, pero se é así, é un baúl de satisfaccións. Estou seguro de que teñen que pasar cousas, non pode ser que non pasen, teñen que acabar pasando. Fai falla que haxa unha vontade política, inversión, e cando isto suceda, penso que funcionará moi ben.

LPA: Confiamos. Moitas grazas.

—

Rematamos a conversa tomando boa nota das múltiples referencias que Ángel Panero nos suxire para abordar o estudo no que estamos a traballar e que, finalmente, pasaron a formar parte deste traballo.



Daniel Lorenzo Santos

Director da Fundación Catedral de Santiago

[01/10/2024]

Daniel Lorenzo Santos é o Director da Fundación Catedral de Santiago¹, constituída no ano 2008. Con sede na Casa do Deán, no centro histórico de Santiago, o seu Padroado está presidido polo Arcebispo de Santiago e os fins que persegue son: “a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, do seu entorno e do seu patrimonio artístico e cultural; así como a xestión e explotación, a efectos da súa posta en valor, das infraestruturas da Catedral compostelá, do seu entorno e do seu patrimonio artístico e cultural”.

Desde a súa constitución ata hoxe en día, a Fundación conta cunha ampla experiencia de traballo cos oficios artesanais na construción a través das obras de conservación e restauración da Catedral², constituíndose nun referente a nivel internacional.

A conversa ten lugar o martes, 1 de outubro do 2024, na Casa do Deán, en Santiago de Compostela.

Luz Paz Agras: Realizando un informe sobre o estado actual dos oficios artesanais na arquitectura en Galicia, esta conversa era imprescindible para falar da enorme experiencia que vostedes, desde a Fundación Catedral de Santiago, están a ter nos últimos anos coas obras de conservación e restauración da Catedral. Como valoraría o estado destes oficios hoxe en día?

Daniel Lorenzo Santos: A realidade que atopamos tódolos días é que hoxe non hai xente para traballar nestes oficios. Isto viuse moi claramente nalgúns traballos concretos, por exemplo, no tema do ferro. Aquí, se hai que tratar ferro histórico, teno que facer Chago³. Non hai ninguén máis e este é un tema moi delicado nunha cidade coma esta que ten moito ferro histórico e que demanda un coidado moi especial. Un dos grandes problemas que ten este material vén dado polos estragos que se deben a restauracións previas que foron feitas por xente que descoñecía as particularidades do ferro antes da Revolución Industrial. Por exemplo, os fornos non teñen nada que ver cos de hoxe.

1 Fundación Catedral de Santiago. <https://catedraldesantiago.es/cultura2/> (Consulta: 15/11/2024).

2 Esta publicación, sendo director da Fundación Catedral de Santiago, Daniel Lorenzo Santos, recolle algunhas delas: Fernández Cerviño, María Xosé; Estévez Fernández, Xerardo; Martín Prieto, Adrián (coord. & ed.). *La Catedral de la Arquitectura. Intervenciones e investigación en la Catedral de Santiago de Compostela. 2010-2021*. Santiago de Compostela: Fundación Catedral de Santiago, Andavira Editorial, S.L., 2022.

3 Chago. Santiago Martínez Otero é Ferreiro en Santiago de Compostela.

LPA: Require, por tanto, un tratamento distinto dependendo da súa orixe?

DLS: Claro, e iso sábese o que aprendeu o oficio e tivo a curiosidade de preguntarse por que as cousas non funcionaban. Hai que ter a curiosidade, como fixo Chago, de percorrer España e outros lugares vendo e falando cos ferreiros históricos que lle ían contando como funcionaba este ferro. Hoxe en día, non hai xente que saiba traballar con estas técnicas tradicionais.

LPA: Desde a Fundación, trataron de promover, non só a execución das obras, senón tamén a formación ao redor destes traballos. Como foi esa experiencia?

DLS: Propuxemos facer un sistema de contratación e de formación coa Fundación Laboral da Construción para empezar a traballar precisamente no ámbito de formar en oficios tradicionais. Ás veces, parece que ao falar de oficios tradicionais estémonos a referir a temas moi complexos pero, realmente, temos que irnos ao máis básico. Para intervir nunha obra coma esta, non chega con vir de traballar nunha empresa, precísanse coñecementos específicos, por exemplo, sobre a variedade de morteiros. Precisamente, o uso indiscriminado dos cementos en lugar de morteiros tradicionais de cal fixo moito dano e, na Catedral, boa parte do presuposto da restauración foi destinado a retirar os morteiros e todo o que había en formigón. Non todo, pero o que se puido. Había partes que era imposible porque estaban moi compactadas con elementos construtivos históricos, que non era posible tocalos porque se poría en risco o propio elemento construtivo histórico. Pasa tamén coa madeira. Cando hai que traballar con madeira histórica, hai que recorrer a técnicos moi especializados, como os do CIS Madeira⁴ para, por exemplo, a substitución dun anaco de viga do baldaquino ou a substitución dunha viga histórica por outra viga histórica. Precísase que se comporten da mesma maneira en relación á humidade. Esa madeira estaba preparada con 150 ou 200 anos envellecendo nun prado antes de cortala e instalala. Hai que buscar alternativas axeitadas, por exemplo, unha madeira que como viga estivo funcionando desde o século XVII nunha cercha de San Domingos de Bonaval e agora se colocou no baldaquino. O problema desta peza foi que os carpinteiros encargados de mantela, que, sen dúbida, eran xente que buscaba o mellor, pero que cambiaban os *tojinos* por parafusos, as cuñas por outros elementos de suxeición, normalmente de ferro, e son solucións que nin van traballar igual nin o resultado é o mesmo.

LPA: E estamos a falar dun Patrimonio de tanta valía como a Catedral, o cal indica que noutras obras este problema é insuperable.

DLS: Hai moitos outros edificios que non teñen esta monumentalidade, pero que requiren que, cando se traballe coa madeira, se coñezan os modelos tradicionais que funcionan mellor, e que non son necesariamente os máis caros.

LPA: A experiencia na Catedral sería moi instrutiva de cara a outras intervencións.

DLS: Nós pretendíamos facer un sistema de contratación mixto, no que se puidese estar traballando ao tempo que se formaba a xente. O problema é que os sistemas

4 CIS Madeira. <https://cismadeira.xunta.gal/gl/cis-madeira> (Consulta: 15/10/2024).

en vigor non axudan. Por outra parte, era complexo o tema da propia xestión económica, xa que agora se perderon as bonificacións por ese tipo de contratos, co cal tamén se perde parte da engranaxe do proxecto. Isto únese á falla de subvencións que son necesarias para manter estes contratos.

LPA: Era un proxecto interesante, desde logo, e moi ambicioso.

DLS: Non pretendíamos facer súper-técnicos nun montón de oficios, porque iso non é doado. Primeiro, queríamos incitar á curiosidade do traballador de forma que despois puidese ver cal era o que máis lle interesa, o ferro, a madeira, ... pero tamén como se traballa cando hai que facer unha instalación eléctrica nun edificio coma estes, que non é en absoluto doado.

LPA: Tódalas intervencións teñen que ser especializadas...

DLS: Non é o mesmo pasar un cable por un tabique que por un muro, un muro no que non se pode facer calquera cousa. A idea era que puideran coñecer moitas realidades e, en funcións destas, ver por onde poderían ir con maior soltura. En todo caso, era importante que se lles puidera certificar esta formación para calquera empresa coa que puideran traballar despois, ou mesmo traballando con nós, que esa persoa puidese moverse nun edificio histórico, cunha formación moi ampla e, ao mesmo tempo, que tivese en conta todos estes pequenos detalles tan importantes.

LPA: Tamén, ao tratarse de elementos con tanto valor, hai que saber determinar o seu estado para tomar determinacións de como intervir, non?

DLS: Trátase de aprender a mirar. Aprender a mirar, por exemplo, cando unha *emplomadura* precisa ser revisada e cambiada ou restaurada. Nós falabamos xa, en vez de Conservación Preventiva, de Restauración Permanente, porque dámonos conta que hai elementos que cada ano, non aos 5 anos, cada ano, hai que estar enriba porque senón colapsa. Aquí chove o que chove acumúlase en depósitos. Hai que velos, saber como se limpan, ... Non é o mesmo un *canalón* que estea feito cun elemento sintético, que cun elemento metálico, non se poden usar os mesmos materiais, nin os mesmos produtos, nin a mesma forma. Todo iso hai que valoralo e era o que pretendíamos transmitir. O que estamos facendo agora é que a xente que comeza a traballar ou vén doutros lugares, acompañe a alguén do noso persoal para ir vendo a sensibilidade coa se traballa. Por exemplo, para traballar a madeira, facémolo con dúas carpinterías que xa saben o que hai que facer. Porque, no mundo do restauro, había certos dogmas que eran máis ríxidos que calquera dogma relixioso, e iso houbo que ilo corrixindo.

LPA: E, finalmente, este programa de traballo e formación, non se puido pór en marcha?

DLS: Non puidemos empezar co traballo de formación. Entón, o que estamos facendo é que a xente á que contratamos, normalmente, a preparamos nós, pero xa se queda a traballar. Cando o que nós queríamos era pensar, non tanto en formar xente para aquí, senón en que puidese ir a traballar a outras empresas que precisan de traballadores especializados.

LPA: A idea é moi boa. Que a formación nunha peza tan importante como a Catedral, transcenda a outras obras.

DLS: Si, a outra igrexa, a unha casa histórica,... A idea era que eses traballadores que se formasen, comezaban a colaborar desde o primeiro momento cos nosos equipos, con xente que coñece moi ben o que hai que facer na Catedral. A xente, cando comeza, ven ao técnico da *emplomadura* e están aprendendo a facelo, pero despois ven como hai que poñer o morteiro nun espazo que se levantou, aprenden a facelo co restaurador que fai ese traballo, antes de comezar eles. Que logo puidesen ir a traballar a outras empresas era unha idea moi boa e estaba moi ben pensada e moi ben escrita. Quen lle deu forma foi José Manuel Villanueva, que foi xerente do Consorcio, onde xa se pretendía facer algo similar. Entre José Manuel Villanueva, Xerado Estévez e eu mesmo, creamos este proxecto, pero moi apoiado por xente que tiña moita experiencia, tanto en xestión, como técnicos, etc. E isto é moi importante para poder acometer un traballo coma o que queríamos facer.

LPA: Non se puido pór en marcha, fundamentalmente, por temas de xestión?

DLS: Sumáronse varias cousas: prazos, un novo modelo de contratación que non se axustaba, a dificultade para facer a selección, etc. Foi unha mágoa, xa se presentara á prensa. Lembro algunha reacción que tamén me desgustou, por exemplo, dos restauradores, que entenderon mal o proxecto pensando que se lles podía sacar traballo. Cando é perfectamente compatible. Logo, fíxose un segundo intento. No ano 2011, coincidindo co 800 aniversario da consagración da Catedral, intentouse, nun convenio co Consorcio, crear unha escola. Tamén se caeu este proxecto. Neste caso, porque as Administracións que tiñan competencia, decidiron que ese orzamento, que xa estaba asinado, se destinase directamente ás obras de restauración e non a crear unha escola de xente capacitada.

LPA: Un pensamento a máis curto prazo, en todo caso.

DLS: Claro, pero naquel momento urxía restaurar. E un dos problemas que ten o noso patrimonio é que a climatoloxía fai que sexa máis difícil de manter que noutros lugares. E, aínda que se gaste aquí, no arranxo, logo parece vello.

LPA: A perda é que, a partir destas obras necesarias, non se aproveite para ir xerando escola, coa cantidade de patrimonio que temos para conservar e rehabilitar.

DLS: E é moi importante saber facelo. Non é doado. Non hai formación para isto. Por exemplo, para o traballo no baldaquino recorreuse ao CIS Madeira e a Mikel Landa⁵. Non había máis xente.

LPA: A esta complexidade súmase que solucións tipo non serven.

DLS: Sen dúbida. Un bo exemplo é o acontecido no Pórtico da Gloria, no que, aplicando os parámetros xenéricos de ventilación, non funcionaban. Estaban pensados para un clima seco. Aquí, os estudos específicos da arquitecta Soledad

5 Mikel Landa Esparza. Dr. Arquitecto especialista en madeira.

García Morales⁶, que fixo un traballo magnífico, levaron a tomar solucións moi distintas. De ventilar moito pasouse a un sistema motorizado que o fai moi poucos días ao ano e en períodos curtos. Tamén foron sorprendentes os estudos realizados polo equipo de Jorge Mira⁷, da Universidade de Santiago, sobre o movemento do aire na Catedral, para valorar índices de humidade, temperatura, etc. Ao final, son moitísimos detalles os que hai que considerar e non só por parte dos oficios, senón xa desde os proxectos. Os arquitectos, enxeñeiros, etc. teñen que traballar con esta información específica.

LPA: Claro, fundamental partir dunha análise o máis precisa posible e en restauración non é doado.

DLS: Moitas veces esa é a nosa realidade. Empezamos a traballar sobre un presuposto que despois non coincide coa realidade real que nos atopamos.

LPA: É importante o traballo en conxunto de tódolos axentes que forman parte da obra.

DLS: Unha das cousas que puiden ver é que os carpinteiros que empezaban a traballar cando eu comecei, alá no ano 2011 ou 2012, apenas tiñan coñecementos específicos do que había que facer nun espazo coma este. Entón, nesta mesa, ou noutra deses espazos que temos por aí, estaba o carpinteiro, pero tamén o enxeñeiro e o arquitecto. Sobre o debuxo perfecto do arquitecto, o carpinteiro ía vendo os problemas e íase modificando o proxecto para axustalo á realidade. Entón, o que aprendemos, é que os oficios non poden estar apartados dos técnicos, inclusive dos de máxima cualificación. Tamén o xefe de obra, que era boísimo e xa se xubilou, tamén era fundamental nestes casos.

LPA: E así, coas xubilacións, vaise perdendo ese coñecemento tradicional, se non ten transmisión.

DLS: Si, pero penso que ese coñecemento, realmente, non é tradicional, é máis da experiencia de estar a pé de obra, seguindo o proceso e o resultado. Moitas veces, o técnico non o fai, e o xefe de obra si. Por iso falo da necesidade de escoitar á persoa que está alí porque coñece a realidade do edificio e a climatoloxía e, isto, en Galicia é fundamental. Por outra parte, agora empréganse materiais moito máis sofisticados, non funcionan igual, pero dos que tamén hai que aprender. Nos traballos do Pórtico, non se pode dicir que se seguise o oficio tradicional, senón un plan moi sofisticado, recorrendo á nanotecnoloxía e demais. Nós colaboramos cas empresas máis avanzadas nese ámbito, que son italianas. Sen embargo, apenas se puideron empregar estas tecnoloxías, porque non funcionaban. En Italia si, pero aquí non, polas peculiares características que tiña o propio Pórtico, co dano que tiña a policromía, os nanoxeles engadían moita auga nun espazo xa con moita humidade. Traballouse con equipos estupendos e tecnoloxías avanzadas que non funcionaron.

LPA: Estes traballos requiren tamén unha dedicación especial, de tempo e coñecemento, incluso vocacional. O cal, tamén implica un orzamento acorde.

6 Soledad García Morales. Dra. Arquitecta. Profesora Titular del Departamento de Construcción y Tecnologías Arquitectónicas de la Universidad Politécnica de Madrid.

7 Jorge Mira é Catedrático do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago.

DLS: É importantísimo. Este traballo hai que pagalo. En traballos coa administración, en proxectos de Fomento, por exemplo, temos a experiencia de traballar con orzamentos que non se correspondían con este tipo de traballos, aplicando prezos de partidas que se corresponden co m2 para a construción dunha vivenda, pero isto é outra cousa. Tiveron que vir e ver o tipo de intervención pero, de entrada, non entendían que non se correspondesen cos prezos das bases de datos que eles tiñan. Por iso é importante que, para promover a propia vocación no oficio, hai que expoñerlles a aqueles que deciden asumilos, que teñen que estar axeitadamente retribuídos, porque non é o mesmo facer unha obra desta orde que traballar poñendo un piso de tarima flotante. Ás veces, atópase xente que descubre ese gusto por facelo ben.

LPA: En que oficios notan un maior déficit?

DLS: Os oficios que faltan son moitos. A restauración abrangue moitos deles. Por exemplo, a restauración de metais nobres, prata, ouro, ... hai pouca xente que traballe nisto. Na xoiaría de hoxe, non queda xente que saiba botarlle man a unha peza histórica. Pódese imitar unha xoia barroca con elementos de agora, pero se se colle unha peza barroca histórica, sobre todo se é complexa, non se pode manipular porque, entre outras cousas, facían traballos onde se desmontaba todo e, simplemente descubrir ese truco xa é complicado. Na cantería, por exemplo, empeza a haber canteiros que poden valorar un paramento no seu proceso de construción, como se puido facer, porque está aquí unha determinada peza, etc. O feito de traballar a pedra, colocala, subila, manexala, ... permite un coñecemento á hora de facer estas cousas.

LPA: E porque pasa isto con algúns oficios, como o da cantería e non con outros, que se están a perder?

DLP: Porque houbo unha escola de canteiros, e despois porque o propio traballo de canteiras de Galicia valorouse moito fóra. Hai que pensar, por exemplo, que nós puidemos rematar en tempo a cuberta pétreo porque a Sagrada Familia non estaba demandando a pedra que demanda habitualmente da canteira de Lugo, que é a mesma coa que traballamos nós. Nese momento, coa pandemia, deixouse de traballar alí e nós aproveitamos e comezamos aquí. Esta xente ten a tecnoloxía necesaria para facer estas obras. Conta, ademais, a cuberta, cunha complexa estrutura de aluminio que esixe unha gran precisión tanto por parte de quen traballa a pedra como por aqueles que teñen que deseñar a estrutura metálica. Súmanse os coñecementos. Teñen que ser técnicos, saber traballar co sistemas e a *aparataxe* que permita facer esas pezas.

LPA: É este un mundo moi masculinizado. Parece que as mulleres imos entrando en moitas profesións tradicionalmente de homes, pero nos oficios isto non está a suceder.

DLS: Na nosa experiencia, en temas de restauración hai máis mulleres. Restauradoras, moitas. No mundo da cantería, xa hai mulleres con moita experiencia e capacitación. Sen embargo, en temas de carpintería eu non atopei ningunha, non sei se traballan máis no taller. Logo, aparelladoras na Catedral son todas mulleres, e traballan moi

ben. Entre os arquitectos é curioso porque nos equipos que traballaron con nós, firma un arquitecto pero hai moitas arquitectas. Pode ser que sexa porque estas xeracións aínda non teñen méritos para encabezar os equipos que se presentan aos concursos. De feito, as que viñan eran moitas mulleres. Nesta mesa, había momentos nos que os homes éramos unha clara minoría.

LPA: É probable que as novas xeracións de arquitectas xa vaian liderando cada vez máis.

DLS: Sen dúbida. Vese que son moi competentes e que realmente están a facer o traballo. Noutros ámbitos, como aquí no tema da ventilación, a profesora Soledad García Morales, da que falei anteriormente, da Universidade Politécnica de Madrid, fixo un traballo magnífico. Salvo na arquitectura e na enxeñaría, noutros ámbitos sempre houbo máis mulleres, arqueólogas, por exemplo. Sen embargo, outro dato curioso, é que na redacción de memorias históricas ou en consultas específicas neste ámbito, aínda sendo máis historiadoras, sempre tivemos máis historiadores. Isto sorprendeume.

LPA: Son datos moi interesantes para a reflexión, sen dúbida. Moitas grazas por compartir con nós tanto coñecemento sobre o estado actual dos oficios a partir da súa ampla experiencia na conservación dun Patrimonio de tanta relevancia.

—
Rematamos a conversa comentando o interese da publicación de algunhas destas experiencias no libro *La Catedral de la Arquitectura. Intervenciones e investigación en la Catedral de Santiago de Compostela. 2010-2021*, ademáis de observar a calidade da edición.



Alejandro García Hermida

Director executivo da Fundación Culturas
Constructivas Tradicionales
[02/10/2024]

Alejandro García Hermida é Doutor Arquitecto e Máster en Conservación e Restauración do Patrimonio Arquitectónico pola Escola de Arquitectura da Universidade Politécnica de Madrid, onde é Profesor Asociado desde o ano 2019. É o Director Executivo da *Fundación Culturas Constructivas Tradicionales*, fundada no ano 2023, co obxectivo, tal como se define, de fomentar o impulso do estudo, a protección, a ensinanza, a difusión e a conservación da Construción, a Arquitectura e o Urbanismo tradicionais propios das diferentes rexións do mundo¹.

A súa orixe está na creación do Premio Rafael Manzano de Nova Arquitectura Tradicional, en España, logo de recibir o apoio de Richard H. Driehaus para a creación deste recoñecemento, logo de ter recibido no ano 2010 o premio que leva o seu nome o arquitecto español Rafael Manzano. A este premio fóronse unindo moitas outras actividades e tralo falecemento de Dreihaus, xurdiu a iniciativa da creación desta *Fundación* que comezaría oficialmente a súa andadura no ano 2023, en Madrid. A día de hoxe, promove e apoia unha gran diversidade de actividades formativas, concursos, premios, publicacións, congresos, exposicións, etc. entre as que se pode salientar a posta en marcha da Rede Española de Mestres da Construción Tradicional², recoñecida polo Libro Verde para a xestión sostible do patrimonio cultural, elaborado polo Ministerio de Cultura³.

A conversa ten lugar de forma telemática o mércores, 2 de outubro do 2024.

←

Mestura feita
para un stucco
por Luis Prieto.
Fotografiado
por Lucho Dávila.
Exposición
Arquitectura
Atemporal.
CentroCentro,
Madrid, 2021.
Comisariada por
Alejandro García
Hermida.
Fonte: CentroCentro.
[https://www.
centrocentro.
org/exposicion/
arquitectura-
atemporal](https://www.centrocentro.org/exposicion/arquitectura-atemporal)
(Consulta:
15/10/2024).

Luz Paz Agras: Interésanos moito conversar con vostede sobre os oficios artesanais na arquitectura, pola súa experiencia con tantas iniciativas que están a por en marcha a través da *Fundación Culturas Constructivas Tradicionales*. Sobre todo, de cara a situar a crise actual destes oficios, con temas candentes como a falla de relevo xeracional, os déficits en formación, etc. e apuntar a ideas que podan contribuír na súa posta en valor.

Alejandro García Hermida: Levamos tempo traballando nestes temas e podo falar de temas que están a ocorrer e que os propios protagonistas dos oficios nos transmiten. Entre as problemáticas que detectamos, a primeira é a falla dun sistema de formación. Non é que non haxa xente que se queira formar nos oficios tradicionais da construción, senón que non existe un sistema de formación. Para comezar, non están recoñecidos nos epígrafes dos tipos de traballos como actividades laborais. Figuran oficios xenéricos como albanelaría ou actividades deste tipo pero non, de forma específica, moitísimos dos oficios tradicionais, polo que é coma se non existisen.

- 1 Fundación Culturas Constructivas Tradicionales. <https://culturasconstructivas.org/fundacion/> (Consulta: 15/10/2024).
- 2 Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional. <https://redmaestros.com/> (Consulta: 15/10/2024).
- 3 Libro Verde para a xestión sostible do patrimonio cultural. [https://libreria.cultura.gob.es/libro/li-
bro-verde-para-la-gestion-sostenible-del-patrimonio-cultural_10469/](https://libreria.cultura.gob.es/libro/libro-verde-para-la-gestion-sostenible-del-patrimonio-cultural_10469/) (Consulta: 15/10/2024).

LPA: Que queda entón das antigas Escolas de Artes e Oficios?

AGH: As antigas Escolas de Artes e Oficios transformáronse en Escolas de Artes, cousa facía falla, porque era necesario contar con escolas de deseño, pero desapareceu a parte de Oficios. Non se substituíron por nada equivalente. Nos que quedan, hoxe en día, como equivalentes, dáse unha formación máis enfocada cara actividades artísticas, como a forxa, por exemplo. Sen embargo, a ensinanza enfocada cara a construción desapareceu. Entón, realmente, podemos afirmar que, a día de hoxe, en España, non hai formación en oficios tradicionais. Os poucos centros que hai de formación en oficios son exemplos illados que non están moi recoñecidos. A Escola de Canteiros de Poio, en Galicia, por exemplo, que se acaba de integrar no sistema de oficial, o cal me parece moi positivo. Agora a dificultade será ver como poder contar con profesorado dos oficios no sistema oficial porque, e este é outro problema importante, o sistema esixe un perfil académico no profesorado e dificulta enormemente o feito de contar con xentes dos oficios.

LPA: Como se podería adaptar o sistema a este tipo de ensinanza, máis vinculada á experiencia práctica?

AGH: Tal como está agora mesmo é difícil. Ese sistema, no caso de que existira, o problema é que é moi difícil de adaptar a este tipo de formación. A ensinanza dual, que está moi ben, tampouco permite unha adaptación doada. Os requisitos que se exixen ás empresas que poden ter a xente, en moitas ocasións, non se adaptan porque estas empresas son talleres pequenos ou cuadrillas pequenas se dedican á construción, e non compren eses requisitos. Está pensado máis para empresas grandes, co cal, o tipo de mestres de oficios dos que estamos falando, moitas veces son traballadores autónomos, e moitos traballan coa familia ou dúas ou tres persoas ao lado. Este é o caso máis frecuente, polo que, aínda que existiran os programas formativos, non estarían incluídos neles.

LPA: Porque, tal como dicía, o problema non é que non haxa demanda. Isto é un dato moi importante...

AGH: Si, e nós sabémolo ben, porque temos unhas bolsas de formación en taller, con mestres, e cando as sacamos temos bastante demanda. Solemos ter unha media de dez solicitudes por praza, o cal quere dicir que hai bastante máis demanda ca oferta.

LPA: Por que cre que se está a dar este proceso de distanciamento da formación dos propios oficios?

AGH: En parte, penso que un dos motivos polos que as Escolas de Artes e Oficios desapareceron vén dado polo feito de ir orientando ao profesorado cara un perfil máis académico, máis teórico. Este tema paréceme importante. E, logo, porque como non existen as competencias profesionais, oficialmente non se desenvolve unha formación e parece que non fai falla.

LPA: A día de hoxe, poderían ter encaixe estas formacións máis prácticas no sistema actual de ensinanza?

AGH: O certo é que, aínda que as houbese, terían barreiras. A primeira, o que lle

piden ao formador e a segunda, o da ensinanza dual, que non está pensada para este tipo de talleres.

LPA: Sen embargo, noutros países da Unión Europea, si que se implantaron...

AGH: No é un problema da regulación europea das ensinanzas, senón da adaptación que fixemos aquí.

LPA: E entidades con cursos formativos como os da Fundación Laboral da Construción?

AGH: En xeral, son cursos dedicados a temas de construción contemporánea, con algunhas excepcións.

LPA: E algunha referencia á que podamos recorrer?

AGH: Francia e Alemaña, mesmamente, téñeno ben organizado, en Francia desde logo é unha marabilla e en Alemaña funciona ben tamén. Sobre o tema formativo, sobre todo nos últimos anos, vese unha campaña bastante activa por parte de asociacións profesionais de restauradores que puxan para ocupar máis competencias en detrimento dos oficios cando, en realidade, son complementarios. Por agora, non o conseguiron, pero vexo que a presión é forte.

LPA: Entendo que a súa idea de intervención no Patrimonio non é a mesma que a nosa.

AGH: É un enfoque de conxelación material do ben, o cal serve para algúns casos moi concretos, sobre todo para que o Patrimonio que é moble pero non para o que é inmobile. Para este sería o final da Arquitectura, non se poderían conservar os edificios. Entón, esa idea parte da base de que os edificios se conservan igual que os bens mobles e que non fai falla engadir material, é dicir, que non hai que facer canteira nova, ou que non hai que facer carpintería nova. A realidade é que hai que facela. O malo é que a Lei que temos de Patrimonio ampara ese concepto.

LPA: Quizais unha opción para contar con ensinanzas específicas dos oficios, con criterios propios, pasa por consideralos dun xeito excepcional, dentro do sistema de formación.

AGH: Si, eu penso que igual que se fai excepcións no Código Técnico da Edificación (CTE), cando é un edificio histórico podemos ser flexibles e está xustificado. Pois no fondo isto é igual, que na formación, se é un oficio artesán, tradicional, deberíanse de revisar estas normas, non? Imaxino que é algo tan doado coma meter eses pequenos axustes na redacción das normativas e que, simplemente, con que se considere que existen, que iso é o máis difícil, e que o teñan presente, podería cambiar bastante a situación.

LPA: E como se aborda desde a *Fundación* o tema dos oficios artesanais en obra nova, non só en rehabilitación?

AGH: Este é o noso tema principal, obra nova con oficios tradicionais e técnicas tradicionais. As publicacións que facemos van diso, fundamentalmente, aínda que,

por suposto, tamén hai temas de intervención no patrimonio ou, nalgúns casos, moitas obras son mestura das dúas cousas. Realmente, eu creo, e cremos todos os que estamos aquí na *Fundación*, que si queremos manter as tradicións de cada rexión e o uso dos materiais locais, ou se fai tamén en obra nova, ou só da restauración non van sobrevivir. Por suposto que é unha actividade moi importante e, de feito, onde a hai nótese que máis xente mantén ese coñecemento, pero non é suficiente. E é unha mágoa, porque a realidade é que estamos nun momento moi delicado no que se vai xubilar moita xente en moi poucos anos e, a maioría, son insubstituíbles. Non teñen quen lle siga, e nós estamos poñendo un remendo dando bolsas a xente para que se forme con eles, pero é insuficiente.

LPA: Si, a verdade é que é unha mágoa, polos oficios e pola perda de coñecemento cando esta xente deixa xa de traballar. Na artesanía, en xeral, vivimos nestes intres unha crise de relevo xeracional, pero no tema da construción é radical, máis profunda. É unha mágoa porque parece que a xente que decide apostar por estas profesións faino por interese, son profesións vocacionais.

AGH: Si, total. Apaixonados do oficio, que é que o gozan. Desde logo, quen se dedica a isto é porque lle gusta moito, porque senón, faría outra cousa. E, ademais, vailles moi ben. Hai moitos que, incluso, son moi demandados ata internacionalmente. Quen se mete niso xa non é que teña a vida resolta, é que seguro lle vai ir ben porque é que hai moita demanda. Eu penso que a xente, non é que non se queira dedicar a isto, é que é moi difícil que chegues a ese camiño cando non hai unha oferta formativa fácil de atopar, non sabes nin que existe, non se difunde de ningún xeito. En parte, todo o que facemos desde a *Fundación*, cos premios, as exposicións, etc., é para que a xente coñeza estas opcións.

LPA: A importancia da labor de divulgación.

AGH: Si, que se saiba que aínda están facendo artesoados preciosos e que podes ter un na túa casa, que o problema non é que xa non haxa ninguén que non o faga, é máis, é que se están indo a facelos fóra porque é que en España non hai demanda. Este tipo de cousas, creo que é o que chega á xente, o feito de que se coñeza faría que houbese máis demanda. Vémolo coas bolsas cando temos un montón de solicitudes. Será que non atopan outro xeito de acceder a ese coñecemento. Se houbese títulos oficiais, estou seguro que os priorizarían fronte ás bolsas.

LPA: E como ve a irrupción das novas tecnoloxías no contexto dos oficios artesanais? Porque da a impresión de que teñen un encaixe controvertido, por exemplo, o sistema BIM, que está pensando máis desde unha lóxica do mundo industrial.

AGH: Hai unha dobre vertente. Por un lado penso que os propios artesáns cada vez se valen máis dela. Raro é o canteiro que teña un taller grande ou o carpinteiro que non teña máquinas de control numérico ou ferramentas deste tipo, así que, realmente, é algo que se está incorporando ao oficio tamén de xeito natural, sen que se perda a tradición para nada, senón ao revés, aproveitando o que lles é útil. Pero, por outro lado, tamén creo que sistemas como o BIM, está realmente concibido para deixar todo iso fóra, concibido realmente para que teñas que optar

por unhas solucións estandarizadas. Que se exixa para facer un aeroporto, parece lóxico, pero agora xa o pide a administración para proxectos de restauración ea min preocúpame. Penso que é malo que sexa un programa que te incita a optar por solucións preconcebidas para algo que ten que ser tan artesán coma un proxecto de intervención no Patrimonio. Está claro que se pode traballar no artesán incluso co BIM, pero non está pensado para iso.

LPA: Outro tema controvertido: a desigualdade de xénero na artesanía. Como en moitos ámbitos laborais, existen sesgos de xénero nos diferentes oficios. En xeral, entre uns e outros, acaba habendo a día de hoxe un equilibrio numérico, pero no caso dos oficios artesáns vinculados á construción, a presenza feminina é anecdótica. Non pasa coas restauradoras, coas as arquitectas ou coas arquitectas técnicas, etc. que cada vez somos máis, pero si coas mulleres dos oficios.

AGH: Depende do oficio. Hai algúns, menos físicos, como por exemplo, temas de azulexería, vidreiras, ... vexo que hai máis equilibrio. Cando entramos noutros, como a cantería, non digo que non haxa, que as hai e moi boas, pero poucas. En forxa coñezo unha mestra moi boa, pero é unha. Este tema para nós é un problema para outorgar recoñecementos, porque sempre tratamos de amosar un equilibrio, pero non é posible. En acabados, que requiren un traballo máis delicado, equilibrase un pouco máis, énos máis doado premiar a xente. Ata o de agora, desde o 2017, que demos catro premios ao ano, premiamos a tres mulleres nada máis: creo, tres ou catro; unha de vidreiras, unha de azulexería e outra de rebocos.

LPA: Eu penso que, ademais de ser un tema de xustiza social en favor dunha sociedade máis igualitaria, podería ser unha oportunidade, a día de hoxe, para incorporar máis xente aos oficios.

AGH: Penso que si. Ás veces dáse por sentado que a forza é unha limitación pero, cando existen mestras de oficios, pode que sexa un prexuízo.

LPA: Falamos das bolsas, os premios, as publicacións, etc. que promoven desde a *Fundación*, e gustaríame reseñar, en particular, o inventario que están a elaborar sobre mestras e mestres a nivel nacional na web de *Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional*, que se pode consultar en aberto.

AGH: Si, é unha das iniciativas que ten un maior volume de actividade, de visitas na rede, o que parece acreditar a súa utilidade.

LPA: Sen dúbida. Quero despedirme agradecéndolle o teu tempo e felicitándoo polo gran traballo que están a levar a cabo desde a *Fundación*.

—
Rematamos a entrevista falando informalmente sobre a situación dos oficios artesáns en Galicia e comentando o interese de moitas das iniciativas que aquí se levan a cabo. Xusto nestes días, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia acaba de concederlle o III Premio de “Arquitectura para Un Mundo Mellor 2024” ao ferreiro Chago, Santiago Martínez Otero, que tamén foi premiado pola *Fundación Culturas Constructivas Tradicionales* no ano 2021.



David Alvariño Pérez

Director do CIFP de Cantería de Galicia
(Escola de Canteiros de Poio)
[15/10/2024]

David Alvariño Pérez é o Director do novo Centro Integrado de FP da Cantería de Galicia, recentemente creado na Escola de Canteiros de Poio.

Logo de exercer como profesor en distintos IES da comunidade e varios cargos de xestión no IES Frei Martín Sarmiento, como xefe de estudos e director, dedicou case tres anos á Coordinación de Equipos AIDX Rede Galega de Educación Dixital (DixitalGal) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, antes de asumir a dirección do novo centro de Poio en setembro do ano 2024. A conversa é telemática, o venres 18 de outubro do 2024.

Luz Paz Agravas: A Escola de Canteiros de Poio é un referente na formación deste oficio, non só en Galicia. Recentemente, a homologación destes estudos pola Xunta de Galicia supón a suma da Escola á rede de centros oficiais CIFP galegos. Vostede comeza como director neste primeiro curso en que se pon en marcha esta iniciativa. En que consiste?

David Alvariño Pérez: Esta transformación en Centro Integrado de Formación Profesional supón o paso a oficial das antigas ensinanzas de formación non regrada da Escola de Canteiros. Agora pasan a ser o Ciclo de Grao Medio de Pedra Natural de Alta Especialización. Este ciclo, ten 3 anos de duración - normalmente os ciclos, tanto medios coma superiores, teñen 2 anos de duración. Esta excepción vén dada porque para poder herdar as antigas ensinanzas da Escola de Canteiros, o novo ciclo ten módulos do Ciclo de Pedra Natural que se imparte no IES Ribera do Louro de Porriño en combinación con módulo artísticos de ensinanzas de réxime especial. O alumnado que remata, aos 3 anos, ten unha dobre titulación: por un lado, Ciclo Medio de Pedra Natural e, por outro, Técnico de Artes Escultóricas. Ten uns módulos técnicos e outros artísticos.

LPA: Trátase dunha formación que integra, por tanto, módulos técnicos e artísticos?

DAP: Si. Non só se traballaba a cantería e o cadeirado para facer muros, cruceiros, etc., senón tamén a parte escultórica, de compoñente artística, sumando as dúas vertentes da formación en cantería.

←

Escola de Canteiros de Poio, Pontevedra.
<https://redmaestros.com/maestros-cat/escola-de-canteiros-de-poio/> (Consulta: 15/10/2024).

LPA: En principio, parece unha transformación moi positiva pero agora estarán vendo tanto as vantaxes do novo sistema coma as perdas do anterior. Pode facer xa algunha valoración?

DAP: Si. O problema está en que o profesorado que ata agora impartía estas materias, tanto de cantería como de escultura, é persoal laboral herdado da Deputación que eran, antigamente, os mestres de taller. Agora, o Centro pertence á Consellería de Educación da Xunta de Galicia e os criterios para ser profesorado titular dunha materia veñen marcados por lexislación estatal. A Consellería conta cunhas listas de profesorado por especialidades, como a Arquitectura, asociadas á familia da Obra Civil, que a onde pertence este ciclo. Trátase, por tanto, de xente con graos, licenciaturas, etc., pero sen experiencia profesional na práctica como o profesorado anterior.

LPA: E non existe algunha figura para recoñecer a estes outros perfís non provenientes do mundo académico?

DAP: Existe unha regulación, o Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, que regula o acceso ao corpo de profesorado de novas especialidades,¹ como transición a este novo tipo de ensinanzas, como incorporación dos Profesores Técnicos de Formación Profesional ao Corpo de Profesores de Ensinanza Secundaria. O problema é que recolle só 10 especialidades singulares, nos que non está incluída a Cantería: Cociña e pastelería, Estética, Fabricación e instalación de carpintería e moble, Mantemento de vehículos, Mecanizado e mantemento de máquinas, Patronaxe e confección, Peiteado, Producción en artes gráficas, Servizos de restauración, e Soldadura.

LPA: E como están salvando esta circunstancia para seguir a contar con este tipo de profesorado?

DAP: A fórmula que estamos empregando é a de persoas expertas do sector produtivo que está contemplado no Real Decreto 659/2023 do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional². Esta norma di que se poderá contratar profesionais expertos do sector produtivo, non necesariamente titulados, para impartir FP cando concorran certas circunstancias e sexa necesario cubrir necesidades de formación para (que é o máis importante para nós), garantir o dominio de procesos específicos do sector produtivo. Na actualidade, hai uns profesores titulares destes módulos, que son os que veñen adxudicados polas listas públicas que establece a Consellería, que é un sistema que está ben, pero que adoece desta experiencia práctica, e o persoal que xa temos aquí, está de apoio naqueles módulos que precisan unhas destrezas prácticas que non están recollidas en ningún grao universitario: escultura en pedra, corte de cadeirado de pedra, ... Agora temos dous profesores da antiga Escola de Canteiros que apoian ao profesorado profesorado adxudicado en listas porque, se non, pérdense estas ensinanzas.

1 Real Decreto 276/2007, de 23 de febrero, por el que se aprueba el Reglamento de ingreso, accesos y adquisición de nuevas especialidades en los cuerpos docentes a que se refiere la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, y se regula el régimen transitorio de ingreso a que se refiere la disposición transitoria decimoséptima de la citada ley. BOE 53, 2 de marzo de 2007. BOE-A-2007-4372.

2 Real Decreto 659/2023, de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional. BOE 174, 22 de xullo do 2023. BOE-A_2023-16889

É unha solución que adoitamos este curso, pero é absolutamente transitoria porque, para que isto teña visos de futuro, habería que modificar este Real Decreto. Aparte, creo que é de recibo que no listado de especialidades que conforman o corpo de profesores especialistas en sectores singulares, se inclúa o de cantería.

LPA: Hai algunha maneira de resolver isto de forma efectiva?

DAP: Hai un problema legal técnico importante que é que esta figura dos profesores singulares que, insisto, debería de incluír a cantería, exige que haxa un ciclo formativo de grao superior. E non existe un ciclo formativo de grao superior que estea relacionado coa cantería. O que se instaurou aquí, fíxose a partir dunha mestura de módulos de FP con módulos artísticos, pero é de grao medio. Esta estrutura fíxo a un grupo de traballo para lograr este ciclo e non perder o oficio de canteiro. A verdade é que foi un *traballazo* e está moi ben, porque crearon algo novo. É un problema complicado porque se hai que modificar normativa estatal non é rápido, nin sinxelo, e máis con estas todas estas trabas que temos.

LPA: Non habería opción a crear un ciclo superior?

DAP: Sería unha boa solución porque antes aquí, as ensinanzas non regradas que había, tiñan 5 anos de duración. Cos 3 primeiros saían co título non regrado de canteiros e cos 2 seguintes, mestre canteiro. Eran 3+2. Agora temos un ciclo de 3 anos. Se logo se establece un ciclo de grao superior, esa traba podería salvarse por aí. Ademais ten todo o sentido porque, como dicía, esas ensinanzas non regradas eran de 5 anos e agora temos un ciclo de 3.

LPA: E, estas problemáticas non se previron cando se iniciou o proceso de homologación por parte das Administracións?

DPA: Eu son director aquí dende o 1 de setembro e é cando descubro que non existe esta figura de profesor singular de cantería e doume conta do problema que isto supón. Un problema que este ano resolvemos desta maneira transitoria, como apoio do profesorado e este agradáceo. Pero, realmente, debe ser doutra maneira para que non se extinga, porque isto é o que pode pasar.

LPA: Iso sería unha gran perda...

DAP: Sen dúbida. Esta formación ten unha saída laboral enorme. Hai máis demanda de profesionais que a oferta que nós podemos plantar no mercado. Por outra banda, o que suporía a perda de recoñecemento que xa tiñan os canteiros de Poio a nivel mundial, traballando en Washington, no Capitolio, na Sagrada Familia, en Nôtre-Dame. Hai traballo tanto da parte escultórica coma da parte de cantería. Hai traballo dabondo. O problema que podemos ver a, a longo prazo, é se esta figura do canteiro non se reconduce por algún lado.

LPA: De onde xorde a iniciativa desta transformación a formación regrada, das administracións ou do mundo da cantería?

DAP: Das administracións, pero eu, que son de Pontevedra de toda a vida, sempre escoitei a reclamación da Escola de Canteiros de Poio que quería unha titulación oficial.

LPA: Claro, é que parece o desexable. O tema é que habería que ir limando estes problemas.

DPA: Si. A parte legal téñoa clara, agora, o que estou intentando investigar, porque non hai moitas escolas deste tipo nin en España nin en Europa, é a ver se atopo algunha referencia, fóra do que hai establecido para resolver estes problemas, porque aquí hai uns impedimentos legais que son absolutamente insuperables. Aparte desta cuestión legal de profesor titular ou non, o que máis me preocupa é que se perda. A esta xente hai que darlle un encaixe legal para que non se perda esta formación. Eu, que coñezo da Escola de Canteiros porque son de Pontevedra de toda a vida, daríame pena que algo así se perdese.

LPA: Claro... E falando da demanda. Antes, comentabamos sobre as saídas profesionais pero, existe interese por parte do estudantado para formarse nesta profesión? Como vai a matrícula?

DAP: Este ano foi o primeiro que se lanzou este ciclo e é o que máis matrícula ten (temos 3 máis). Hai 16 estudantes cursándoo. Considero que é unha matrícula alta para ser un ciclo absolutamente descoñecido e que só existe por agora o primeiro curso.

LPA: Hai mulleres?, porque a cantería, tradicionalmente, sempre se viu como un oficio de homes.

DAP: No plan vello, de formación non regrada, que rematan este ano, hai catro rapazas. Hai unha que é boísima... E no ciclo novo, hai 2.

LPA: 2 de 16? E vinculadas á escultura, máis que á cantería de obra?

DAP: Si, *clarísimamente*.

LPA: Consideran temas de innovación na formación? Por exemplo, coas novas tecnoloxías, a manipulación da pedra pode non ser a mesma como cando se facía manualmente. Estase entrando nestes procesos?

DAP: Eu cando cheguei preguntei: Isto que facedes en pedra non hai unha máquina que o poida facer?. Porque era a miña inqueda, pero non hai. Corte robotizado que sexa recto si, pero non hai algo que o desenvolva de xeito tan perfecto como o feito á man con tecnoloxías 3D e non é nada sinxelo. Polo de agora os acabados que fan manualmente, non hai ningunha máquina que o faga.

LPA: E innovacións en temas de sustentabilidade, tan necesarias na actualidade?

DAP: Hai un módulo de unha hora de duración, que non é moito, de sustentabilidade ligada ao sistema produtivo, pero o que si que estamos a intentar é co tratamento dos restos de pedra. Coa Asociación de Minería de Galicia estamos buscando unha fórmula para reciclar todos estes restos de corte de pedra que non serven para traballar porque son anacos moi pequenos, finos. Son moi poucas as empresas que os recollan para despois reutilizalo. Non é como a reciclaxe do papel ou outro produto.

LPA: En que o reutilizan?

DAP: Fan *gravilla* para darlle outra vida. O desperdicio é moito e moi voluminoso. Hai que buscar solucións. Estamos traballando nestes temas.

LPA: A colaboración directa co sector produtivo, con talleres e empresas, como se artella?

DAP: Ademais do que comentamos sobre a incorporación de expertos do sector produtivo na formación, a conexión do sector produtivo cos ciclos formativos xa ven de hai anos. É unha colaboración intensa porque integra ao alumnado a facer as prácticas en empresas ao rematar o segundo curso. Agora, coa nova lei de FP, os ciclos transfórmanse todos en dual. Isto sucédenos aquí nos dous ciclos que temos en dual, este de pedra non, o ciclo de construción e o ciclo superior de proxectos de edificación. A Consellería asina convenios de colaboración con empresas privadas para que, a partir de abril, estes alumnos van a traballar á empresa, é dicir, están aquí dende setembro a finais de marzo e dende abril ata finais de xullo van a traballar á empresa cobrando unha bolsa de 650€ con alta na Seguridade Social. Non cotizan para a prestación por desemprego, pero, van traballar en empresas do sector que lles fan unha entrevista previa para seleccionalos. Neste caso falamos de 6 ou 7 construtoras grandes.

Esta conexión co sector produtivo a verdade é que é fantástica. De feito, este ano batéronse récords de matrícula en Formación Profesional, porque a saída laboral é inmediata e as prácticas están absolutamente integradas coa Formación Dual Intensiva. Ca alta demanda que hai de persoal técnico, tanto de técnico medio coma de técnico superior, as empresas xa os reciben coa formación teórica e práctica dos centros e complétana alí.

—
Rematamos a conversa reiterando a necesidade de recuperar unha docencia máis apegada ao oficio na formación das/os canteiras/os para manter a calidade do oficio e garantir a súa supervivencia.



Cristina Molares Gómez

Artesá vidreira (Vidrieras Cosmo, Vigo)

[31/10/2024]

Cristina Molares está á fronte, na actualidade, do taller Vidrieras Cosmo, en Vigo. É este un dos poucos casos de relevo xeracional familiar nos oficios artesanais en Galicia. Cursou o grao de Proxectos e Dirección de Obras de decoración na Aula D de Vigo e, logo de ter traballado como deseñadora de interiores, decide coller as rendas do taller fundado polo seu pai, Antonio Molares, e o seu socio Manuel Costas. Ambos traballaran e se formaron na sección de “decorado de vidreiras” da cristalería La Belga ata o seu peche.

Cristina aprendeu o oficio desde pequena e realiza vidreiras coas técnicas tradicionais de gravado ao forno con perfil, muflas e grisallas. Tamén puxo en marcha a marca Anacos de Cores. Loita porque este oficio non se perda en Galicia.

O taller está rexistrado baixo a marca Artesanía de Galicia da Fundación Pública de Artesanía de Galicia, forma parte do inventario da Red Española de Maestros de la Construcción Tradicional e a artesá é membro de ARCOVE, a Asociación para a Restauración-Conservación de Vidrieiras en España.

A conversa ten lugar de forma telemática, o xoves 31 de outubro do 2024.

Luz Paz Agras: O oficio da vidrería non é moi coñecido, de feito, hai moi poucos vidreiros e case ningunha vidreira en Galicia. Vostede comenta que un dos seus obxectivos é que o oficio non se perda.

Cristina Molares Gómez: Si, realmente, é un oficio pouco coñecido. É raro que te atopes con alguén que sexa vidreiro ou vidreira. Na miña experiencia, por exemplo, nunha restauración dun edificio emblemático que conta cunha axuda económica para restauralo, se ten unha vidreira ou un lucernario de vidreira histórica, non se considera nos orzamentos nin facerlle un pequeno mantemento. Entón, confirmo que é a gran esquecida. Igual no último momento se lembran de que hai que facerlle unha limpeza, pero con isto non chega. Hai que ver, por exemplo, que restauracións ten feitas e se estas están ben. A vidreira require un mínimo mantemento porque, antigamente, se colocaba, por exemplo, con marcos de ferro. O ferro, co paso dos anos, incha, deforma a vidreira e precisa ser retocada, cambiar os marcos, etc. É algo que as institucións, sobre todo aquí en Galicia, non valoran.

←

Traballo de
Cristina Molares.
Fonte: Cristina
Molares.

LPA: Noutros sitios, sen embargo, teñen mellor consideración?

CMG: Por exemplo, en Cataluña. Conservan un gran patrimonio vidreiro e si que se paran a facer estudos das vidreiras que hai nos grandes edificios. Aquí en Galicia, hai moita vidreira que veu de fóra e xa, no 1920, comeza a primeira empresa aquí. Hai moita vidreira en edificios históricos pero non se coñece.

LPA: O voso traballo está moi ligado á restauración, pero facedes vidreiras para a obra nova?

CMG: Hai algunha xente que quere unha vidreira. Hai pouco, por exemplo, estiven na Coruña cunha persoa que quere facer un lucernario na súa casa. En xeral, na obra nova pública xa non se contempla. Son edificios de estrutura máis limpa, nos que o vidro é máis limpo, con fachadas transparentes, ... entón, é difícil situar aí unha vidreira. Ademais, creo que existen os grandes amantes da vidreira e aos que non lle gusta nada, que o ven como algo antigo, vinculado á relixión, ás igrexas, ... E, realmente, non é así.

LPA: O seu caso é un dos poucos en Galicia, a día de hoxe, que chega ao oficio por relevo xeracional, collendo o taller do seu pai, e garantindo a transmisión do coñecemento. Non é habitual hoxe en día. Como é a súa experiencia?

CMG: A min gustábame o deseño e estudei Deseño de Interiores e estiven traballando nun estudo ata fai dous anos. Sempre estiven moi ligada ao taller porque o tiña debaixo da casa, pódese dicir que crecín no taller. Polas tardes, ao saír da clase, sempre estaba aquí metida, axudando onde me deixaban, facendo vidreiras para min, pequeniñas, ... E tomei a decisión durante a pandemia. Nos últimos anos, que eu traballaba fóra, non tiña tempo para estar aquí, pero, durante a Pandemia, volví a pasar máis tempo axudándolle a meu pai e dinme conta de que me gustaba moito máis pasar horas traballando no taller que facendo outro traballo. Foi unha decisión difícil porque tiña un traballo fixo, era empregada, e tiña unha liberdade que sendo autónoma é máis complicada. Para tomar a decisión, o máis difícil era precisamente pensar en ser autónoma, porque non é doado. Ao final, animoume o feito de que eu tiña o taller montado.

LPA: Para alguén que queira comezar de cero, entendo que é moi difícil.

CMG: Non é doado por en marcha todo o que se precisa e, ademais, non hai escola para que che ensine, soamente en León¹. Eu dixen “téño todo de man, teño ferramentas, teño os materiais e gústame o traballo”. Aínda que durante a pandemia houbo moito parón de traballo, o que me fixo dubidar, pero tomei a decisión de coller o relevo cando meu pai se xubilou.

LPA: O voso taller forma parte do inventario de oficios de *Maestros Artesanos que recompila a Fundación Culturas Constructivas Tradicionais*, o que recoñece a súa valía e o axuda a situar no panorama nacional. É algo realmente importante, non?

1 Escuela de Arte y Superior de Conservación y Restauración de Bienes Culturales de León.
<https://www.escueladearteleon.com/oferta-educativa/cfgs-vidriera-art%C3%ADstica/> (Consulta: 01/11/2024).

CMG: Si, penso que é un bo recurso para arquitectos, deseñadores ou alguén que teña que facer un traballo de restauración. Paréceme que son importantes. O certo é que, a día de hoxe, ningún cliente chegou a nós mediante eses inventarios, de momento..., pero hai moi pouco tempo que estamos aí. Fixen eu os trámites. O meu pai, non lle daba importancia a aparecer nas redes pero a min si que me parece relevante. Como o feito de darnos de alta en Artesanía de Galicia. Por exemplo, grazas a estar en aquí, contactaron con nós uns rapaces que facían un documental sobre oficios perdidos do *National Geographic*.

LPA: De feito, sodes uns dos poucos vinculados ao mundo da arquitectura, que estades no rexistro de Artesanía de Galicia...

CMG: A min paréceme interesante para a xente que busque información e poda atoparnos. Penso que que se fale de vidreiras sempre é ben, aínda que sexa para dicir que o oficio se está perdendo. Polo menos, dáse a coñecer o que problema.

LPA: A orixe do voso taller provén de ter traballado o teu pai e o seu socio, anteriormente, na empresa Cristalería La Belga. As técnicas que empregades no taller son herdadas desa experiencia, ou eran máis industrializadas e as achegades máis ao traballo artesanal?

CMG: As técnicas son exactamente as mesmas, non se cambiou nada. O único é que antigamente se traballaba cun forno de butano e pasouse a un forno eléctrico. Pero as técnicas son as mesmas, de feito, son coma no medievo, é dicir, as mesturas que se fan cos óxidos metálicos son os mesmos. Hai diferencias, como que agora eu non teño que triturar ningún, ou facer as mesturas cos fundentes, senón que xa as compro, as mesturas as grisallas. A única técnica que cambiou un pouco é que, hai uns vidros especiais que se chaman os vidros *plaqué*, que teñen dúas capas, unha branca e outra vermella, e antes se traballaba, para quitar unha das capas e facer unhas técnicas de debuxo, con papel de chumbo e betume de Xudea. A día de hoxe, xa non, traballamos con un vinilo en vez de papel de chumbo, pero o ácido que utilizamos é o mesmo de antes.

LPA: Falando desta transmisión de coñecemento a partir da práctica, da propia experiencia, no seu caso, aprendeu xa co seu pai. Desde o punto de vista de alguén que ten un taller, como vería o de incorporar aprendices para que vaian aprendendo o oficio?

CMG: A demanda de traballo vai por épocas. Hai meses que si que teño que estar a facer aquí dez ou doce horas diarias, outros dedícanse máis á plastificación de debuxos antigos, á orde no taller, á clasificación de arquivo, ... pero penso que a figura do aprendiz é importante. O que pasa con este oficio, o de vidreiro, é difícil de assimilar, porque son moitos procesos os que hai que aprender e levan bastante tempo. Entón, formar a alguén para traballar, é difícil. Eu, se quixera ensinar a alguén, tería que pagarlle o salario mínimo pero non me resolvería moitos dos traballos, porque é algo que lle teño que empezar a amosar desde cero. Non é coma outro traballo, como o que vai traballar a unha cadea, que máis ou menos en dúas horas xa sabe o que hai que facer e o fai ben, pero, neste oficio, ao mellor leva un ano prepararse. Eu aquí levo aprendendo desde pequena. E se penso noutros talleres de vidreiros cos que teño relación doutros sitios de España, case todos, se manteñen por relevo xeracional familiar.

LPA: Habería que contar con algunha axuda específica, quizais, para este tema.

CMG: Se a Xunta de Galicia sacara axudas aos oficios e, por exemplo, e durante un ano costease os gastos ou o tempo dese rapaz como aprendiz, unha vez que estea formado, o podería contratar. Isto non existe agora.

LPA: Asimilar os traballos artesanais coas dinámicas industriais, por exemplo, a efectos de contratación é complicado, porque teñen as súas singularidades.

CMG: Si, meu pai si que tivo empregados cando foi o *boom* da vidrería, nos anos 80, 90, ... Nese momento, neste taller, eran dous socios e chegaron a ser tres empregados máis, porque había moita demanda de traballo. Hoxe en día, o traballo é irregular e manter os soldos, a seguridade social, etc., é complicado.

LPA: No seu oficio, co tema da sustentabilidade, que hoxe en día é imprescindible telo en conta, están traballando en medidas específicas neste senso?

CMG: Non hai ningunha liña particular. Nós, o que facemos, é intentar reciclar todo o posible. Xa se facía na empresa na que traballaba meu pai e aquí sempre se fixo. Por exemplo, cos recortes de vidro, cando os hai que cortar para un debuxo, as *plantillas*, sempre se xeran residuos. Eu, por exemplo, a diferenza de meu pai que o tiraba para reciclar, si que intento recuperar material traballando en pequenos formatos para a xoiería, en pezas de vidro. Intento reciclalo dalgún outro xeito, facendo *mini-vidreiras* para colgar, reutilízalo en xoiería. Por outra parte, os restantes do chumbo sempre se fundiron para facer novas barras. Entón, o desperdicio é pouco pero este é un material tóxico. Precisamente, a normativa pola que agora os vidreiros estamos en perigo de desaparición é o uso do chumbo, xa que se quere prohibir pola toxicidade. O problema é que se se nolo quitan, a profesión desaparece por completo.

LPA: Non hai un substituto, un equivalente.

CMG: Non. Na época dos 90 comezou a moda das vidreiras con perfís de aluminio, pero non foi moi adiante...

LPA: Claro, é que os resultados son outros, non?

CMG: Non se pode facer exactamente o mesmo.

LPA: Vostede é unha das poucas mulleres que, a día de hoxe, en Galicia, se dedica a un oficio artesán vencellado á construción e a arquitectura. Na actualidade, resulta estraña esta clara ausencia de mulleres nestes oficios. Como o ve vostede?

CMG: Unha das preguntas que lle fixen a meu pai cando estaba para tomar a decisión, xa sabendo que quería dedicarme a isto, foi: “como muller, pensas que vou ter algún problema á hora de, por exemplo, ir instalar unha vidreira?”. Ao final, eu, o que vivín, foi que os que traballaron neste taller sempre foron homes. Nunca vin a unha muller. Todos eran vidreiros. Logo, o certo é que o traballo o pode facer unha muller sen problema. Ás veces, precísase axuda, pero pode ser mesmamente doutra muller para mover un panel, por exemplo. Temos na cabeza esa dúbida, ás veces, pero é de todo viable.

LPA: Sen embargo, sodes moi poucas...

CMG: De feito, aquí, en Galicia, había unha muller da xeración de meu pai que facía vidreiras. Penso que era da zona de Ourense e que está xubilada. Logo, fóra de aquí, si que hai mulleres vidreiras. Véxoo na Asociación de Restauradores e Conservadores Vidreiros España (ARCOVE) de España, da que formo parte. Sobre todo, son mulleres que estudaron Conservación e Restauración e que logo marcharon fóra de España a especializarse en vidreiras.

LPA: Porque aquí non hai formación especializada? E, noutros países, hai referentes de formación na vidrería?

CMG: Xa hai tempo, había unha especialización en vidrería para restauradores, conservadores e xente que estudaba Historia da Arte, penso que en Bélxica. En York, tamén había, non sei se segue vixente ou esta tamén desapareceu... Dentro de España, para aprender o oficio de vidreiro, queda a Escola de Arte de León, na que se imparte un ciclo medio e un ciclo superior. Un trata a parte técnica de como *emplomar* unha vidreira, como cortar e debuxar, e logo, a parte de pintura sobre o vidro, que son as técnicas de grisallas, coccións ao forno, amarelo de prata... En Galicia, non hai ningún sitio onde aprender.

LPA: Desde a súa perspectiva actual, como ve o futuro do oficio? Ser vidreira hoxe parece un exercicio de resiliencia, de aposta persoal... é optimista?

CMG: Se fago comparativas de cando meu pai traballaba, alá polos anos 90, o 70 ou 80% do traballo era para facer vidreira nova e, sobre un 30%, restauración. Daquela había cinco persoas no taller. A día de hoxe, cambiou completamente, o 70-80% é restauración e o resto, vidreira nova e estou eu soa no taller. Penso que o traballo que nos queda aos futuros vidreiros, a non ser que se poña de moda, que non o descarto, porque as modas se reciclan, pode volver o gusto polo Modernismo coas súas formas e cores ..., pero a maior parte do traballo vai ser a restauración. É moi importante pensar no mantemento do patrimonio histórico vidreiro que hai en Galicia, que parece que non, pero hai moito. Por desgracia, a vidreira é a gran esquecida. Recíbense subvencións para restaurar edificios pero as vidreiras non soen estar nos orzamentos. É a diferenza que vexo entre Galicia e outras comunidades. En León, no País Vasco ou en Cataluña, unha vidreira en mal estado estaría arranxada hai moitos anos e non se esperaría a que estea totalmente estragada.

LPA: Noutros lugares estase e facer vidreiras ou pasa o mesmo que aquí?

CMG: En Francia e Italia faise moita vidreira en decoración. Teño a esperanza de que esta tendencia chegue aquí. Pero, agora, a vidreira estase desvinculando da arquitectura e o futuro pasa por ser un obxecto decorativo, independente da arquitectura. Nos Estados Unidos, por exemplo, vin que hai moita venda de pequeno formato da técnica Tiffany, con cinta de cobre, polo que eu comecei a ir a mercados artesanais levando esas pequenas vidreiras para amosalas, e parece que á xente lle alegra. Sorpréndeme que me pregunten se se fan vidreiras grandes aquí en Galicia. A miña aspiración é que as coñeza un público máis novo.

LPA: E vostede recibe encargos para executar deseños xa feitos nun proxecto de arquitectura, por exemplo, ou prefire deseñalas desde un inicio?

CMG: A verdade é que me é indiferente. Gústame crear pero, aínda que non me chegue o deseño, prefiro que me dean referencias do que queren. Pásame ás veces que fago dous ou tres bosqueños para ensinalle a un cliente. Coméntoos co meu pai e coincidimos no que nos parece mellor pero logo, non acostuma a ser o mesmo que elixe o cliente... porque igual ten algunha preferencia que veu por internet...

LPA: Os oficios artesáns precisan ter unha gran dedicación e, en moitos casos, fúndese o traballo e a vida persoal. Considera que esta profesión permite a conciliación?

CMG: A verdade é que é unha profesión que non é dura. É doado conciliar coma noutros traballos... tendo en conta o difícil que é conciliar hoxe en día, non? Pero non o vexo como un problema especial. Unha dedícase ás vidreiras porque lle gusta, non é coma noutros traballos, e, ao final, pasas máis tempo do que pensas, porque eu, ás veces, non sei nin que hora é. Son traballos nos que hai que estar sempre moi presente, con moita man de obra, son moitas horas traballando sobre un mesmo vidro... O certo é que non son oficios nos que facerse rico ... pero, ao final, lle dedicas moitas horas porque o desfrutas.

LPA: Se puidese pedir algo que cre que podería mellorar a situación dos oficios artesáns, que diría?

CMG: Que se valore o oficio e non se perda o traballo de vidreiro. Penso que sería importante incluír as vidreiras como Patrimonio, porque hai edificios catalogados nos que non se inclúen estas pezas no conxunto arquitectónico...

LPA: En moitos casos pode ser tamén por descoñecemento do valor desa vidreira...

CMG: Si, o problema é que non se valora. Eu vexo o traballo das vidreiras antigas e penso que son verdadeiras obras de arte, a diferenza é que non se lles da este valor porque estamos acostumados a velas, ao mellor, a vinte metros de distancia nunha catedral. Se puidésemos ver esa vidreira a unha distancia de dous metros si que se vería o traballo que hai e se valoraría, tamén os procesos que son necesarios, hai que facer un debuxo a *carbonciño* a tamaño real, logo, pasalo a vidro, ... Non se lle da o mesmo valor que a un cadro. Se o que se está deteriorando é unha pintura, si que se considera que se perde algo importante e póñense medios, pero unha vidreira case nunca ten esa consideración.

LPA: E como pensa que se podería facerse ver?

CMG: Se estivesen consideradas Patrimonio, porque en España temos vidreiras desde o século XVI ou XVII que son verdadeiras obras de arte. E logo, algo moi importante, é que se lles faga un pequeno mantemento. Precisaríano cada trinta anos, polo menos.

LPA: E algún tipo de axuda económica, en concreto, que consideraría necesaria?

CMG: O que falabamos antes da posibilidade de incorporar aprendices e que non supoñan un gasto moi alto para o taller. Eu, por exemplo, non tería problema se me chaman dunha escola para ter a alguén en prácticas. Pero, sen axudas, o feito de contratar prodúceme un pouco de intranquilidade, porque durante tempo non me vai poder resolver traballo, mentres se esté formando.

LPA: E algo específico do seu oficio?

CMG: Eu penso que o problema no caso dos vidreiros, e polo que loita moito ARCOVE é que non hai unha especialización de restauradores especializados en vidreiras. As rapazas e rapaces que saen de estudar Restauración e que queren especializarse en vidreiras, non teñen onde ir. En España, só a León, a cursar o ciclo medio ou superior, pero o lóxico sería que houbera un grao ou un mestrado en vidreiras. Outra opción, podería ser que se crease unha escola de vidreiros (como se fixo a escola de Canteiros en Poio) ou se incluíse este oficio nun centro como unha escola de Artes e oficios (EMAO) onde, ademais doutros oficios que xa hai, se ensinase o de vidriera/o. Eu, actualmente, traballo moito para as empresas de restauración, porque, normalmente, os restauradores están enfocados á madeira, aos retablos e ás pinturas, pero non ás vidreiras. Logo, non sei se pasa noutros casos tamén, pero como, antigamente, os oficios se transmitían de pais a fillos, non se quería que ninguén que non fose da familia entrase a traballar contigo porque ía saber os segredos da profesión, as mesturas, os trucos, ... Eu penso que hoxe en día iso non ten importancia pero leveime unha sorpresa cando, nunha reunión de vidreiros, con persoas da xeración de meu pai, aínda seguían con ese segredismo.

LPA: Como os antigos gremios... que interesante isto que nos conta! Como todas estas impresións a partir da súa experiencia.

Pechamos a entrevista falando de como desde moi cativa, Cristina medrou no taller do seu pai, e se foi facendo vidreira desde a infancia. A seu compromiso co oficio vai máis alá do entendelo como un traballo e reivindica a súa pervivencia como un patrimonio vivo.

